



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 257
17 de xaneiro de 2022



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

I 26686 (11/POC-004486)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o contrato de xestión das contas de consignación e depósitos da Administración de xustiza

[97706](#)

I 26687 (11/POC-004487)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa discriminación que sofren as xogadoras do Hóckey Club Liceo e outras situacións semellantes

[97709](#)

I 26688 (11/POC-004488)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o recoñecemento do dereito do persoal ao servizo da Administración de xustiza ás percepcións por traxectoria profesional

[97712](#)

I 26689 (11/POC-004489)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a necesidade de incremento do persoal na Administración de xustiza

[97716](#)

I 26691 (11/POC-004490)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o cumprimento do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015

[97719](#)

I 26693 (11/POC-004491)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a convocatoria e a resolución de axudas aos concellos en réxime de concorrencia non competitiva para actuacións de correccións de impactos paisaxísticos

[97722](#)

I 26704 (11/POC-004492)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



González Iglesias, María do Carme e 3 máis

Sobre a crítica situación que atravesa o estaleiro Barreras e o perigo de desmantelamento da empresa

[97726](#)**I 26705 (11/POC-004493)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 3 máis

Sobre a necesidade de axilizar os procedementos necesarios para reiniciar a actividade naval nas instalacións do antigo estaleiro Vulcano

[97730](#)**I 26707 (11/POC-004494)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre a adopción de medidas sociais de compensación para as persoas do sector galego da automoción

[97734](#)**I 26708 (11/POC-004495)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre a situación e o futuro do sector da automoción en Vigo e Galicia

[97738](#)**I 26710 (11/POC-004496)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre os prazos das subvencións ás federacións e asociacións de comerciantes

[97743](#)**I 26711 (11/POC-004497)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre a concesión de subvencións a empresas do sector da automoción

[97747](#)**I 26712 (11/POC-004498)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre a situación do sector comercial galego e as medidas necesarias para a súa reactivación

[97750](#)**I 26716 (11/POC-004499)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre a situación do estaleiro Barreras, de Vigo

[97754](#)**I 26718 (11/POC-004500)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre a implantación dunha plataforma de venda *online* galega

[97758](#)

I 26720 (11/POC-004501)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre a constitución dunha mesa galega da automoción

[97761](#)

I 26734 (11/POC-004502)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do sistema de financiamento do Sistema universitario de Galicia

[97765](#)

I 26736 (11/POC-004503)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre as liñas de traballo para impulsar e consolidar a investigación científica e universitaria en Galicia

[97768](#)

I 26737 (11/POC-004504)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre o traballo realizado para a defensa do sector pesqueiro galego ante a incidencia do *Brexit*

[97770](#)

I 26738 (11/POC-004505)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre o traballo realizado para a defensa do sector pesqueiro galego ante a incidencia do *Brexit*

[97778](#)

I 26739 (11/POC-004506)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia nos últimos cinco anos para proceder á retirada das gaiolas de cría de salmón que aínda permanecen na ría de Muros e Noia

[97784](#)

I 26740 (11/POC-004507)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para frear o descenso e recuperar a produción marisqueira da ría de Arousa

[97787](#)

I 26741 (11/POC-004508)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da implantación do sistema de etiquetaxe Nutriscore

[97792](#)

I 26742 (11/POC-004509)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as medidas tomadas pola Consellería do Mar respecto dos informes do Centro de Investigacións Mariñas en relación coas especies depredadoras dos recursos dos bancos do litoral e das rías

[97797](#)**I 26743 (11/POC-004510)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e Pérez Fernández, Rosana

Sobre o mantemento de servizos no Instituto Social da Mariña de Corcubión

[97800](#)**I 26748 (11/POC-004511)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a seguridade no porto de Malpica

[97803](#)**I 26760 (11/POC-004512)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as razóns que explican o cesamento prematuro do presidente da Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao

[97807](#)**I 26761 (11/POC-004513)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que levou e vai levar a Xunta de Galicia para evitar que a frota pesqueira galega se vexa afectada pola previsible eliminación de exencións fiscais e polo incremento do prezo do combustible

[97810](#)**I 26762 (11/POC-004514)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a oferta formativa para a obtención dos certificados obrigatorios exixidos ás persoas traballadoras do mar

[97814](#)**I 26763 (11/POC-004515)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre os beneficios que reporta para a dixitalización do sector primario a aplicación Fortra

[97819](#)**I 26766 (11/POC-004516)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 7 máis

Sobre os instrumentos que ten previsto desenvolver a Xunta de Galicia para reforzar o modelo de innovación aberta que se está a impulsar desde hai algúns anos

[97822](#)**I 26768 (11/POC-004517)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para rematar coa imposibilidade de emancipación da mocidade galega [97824](#)

I 26774 (11/POC-004518)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a cantidade de accións na investigación, o desenvolvemento e a innovación no sector marítimo-pesqueiro que desenvolveu o Centro Tecnolóxico do Mar desde a súa creación [97828](#)

I 26776 (11/POC-004519)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento de produtos pesqueiros e da acuicultura total destinado en 2021 polo Goberno galego ás empresas de transformación polas perdas de ingresos provocadas pola covid-19 [97831](#)

I 26778 (11/POC-004520)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre orzamento total destinado aos novos proxectos dos grupos de acción local do sector pesqueiro [97834](#)

I 26780 (11/POC-004521)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as actividades desenvolvidas en 2021 do proxecto Pasaporte REMA (Rede de espazos museísticos atlánticos) [97837](#)

I 26782 (11/POC-004522)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento para 2021 que Portos de Galicia destinou ao Plan de renovación de elementos de seguridade das dársenas [97839](#)

I 26784 (11/POC-004523)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento das axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para tripulantes de buques pesqueiros para o ano 2022 e o balance que fai o Goberno galego respecto do desenvolvemento desta orde dende o ano 2016 [97841](#)

I 26786 (11/POC-004524)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as accións postas en marcha para iniciar o desenvolvemento do Plan da cultura marítima de Galicia [97844](#)



I 26788 (11/POC-004525)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre as dificultades que está a encontrar Galicia na execución do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca [97847](#)

I 26790 (11/POC-004526)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre o orzamento total destinado aos proxectos colectivos que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña [97850](#)

I 26792 (11/POC-004527)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre o balance que fai o Goberno galego do resultado do acordo co Reino Unido e do Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea no que se negociaron as posibilidades de captura para 2022 [97853](#)

I 26795 (11/POC-004528)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da retirada dos materiais que obstrúen a libre circulación das augas do río Tambre no seu curso polas parroquias de Buazo, no concello de Boimorto, e de Boado, no concello de Mesía [97855](#)

I 26796 (11/POC-004529)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre os avances levados a cabo polo Goberno galego no impulso ao proxecto do Hub Audiovisual da Industria Cultural [97857](#)

I 26801 (11/POC-004530)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as medidas que adoptou o Goberno galego para garantir o abastecemento de auga nos concellos de Ames e Santiago de Compostela ante a vertedura de xurro no río Tambre [97859](#)

I 26805 (11/POC-004531)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre os avances na elaboración do plan de dinamización lectora de Galicia por parte da Xunta de Galicia [97862](#)

I 26807 (11/POC-004532)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre os avances realizados pola Xunta de Galicia no ámbito da Estratexia da cultura galega [97864](#)



I 26813 (11/POC-004533)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre o balance do Goberno galego respecto do funcionamento da Cidade da Cultura de Galicia

[97866](#)**I 26819 (11/POC-004534)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e 5 máis**

Sobre as medidas necesarias para garantir o transporte público por estrada no traxecto Lugo-Ourense, que se viu reducido nos últimos tempos

[97868](#)**I 26820 (11/POC-004535)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre as implicacións da Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia

[97873](#)**I 26822 (11/POC-004536)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e 7 máis**

Sobre a valoración por parte do Goberno galego do proceso de restitución ao patrimonio público do pazo de Meirás

[97875](#)**I 26827 (11/POC-004537)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis**

Sobre o pechamento da oficina de Abanca no barrio de San Valentín, no concello de Fene

[97877](#)**I 26828 (11/POC-004538)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis**

Sobre o pechamento da oficina de Abanca no concello de Monfero

[97880](#)**I 26829 (11/POC-004539)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonzo, Ramón e 2 máis**

Sobre a reclamación de Reganosa contra o Concello de Mugardos polo pagamento do imposto de actividades económicas

[97883](#)**I 26830 (11/POC-004540)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co arranxo completo da estrada autonómica LU-636

[97886](#)**I 26831 (11/POC-004541)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Aira Díaz, María del Carmen e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a seguridade viaria das vías CG-2.2 e CG-2.1 e a creación de pasos ecolóxicos para o desprazamento da fauna salvaxe [97889](#)

I 26832 (11/POC-004542)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a falta de auga potable e de saneamento nas parroquias do concello de Pantón e noutras zonas do rural galego [97892](#)

I 26833 (11/POC-004543)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o mantemento e a conservación da estrada LU-611 entre o concello de Bóveda, o do Saviñao e o de Taboada [97895](#)

I 26847 (11/POC-004544)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a urxencia de tomar medidas para salvar a atención primaria [97898](#)

I 26848 (11/POC-004545)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a construción dunha escada de peixes no río Deza [97902](#)

I 26849 (11/POC-004546)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas previstas para evitar o desafiuamento de familias de vivendas en mans da Sareb no concello de Silleda [97905](#)

I 26850 (11/POC-004547)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas previstas para solucionar as verteduras ao río Asneiro procedentes da depuradora de Botos [97909](#)

I 26851 (11/POC-004548)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Ríos Santomé, Paulo

Sobre a axilización á integración dos concellos de Silleda e Lalín na área de transporte metropolitano de Santiago [97912](#)

I 26852 (11/POC-004549)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as graves afectacións do trazado da autovía AG-59

[97916](#)

I 26853 (11/POC-004550)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a demora na aprobación dos plans xerais de ordenación municipal dos concellos de Silleda, Vila de Cruces e Agolada

[97920](#)

I 26854 (11/POC-004551)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a necesidade de realizar actuacións para que o Alvia Vigo-Madrid pare en Vilagarcía de Arousa

[97923](#)

I 26856 (11/POC-004552)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas que se van tomar ante a presenza cada vez maior do visón americano en augas do río Sil

[97926](#)

I 26857 (11/POC-004553)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a valoración da Xunta de Galicia da actividade mineira en San Fins, en Lousame, e do cumprimento por parte das instalacións de toda a normativa vixente que a atinxe

[97930](#)

I 26858 (11/POC-004554)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o incumprimento do caudal ecolóxico do río Verdugo na ponte do Inferno

[97937](#)

I 26859 (11/POC-004555)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre o acceso da mocidade galega a unha vivenda digna en réxime de alugueiro

[97940](#)

I 26860 (11/POC-004556)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre as medidas que se van tomar para reverter a situación de fuga de talento e emigración forzosa que sofre a mocidade galega

[97944](#)

I 26861 (11/POC-004557)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis



Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia respecto dos proxectos eólicos que están previstos nas comarcas da Barbanza e de Muros e Noia [97948](#)

I 26862 (11/POC-004558)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións de Augas de Galicia respecto da realización das actuacións necesarias para a limpeza e o mantemento dos ríos da Mina e Pesqueira, no concello de Lousame [97954](#)

I 26863 (11/POC-004559)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para exixir á empresa San Finx, en Lousame, a execución das medidas de prevención e reparación dos danos ambientais e a regularización da explotación [97957](#)

I 26864 (11/POC-004560)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das actuacións de mellora e do incremento da seguridade viaria nas estradas autonómicas AC-550 e AC-196 ao seu paso polos concellos de Outes e Noia [97965](#)

I 26865 (11/POC-004561)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do cumprimento da lexislación vixente relativa á retirada de amianto, nomeadamente das tubaxes de fibrocemento na praia da Barquiña, no concello de Noia [97970](#)

I 26866 (11/POC-004562)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre os motivos da non-adopción por parte da Xunta de Galicia dunha resolución sobre o procedemento de autorización de verteduras producidas polo Grupo Mineiro San Finx [97974](#)

I 26867 (11/POC-004563)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das axudas económicas en relación coas persoas propietarias dentro da zona protexida do Parque Natural de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán para promover actividades respectuosas co medio natural [97984](#)

I 26868 (11/POC-004564)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a necesidade dunha nova planificación escolar en Culleredo [97990](#)



I 26870 (11/POC-004565)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a demanda de actuacións en materia de seguridade viaria na parroquia de Dorneda, no concello de Oleiros [97993](#)

I 26875 (11/POC-004566)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Freire Vázquez, María Begoña e 6 máis**

Sobre a valoración por parte do Goberno galego do anteproxecto da futura lei de vivenda [97996](#)

I 26878 (11/POC-004567)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Freire Vázquez, María Begoña e 8 máis**

Sobre as principais características do proxecto de urbanización para acometer a ampliación de San Paio de Navia e ampliar a oferta de vivenda protexida na cidade de Vigo [97998](#)

I 26885 (11/POC-004568)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria**

Sobre o sistema de rastrexo de persoas positivas pola covid-19 e os seus contactos [98001](#)

I 26891 (11/POC-004569)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre a realización da transposición da Directiva (UE) 2019/1834 da Comisión ao ordenamento xurídico e as actuacións do Goberno galego tendentes á súa consecución [98005](#)

I 26892 (11/POC-004570)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre a finalidade das axudas para investimentos en pequenas e medianas industrias de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura e o orzamento destinado para o ano 2022 [98008](#)

I 26896 (11/POC-004571)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 2 máis**

Sobre as modificacións á Lei de montes veciñais en man común incluídas na Lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña os orzamentos do ano 2022 [98011](#)

I 26897 (11/POC-004572)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 2 máis**

Sobre a protección da propiedade colectiva das comunidades de montes veciñais en man común no dominio marítimo-terrestre [98016](#)



I 26899 (11/POC-004573)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 2 máis**

Sobre a inestabilidade laboral dentro do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia [98021](#)

I 26901 (11/POC-004574)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 2 máis**

Sobre a recuperación das zonas queimadas nos lumes de Ribas de Sil e Quiroga [98025](#)

I 26903 (11/POC-004575)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 2 máis**

Sobre a desestabilización dos lumes e a necesidade dun servizo de prevención e defensa contra incendios forestais único, profesionalizado e que atenda as emerxencias no rural [98028](#)

I 26906 (11/POC-004576)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 4 máis**

Sobre o macroproxecto para a explotación de eucalipto en terreos de protección natural no concello de Aranga [98032](#)

I 26908 (11/POC-004577)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 2 máis**

Sobre a creación dun sistema de alertas fitosanitarias nacional [98038](#)

I 26909 (11/POC-004578)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 3 máis**

Sobre a modificación do Rexistro de pegada de carbono, compensación e proxectos de absorción de dióxido de carbono, que favorece plantacións forestais en terras agrarias e/ou incendiadas, e a súa substitución por un modelo que priorice os modelos de xestión eficiente do monte [98042](#)

I 26919 (11/POC-004579)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos proxectos de parques eólicos existentes para a contorna da comarca de Compostela [98047](#)

I 26922 (11/POC-004580)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do papel da programación do Centro Galego de Arte Contemporánea no panorama cultural galego actual e no horizonte do trixésimo aniversario da inauguración deste centro [98051](#)



I 26924 (11/POC-004581)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis**

Sobre a situación actual do procedemento para as oposicións no ensino galego

[98054](#)**I 26933 (11/POC-004582)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a implantación da educación ambiental nos plans de estudo

[98057](#)**I 26934 (11/POC-004583)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a implantación da educación ambiental nos plans de estudo

[98060](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Resolución da Presidencia, do 10 de xaneiro de 2022, en relación coas iniciativas parlamentarias que se citan

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 26686 (11/POC-004486)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o contrato de xestión das contas de consignación e depósitos da Administración de xustiza
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 26687 (11/POC-004487)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa discriminación que sofren as xogadoras do Hóckey Club Liceo e outras situacións semellantes
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 26688 (11/POC-004488)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o recoñecemento do dereito do persoal ao servizo da Administración de xustiza ás percepcións por traxectoria profesional
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 26689 (11/POC-004489)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a necesidade de incremento do persoal na Administración de xustiza
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 26691 (11/POC-004490)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o cumprimento do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 26693 (11/POC-004491)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre a convocatoria e a resolución de axudas aos concellos en réxime de concorrencia non competitiva para actuacións de correccións de impactos paisaxísticos

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 26704 (11/POC-004492)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 3 máis

Sobre a crítica situación que atravesamos o estaleiro Barreras e o perigo de desmantelamento da empresa

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 26705 (11/POC-004493)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 3 máis

Sobre a necesidade de axilizar os procedementos necesarios para reiniciar a actividade naval nas instalacións do antigo estaleiro Vulcano

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 26707 (11/POC-004494)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre a adopción de medidas sociais de compensación para as persoas do sector galego da automoción

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 26708 (11/POC-004495)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre a situación e o futuro do sector da automoción en Vigo e Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 26710 (11/POC-004496)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre os prazos das subvencións ás federacións e asociacións de comerciantes

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 26711 (11/POC-004497)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre a concesión de subvencións a empresas do sector da automoción

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo



- 26712 (11/POC-004498)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre a situación do sector comercial galego e as medidas necesarias para a súa reactivación

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 26716 (11/POC-004499)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre a situación do estaleiro Barreras, de Vigo

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 26718 (11/POC-004500)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre a implantación dunha plataforma de venda *online* galega

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 26720 (11/POC-004501)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre a constitución dunha mesa galega da automoción

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 26734 (11/POC-004502)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do sistema de financiamento do Sistema universitario de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 26736 (11/POC-004503)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre as liñas de traballo para impulsar e consolidar a investigación científica e universitaria en Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 26737 (11/POC-004504)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre o traballo realizado para a defensa do sector pesqueiro galego ante a incidencia do *Brexit*

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 26738 (11/POC-004505)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre o traballo realizado para a defensa do sector pesqueiro galego ante a incidencia do *Brexit*

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 26739 (11/POC-004506)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia nos últimos cinco anos para proceder á retirada das gaiolas de cría de salmón que aínda permanecen na ría de Muros e Noia

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 26740 (11/POC-004507)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para frear o descenso e recuperar a produción marisqueira da ría de Arousa

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 26741 (11/POC-004508)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia da implantación do sistema de etiquetaxe Nutriscore

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 26742 (11/POC-004509)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as medidas tomadas pola Consellería do Mar respecto dos informes do Centro de Investigacións Mariñas en relación coas especies depredadoras dos recursos dos bancos do litoral e das rías

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 26743 (11/POC-004510)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e Pérez Fernández, Rosana

Sobre o mantemento de servizos no Instituto Social da Mariña de Corcubión

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 26748 (11/POC-004511)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e Pérez Fernández, Rosana

Sobre a seguridade no porto de Malpica

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 26760 (11/POC-004512)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre as razóns que explican o cesamento prematuro do presidente da Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 26761 (11/POC-004513)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que levou e vai levar a cabo a Xunta de Galicia para evitar que a frota pesqueira galega se vexa afectada pola previsible eliminación de exencións fiscais e polo incremento do prezo do combustible

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 26762 (11/POC-004514)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a oferta formativa para a obtención dos certificados obrigatorios exixidos ás persoas traballadoras do mar

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 26763 (11/POC-004515)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Candia López, María Elena e 6 máis

Sobre os beneficios que reporta para a dixitalización do sector primario a aplicación Fortra

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

- 26766 (11/POC-004516)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Domínguez, Sandra e 7 máis

Sobre os instrumentos que ten previsto desenvolver a Xunta de Galicia para reforzar o modelo de innovación aberta que se está a impulsar desde hai algúns anos

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 26768 (11/POC-004517)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para rematar coa imposibilidade de emancipación da mocidade galega

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 26774 (11/POC-004518)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a cantidade de accións na investigación, o desenvolvemento e a innovación no sector marítimo-pesqueiro que desenvolveu o Centro Tecnolóxico do Mar desde a súa creación

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo



- 26776 (11/POC-004519)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento de produtos pesqueiros e da acuicultura total destinado en 2021 polo Goberno galego ás empresas de transformación polas perdas de ingresos provocadas pola covid-19

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 26778 (11/POC-004520)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre orzamento total destinado aos novos proxectos dos grupos de acción local do sector pesqueiro

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 26780 (11/POC-004521)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as actividades desenvoltas en 2021 do proxecto Pasaporte REMA (Rede de espazos museísticos atlánticos)

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 26782 (11/POC-004522)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento para 2021 que Portos de Galicia destinou ao Plan de renovación de elementos de seguridade das dársenas

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 26784 (11/POC-004523)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento das axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para tripulantes de buques pesqueiros para o ano 2022 e o balance que fai o Goberno galego respecto do desenvolvemento desta orde dende o ano 2016

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 26786 (11/POC-004524)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as accións postas en marcha para iniciar o desenvolvemento do Plan da cultura marítima de Galicia

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 26788 (11/POC-004525)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis



Sobre as dificultades que está a encontrar Galicia na execución do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 26790 (11/POC-004526)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o orzamento total destinado aos proxectos colectivos que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 26792 (11/POC-004527)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o balance que fai o Goberno galego do resultado do acordo co Reino Unido e do Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea no que se negociaron as posibilidades de captura para 2022

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 26795 (11/POC-004528)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da retirada dos materiais que obstrúen a libre circulación das augas do río Tambre no seu curso polas parroquias de Buazo, no concello de Boimorto, e de Boado, no concello de Mesía

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26796 (11/POC-004529)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre os avances levados a cabo polo Goberno galego no impulso ao proxecto do Hub Audiovisual da Industria Cultural

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 26801 (11/POC-004530)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas que adoptou o Goberno galego para garantir o abastecemento de auga nos concellos de Ames e Santiago de Compostela ante a vertedura de xurro no río Tambre

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26805 (11/POC-004531)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre os avances na elaboración do plan de dinamización lectora de Galicia por parte da Xunta de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 26807 (11/POC-004532)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre os avances realizados pola Xunta de Galicia no ámbito da Estratexia da cultura galega

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 26813 (11/POC-004533)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o balance do Goberno galego respecto do funcionamento da Cidade da Cultura de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 26819 (11/POC-004534)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 5 máis

Sobre as medidas necesarias para garantir o transporte público por estrada no traxecto Lugo-Ourense, que se viu reducido nos últimos tempos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26820 (11/POC-004535)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as implicacións da Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 26822 (11/POC-004536)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pazos Couñago, José Alberto e 7 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego do proceso de restitución ao patrimonio público do pazo de Meirás

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 26827 (11/POC-004537)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre o pechamento da oficina de Abanca no barrio de San Valentín, no concello de Fene

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 26828 (11/POC-004538)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre o pechamento da oficina de Abanca no concello de Monfero

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 26829 (11/POC-004539)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre a reclamación de Reganosa contra o Concello de Mugar dos polo pagamento do imposto de actividades económicas

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 26830 (11/POC-004540)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co arranxo completo da estrada autonómica LU-636

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26831 (11/POC-004541)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a seguridade viaria das vías CG-2.2 e CG-2.1 e a creación de pasos ecolóxicos para o desprazamento da fauna salvaxe

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26832 (11/POC-004542)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a falta de auga potable e de saneamento nas parroquias do concello de Pantón e noutras zonas do rural galego

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26833 (11/POC-004543)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o mantemento e a conservación da estrada LU-611 entre o concello de Bóveda, o do Saviñao e o de Taboada

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26847 (11/POC-004544)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a urxencia de tomar medidas para salvar a atención primaria

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 26848 (11/POC-004545)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a construción dunha escada de peixes no río Deza

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26849 (11/POC-004546)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as medidas previstas para evitar o desafiuzamento de familias de vivendas en mans da Sareb no concello de Silleda

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26850 (11/POC-004547)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas previstas para solucionar as verteduras ao río Asneiro procedentes da depuradora de Botos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26851 (11/POC-004548)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Ríos Santomé, Paulo

Sobre a axilización á integración dos concellos de Silleda e Lalín na área de transporte metropolitano de Santiago

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26852 (11/POC-004549)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as graves afectacións do trazado da autovía AG-59

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26853 (11/POC-004550)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a demora na aprobación dos plans xerais de ordenación municipal dos concellos de Silleda, Vila de Cruces e Agolada

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26854 (11/POC-004551)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre a necesidade de realizar actuacións para que o Alvia Vigo-Madrid pare en Vilagarcía de Arousa

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26856 (11/POC-004552)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas que se van tomar ante a presenza cada vez maior do visón americano en augas do río Sil

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26857 (11/POC-004553)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a valoración da Xunta de Galicia da actividade mineira en San Fins, en Lousame, e do cumprimento por parte das instalacións de toda a normativa vixente que a atinxe

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26858 (11/POC-004554)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o incumprimento do caudal ecolóxico do río Verdugo na ponte do Inferno

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26859 (11/POC-004555)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre o acceso da mocidade galega a unha vivenda digna en réxime de alugueiro

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26860 (11/POC-004556)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e 2 máis

Sobre as medidas que se van tomar para reverter a situación de fuga de talento e emigración forzosa que sofre a mocidade galega

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26861 (11/POC-004557)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia respecto dos proxectos eólicos que están previstos nas comarcas da Barbanza e de Muros e Noia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26862 (11/POC-004558)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións de Augas de Galicia respecto da realización das actuacións necesarias para a limpeza e o mantemento dos ríos da Mina e Pesqueira, no concello de Lousame

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26863 (11/POC-004559)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para exixir á empresa San Finx, en Lousame, a execución das medidas de prevención e reparación dos danos ambientais e a regularización da explotación

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26864 (11/POC-004560)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das actuacións de mellora e do incremento da seguridade viaria nas estradas autonómicas AC-550 e AC-196 ao seu paso polos concellos de Outes e Noia
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26865 (11/POC-004561)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do cumprimento da lexislación vixente relativa á retirada de amianto, nomeadamente das tubaxes de fibrocemento na praia da Barquiña, no concello de Noia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26866 (11/POC-004562)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre os motivos da non-adopción por parte da Xunta de Galicia dunha resolución sobre o procedemento de autorización de verteduras producidas polo Grupo Mineiro San Finx

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26867 (11/POC-004563)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das axudas económicas en relación coas persoas propietarias dentro da zona protexida do Parque Natural de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán para promover actividades respectuosas co medio natural

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26868 (11/POC-004564)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a necesidade dunha nova planificación escolar en Culleredo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 26870 (11/POC-004565)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a demanda de actuacións en materia de seguridade viaria na parroquia de Dorneda, no concello de Oleiros

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26875 (11/POC-004566)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Freire Vázquez, María Begoña e 6 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego do anteproxecto da futura lei de vivenda

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 26878 (11/POC-004567)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Freire Vázquez, María Begoña e 8 máis

Sobre as principais características do proxecto de urbanización para acometer a ampliación de San Paio de Navia e ampliar a oferta de vivenda protexida na cidade de Vigo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26885 (11/POC-004568)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e Carreira Pazos, Iria

Sobre o sistema de rastrexo de persoas positivas pola covid-19 e os seus contactos

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 26891 (11/POC-004569)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a realización da transposición da Directiva (UE) 2019/1834 da Comisión ao ordenamento xurídico e as actuacións do Goberno galego tendentes á súa consecución

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 26892 (11/POC-004570)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a finalidade das axudas para investimentos en pequenas e medianas industrias de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura e o orzamento destinado para o ano 2022

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 26896 (11/POC-004571)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as modificacións á Lei de montes veciñais en man común incluídas na Lei de medidas fiscais e administrativas que acompaña os orzamentos do ano 2022

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 26897 (11/POC-004572)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a protección da propiedade colectiva das comunidades de montes veciñais en man común no dominio marítimo-terrestre

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 26899 (11/POC-004573)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a inestabilidade laboral dentro do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes



- 26901 (11/POC-004574)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a recuperación das zonas queimadas nos lumes de Ribas de Sil e Quiroga

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 26903 (11/POC-004575)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a desestabilización dos lumes e a necesidade dun servizo de prevención e defensa contra incendios forestais único, profesionalizado e que atenda as emerxencias no rural

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 26906 (11/POC-004576)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 4 máis

Sobre o macroproxecto para a explotación de eucalipto en terreos de protección natural no concello de Aranga

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 26908 (11/POC-004577)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre a creación dun sistema de alertas fitosanitarias nacional

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 26909 (11/POC-004578)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 3 máis

Sobre a modificación do Rexistro de pegada de carbono, compensación e proxectos de absorción de dióxido de carbono, que favorece plantacións forestais en terras agrarias e/ou incendiadas, e a súa substitución por un modelo que priorice os modelos de xestión eficiente do monte

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 26919 (11/POC-004579)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos proxectos de parques eólicos existentes para a contorna da comarca de Compostela

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26922 (11/POC-004580)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia do papel da programación do Centro Galego de Arte Contemporánea no panorama cultural galego actual e no horizonte do trixésimo aniversario da inauguración deste centro

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 26924 (11/POC-004581)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a situación actual do procedemento para as oposicións no ensino galego

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 26933 (11/POC-004582)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a implantación da educación ambiental nos plans de estudo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 26934 (11/POC-004583)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a implantación da educación ambiental nos plans de estudo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o contrato de xestión das contas de consignación e depósitos da administración de xustiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 23 de maio de 2018 acordouse a adxudicación ao Banco de Santander, S.A. o servizo das contas de depósitos e consignacións xudiciais, sendo o día 31 de agosto de 2018 a data de formalización do devandito contrato.

O importe do contrato é dun importe superior aos 4 mil millóns de euros e o seu prazo de duración de 4 anos, xa que logo o seu vencemento producirase no próximo ano 2022.

A realización de tramites procesuais, como a presentación de recursos, a realización de pagos de penas ou o cobro/pago de indemnizacións precisan da realización de actuacións coa entidade bancaria titular das contas de depósitos e consignacións.

Asemade os saldos existentes nas contas xudiciais de depósitos e consignacións xeran, en maior ou menor medida dependendo do momento, uns xuros que malia naceren en Galiza eran percibidos pola Administración do Estado, que os facía seus.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Certamente o criterio do Tribunal Constitucional en relación co ordenamento xurídico actualmente vixente, non permite unha solución eficiente e eficaz, mais non impide unha solución xusta na distribución dos recursos xerados nos diferentes xulgados e tribunais de Galiza.

Ao mesmo tempo a licitación do servizo de contas de depósitos e consignacións xudiciais non pode esquecer, novamente, os intereses da cidadanía e obviar a necesaria implantación de oficinas xudiciais abertas ao público, cando menos, en todos as sedes de partidos xudiciais, dificultando á cidadanía o cumprimento de trámites preceptivos ou, en moitos casos, esenciais para o exercicio do seus dereitos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

. A quen considera a Xunta de Galiza deben corresponder ou en que deben reverter os xuros xerados polas consignacións e depósitos realizados en órganos xurisdicionais galegos ?

. Que xestións realizou a Xunta de Galiza para que Galiza reciba os xuros devengados polas contas xudiciais abertas en órganos xudiciais galegos?

. Entende a Xunta de Galiza que debe exixirse á entidade financeira que preste o servizo de contas de depósitos e consignación xudiciais o ter abertas oficinas en todos os partidos xudiciais de Galiza, debendo ponderarse a distribución territorial das oficinas existentes e a súa presenza naqueles concellos con menor número de oficinas de entidades bancarias abertas ao público?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/12/2021 18:18:03

Iria Carreira Pazos na data 28/12/2021 18:18:07

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2021 18:18:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 3/2012 do deporte de Galiza recolle no seu preámbulo que “o deporte constitúe unha actividade de máxima importancia e relevancia nas sociedades modernas. Asíciase directamente a un modo de vida saudable co que se contribúe á mellora das propias condicións físicas, así como a valores de superación, loita, respecto aos demais e ás normas, e de crecemento persoal baseado no esforzo e na mellora do propio rendemento. Todos eles son valores sociais especialmente interesantes no proceso de sociabilidade”.

Esta lei ten como principios reitores, entre outros, o seguinte: “O dereito de todos os cidadáns a coñecer e a practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática, en termos de igualdade e sen discriminación ningunha”.

Asemade, o artigo 5.3 regula, entre as competencias da Administración autonómica, a seguinte:

“No exercicio das competencias atribuídas á Administración autonómica, integrárase a dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes e evitárase calquera elemento de discriminación directa ou indirecta”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A realidade vén demostrar que a discriminación das mulleres deportistas segue a estar vixente como se pode comprobar nas declaracións do equipo feminino do Hóckeí Club Liceo que denuncian un trato desigual en comparación co equipo masculino tanto á hora de desprazamentos aos partidos como horario de adestramentos ou discriminacións económicas, entre outros.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

- É coñecedora a Xunta de Galiza desta realidade discriminatoria cara ás xogadoras do Hóquei Club Liceo?
- Ten constancia dalgunha outra situación semellante?
- Ten actuado a este respecto?
- Que valoración realiza sobre as mesmas o goberno?
- Ten prevista algunha actuación para corrixir esta discriminación e evitar que se repita?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/12/2021 18:37:45

Daniel Castro García na data 28/12/2021 18:37:55

Mercedes Queixas Zas na data 28/12/2021 18:38:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o recoñecemento do dereito do persoal ao servizo da administración de Xustiza ás percepcións por traxectoria profesional.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 7 de xullo de 2020 publicouse no DOG a Resolución de 30 de xuño de 2020 pola que se daba publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galiza d 25 de xuño dese mes e ano polo que se aprobaba o acordo acadado o día 10 entre a propia Xunta e as organizacións sindicais SPJ-USO, UGT e CC.OO para a implantación do sistema de traxectoria profesional do persoal ao servizo da Administración de Xustiza.

Como queira que o referido Acordo de traxectoria profesional, conseguido após máis de 3 meses de folga das traballadoras ao servizo da administración de xustiza en Galiza; excluía da súa aplicación e dos consecuentes efectos económicos ao persoal temporal foi obxecto de impugnación por distintas organizacións sindicais, entre elas a Confederación Intersindical Galega (CIG).

A Sala do Contencioso-Administrativos do Tribunal Superior de Xustiza, seguindo unha consolidada e uniforme doutrina tanto do Tribunal Supremo como do Tribunal de Xustiza da Unión Europea resolveu a estimación parcial do recurso e declarou a nulidade das bases 1ª e 5ª e demais normas instrumentais e derivadas delas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en canto reservaren o dereito a participar no sistema de carreira profesional exclusivamente a favor das funcionarias de carreira.

Expresamente facíase constar na Sentencia o dereito do persoal funcionario interino da Xunta de Galiza a participar, nas mesmas condicións que o persoal funcionario de carreira, tanto no réxime ordinario como no extraordinario de acceso aos distintos graos do sistema de carreira profesional, deseñado polas resolución de 30 de xuño de 2020...”

O Tribunal Superior de Xustiza de Galiza non veu senón a reiterar o xa manifestado en múltiples resolucións anteriores nas que considerou que a carreira profesional forma parte das condicións de traballo da cláusula 4ª do Acordo Marco incorporado na Directiva 1999/70/CE relativa ao principio de non discriminación e que cuxa observancia impide facer de peor condición ao persoal non permanente respecto do de carácter fixo (de carreira).

Tanto a directiva indicada e o criterio xurisprudencial tan consolidación fai dificilmente xustificable a exclusión do dereito á traxectoria profesional do persoal temporal realizada pola Xunta de Galiza no Acordo de 25 de xuño de 2020.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Ten intención a Xunta de Galiza de recorrer a Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza na que, estimando parcialmente o recurso interposto pola CIG, declara o dereito do persoal funcionario interino a participar nas mesmas condicións que o persoal funcionario de carreira, tanto no réxime ordinario como no extraordinario de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

acceso aos distintos graos do sistema de carreira profesional, deseñado polas resolución de 30 de xuño de 2020?

. Ven recoñecendo e abonando a Xunta de Galiza ao persoal interino as percepcións derivadas do eventual recoñecemento á traxectoria profesional?

. Considera a Xunta de Galiza que a vixencia do Acordo de 25 de xuño de 2020 obriga a recoñecer e abonar ao persoal funcionario de carreira da administración de xustiza as percepcións derivadas da traxectoria profesional?

. Entende a Xunta de Galiza procedente a convocatoria da mesa sectorial de xustiza con todas as centrais sindicais para realizar unha nova redacción das bases 1ª e 5ª que se axuste á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza e ao principio de non discriminación da Directiva 1999/70/CE?

. En cantas ocasións se reuniu a mesa sectorial de xustiza de Galiza nos anos 2019 a 2021?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2021 18:43:19

Iria Carreira Pazos na data 28/12/2021 18:43:28

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/12/2021 18:43:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de incremento do persoal na administración de xustiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O informe do Consello de Contas sobre a fiscalización do programa 131A da administración de xustiza na Galiza pon de manifesto a existencia dun déficit estrutural do persoal ao servizo da administración de xustiza, así como un abuso evidente da temporalidade, realizando contratacións de duración determinada para postos de traballo que son estruturais e que constitúen necesidades permanentes para o funcionamento da administración de xustiza en Galiza.

Así o máximo ente fiscalizador económico financeiro de Galiza, co remisión a data 18 de febreiro de 2021, (cuxos datos aínda non constan no portal de transparencia da Xunta de Galiza) indicaba que nos xulgados galegos existían 43 prazas vacantes que nin estaban cubertas nin existía vontade de que o fosen. Un 23,7% das prazas vacantes cubertas por persoal interino estaban ocupadas por traballadoras que levaban máis de 3 anos ininterrompidos no posto de traballo, o que, alén da ilegalidade que implica, evidencia a negligencia da Xunta de Galiza na cobertura definitiva dun posto de traballo permanente, promovendo a precarización e transitoriedade na cobertura de prazas estruturais, incorrendo nun flagrante fraude de lei por abuso na temporalidade. A meirande parte do resto do centenar das prazas sen titular son ocupadas por traballadoras que levan no posto máis de 6 meses continuados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Igualmente significativo é a existencia de máis de 80 traballadoras que realizan funcións de reforzo para distintos órganos e servizos xudiciais, podendo colexirse que máis unha vez se está a perpetrar un fraude de lei por abuso da temporalidade cubrindo necesidades permanentes e estruturais con contratos temporais. Comportamento proscrito dende finais do século pasado pola Directiva Comunitaria 1999/70/CE, como reiteradamente veñen lembrar os distintos órganos xurisdicionais europeos, estatais ou galegos.

O anteriormente exposto simplemente é consecuencia da escasa relevancia que a Xunta de Galiza e o Partido Popular confírelle á administración de xustiza, instrumento imprescindible para a protección dos dereitos das persoas. Así, durante os anos 2010 ate 2016 non se ampliou a planta xudicial galega, é dicir, non se creou ningún xulgado novo. Galiza é a segunda comunidade non uniprovincial que menos inviste en persoal para administración de xustiza, sendo a segunda comunidade con competencias transferidas na que menos medrou o investimento en persoal durante a última década.

E por iso que se formulan as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Cantos postos de traballo de reforzo e en que órganos xurisdicionais levan aplicados en cada un dos anos da última década?

Entende procedente o incremento do cadro de persoal actualmente vixente e, no seu caso, en cantos postos de traballo?

Comunicou á Administración do Estado a necesidade de incrementar o cadro de persoal da administración de xustiza en Galiza?

Por que razón non se cobren a totalidade das prazas vacantes?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é o tempo que tarda a Xunta de Galiza en substituír ás traballadoras de baixa por enfermidade, diferentes permisos ...?

Santiago de Compostela a 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/12/2021 18:45:28

Iria Carreira Pazos na data 28/12/2021 18:45:31

Xosé Luis Bará Torres na data 28/12/2021 18:45:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o cumprimento do Plan de Infraestruturas xudiciais 2010-2015.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2010 o goberno da Xunta de Galiza, tras analizar o estado das dependencias dos edificios xudiciais, así como as necesarias intervencións nos inmóbeis, aprobou un Plan de Infraestruturas xudiciais para executar no período de 2010 a 2015. No referido Plan establecíase unha serie de actuacións que se consideraban prioritarias a executar no curto prazo, isto é, na primeira fase do Plan, período 2010-2013. As demais actuacións previstas no Plan eran para executar no medio prazo, período 2014 e 2015.

As intervencións a executar, tanto for de rehabilitación como de construción dun novo edificio xudicial, eran obxecto de valoración no propio Plan de Infraestruturas xudiciais.

Así, por exemplo, considerábase urxente a construción dun novo edificio xudicial no partido xudicial de Muros ou da Estrada, cuantificándose en 650.000 € e 2.300.000 € respectivamente. Para a fase posterior, a executar nos anos 2014-2015, deixábanse as denominadas necesidades a medio prazo, novo edificio para a sede da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Fiscalía Superior de Galiza, ou a construción de novos edificios xudiciais para Sarria, Vilagarcía, Cambados Padrón ou Ferrol.

O tempo transcorrido, que duplica o máximo inicialmente previsto polo Goberno Galego para a íntegra execución do Plan, é un momento acaído para a valoración do seu grado de cumprimento e se, eventualmente, aínda fica algunha actuación pendente de execución.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

. Considera o Goberno Galego executado o Plan 2010-2015 de Infraestruturas xudiciais?

. Que razóns concorreron entre a aprobación do Plan e os anos 2014-2015 para que a práctica totalidade das intervencións previstas para executar nese período aínda fiquen pendentes?

. Entende coherente que simultaneamente á elaboración e aprobación do Plan de Infraestruturas xudiciais, o goberno galego fose o que menos investise, de todas as CCAA con competencias transferidas, en infraestruturas xudiciais?

. Os investimentos realizados nos anos 2010 a 2015 permitían o cumprimento do Plan?

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 26/11/2021 11:18:09

Iria Carreira Pazos na data 26/11/2021 11:18:17

Xosé Luis Bará Torres na data 26/11/2021 11:19:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a convocatoria e resolución de axudas aos Concellos en réxime de concorrencia non competitiva para actuacións de correccións de impactos paisaxísticos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 10 de setembro de 2021 publicouse no DOG a Resolución de 3 de setembro do Instituto de Estudos do Territorio na que se aprobaban as bases para a concesión de axudas dirixidas aos concellos de Galiza para a corrección de impactos paisaxísticos. Máis unha vez o réxime escollido pola Xunta de Galiza para a concesión das axudas foi o de concorrencia non competitiva.

Na convocatoria dirixida a concellos de menos de 20.000 habitantes, indicábase expresamente que para a concesión teríase en conta a orde cronolóxica de entrada das solicitudes na sede electrónica da Xunta de Galiza ata que se esgote o orzamento da convocatoria, que eran de 400.000 € en cada unha das liñas nas que se estruturaba.

Nunha realidade que gustaríamos dicir inusitada, porén que é unha práctica habitual na Xunta de Galiza, o día 10 de novembro publicouse a Resolución de 28 de outubro de 2021 na que se informaba do esgotamento do crédito da convocatoria efectuada por Resolución de 3 de setembro de 2021. Concretamente, na resolución precisábase que a derradeira solicitude que se puido conceder antes do esgotamento do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

crédito foi a que tivo entrada na sede electrónica o día 11 do 9 de 2021 ás 00,21 horas para a liña I, e ás 12,41 h. do día 8 de outubro para a liña II.

Isto é, tras 21 minutos do sábado 11 setembro diferentes concellos de menos de 20.000 habitantes de Galiza presentaron a solicitude e documentación completa sobre a renovación e reforma de edificios ou dependencias destinados á prestación dos servizos municipais, co que a Xunta de Galiza deu por rematada a concesión de axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos.

Tanto o escaso tempo consumido, como a aplicación dos criterios que se indican utilizados permite dubidar da legalidade e validez do procedemento seguido. Proceso, en todo caso, cuxa ineficiencia resulta evidente, así como a discriminación que existe, aínda que non concorresen ilícitos tratos de favor.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

. Considera a Xunta de Galiza que as convocatorias de axudas a Concellos a través de procedementos de concorrencia non competitiva nos que se prima exclusivamente a orde cronolóxica de presentación de solicitudes constitúen un xeito eficiente de asignación de recursos públicos?

. Entende a Xunta de Galiza que os Concellos con mellor conectividade ou cun maior cadro de persoal teñen máis posibilidades de acceder as axudas que outros concellos de menor infraestrutura e recursos aínda que estes presenten mellores proxectos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. A convocatoria da axudas en réxime de concorrência non competitiva contribúe ao reequilibrio territorial entre os concellos galegos?

. Cales foron os concellos que presentaron solicitudes para optar a estas axudas e cal foi o momento do rexistro da súa presentación?

. Pode descartar a Xunta de Galiza, total e absolutamente, que en ningún concello galego se tiña coñecemento da convocatoria das axudas e dos termos en que se ía realizar esta, con anterioridade a publicación da convocatoria no DOG?

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/11/2021 12:13:56

Xosé Luis Bará Torres na data 30/11/2021 12:14:00





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 30/11/2021 12:14:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a crítica situación que atravesa o estaleiro Barreras e sobre o perigo de desagaxamento da empresa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O estaleiro vigués Barreras, e todo o seu cadro de persoal, atópanse nunha situación crítica desde que o cruceiro Evrima abandonara as súas instalacións. A partir dese mesmo momento veñen sucedéndose toda unha serie de actuacións empresariais que parecen dirixidas á liquidación da empresa e ao despedimento de todo o seu persoal sen que os gobernos galego ou estatal interveñan para evitalo.

Os responsábeis empresariais están absolutamente desaparecidos, despois de delegar a procura de compradores nunha consultora denominada KROLL, que comezou unha serie de xestións que a día de hoxe a representación do persoal vese na obriga de seguir a través da prensa ou de reunións con terceiras persoas, xa que ninguén da empresa ou da consultora lles da explicacións.

Toda esta situación prodúcese nun contexto no que BARRERAS aparece fortemente endebedada e pendente de resolucións xudiciais que poden deteriorar aínda





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis a súa situación económica, o que complica moito unha transmisión da unidade produtiva en funcionamento.

O estado ten realizado unha inxección de diñeiro público, a través do Cesce, que poderían chegar a máis de 400 millóns de euros para financiar a construción do Evrima, que de non rematarse o estado podería perder este diñeiro.

Dada a transcendencia laboral e económica que este estaleiro ten na comarca de Vigo e por extensión en todo o país, e o feito de terse realizado importantes desembolsos de diñeiros públicos que poderían perderse coa liquidación de Barreras, non se entende a inacción dos gobernos, e a falta de iniciativa para impulsar algún proxecto que sirva para protexer a actividade industrial e o emprego no estaleiro.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

1. Ten contactos formais a Xunta de Galiza con algún organismo do goberno do estado relativos a Barreras? Que información lle transmitiron sobre o diñeiro que inxectaron a Barreras? Que lle información teñen da SEPI sobre a posibilidade dun rescate do estaleiro?

2. Ten contactos formais a Xunta de Galiza coa propiedade do estaleiro ou coa consultora encargada da súa venda? Teñen información sobre o interese de algunhas empresas que aparecen en prensa? Ten coñecemento da intención de desgaxar a empresa para a súa venda?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Ten contactos a Xunta de Galiza coa representación do persoal de Barreras? Que opinión lle merece á Xunta de Galiza que esta representación careza de información por parte da empresa? Que opinión lle merece á Xunta de Galiza o despedimento do representante da CIG no comité de empresa e a campaña emprendida pola empresa contra a súa dignidade?

4. Ten contactos a Xunta de Galiza coa industria auxiliar acreedora de Barreras? En que situación se atopan? Recibiron os pagos que teoricamente Barreras debía facer co diñeiro público recibido? En que situación están os créditos concedidos pola Xunta a estas empresas? Canto diñeiro lles debe Barreras?

5. Por que a Xunta de Galiza non está a traballar nun plan industrial para rescatar Barreras? Por que a Xunta de Galiza desbota a participación no capital e na dirección do estaleiro? Ten algunha estimación da repercusión laboral e económica que significa a liquidación de Barreras?

Santiago de Compostela, 17 de novembro de 2021

Asdo.: Carme González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/11/2021 18:30:58

María do Carme González Iglesias na data 17/11/2021 18:31:02

Alexandra Fernández Gómez na data 17/11/2021 18:31:10

Daniel Pérez López na data 17/11/2021 18:31:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a necesidade de axilizar os procedementos necesarios para reiniciar a actividade naval nas instalacións do antigo estaleiro Vulcan.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 14 de xullo aprobouse a proposición non de lei, presentada pola BNG, na que se instaba á Xunta de Galiza:

1º) a posicionarse, e votar, no Consello de Administración do Porto de Vigo, que o concurso para a concesión portuaria do antigo estaleiro Vulcano estea condicionado ao uso para a actividade de construción e reparación naval.

2º) a instar á Autoridade Portuaria de Vigo a permitir o uso da lámina de auga, mentres o concurso non se resolta, a Estaleiros San Enrique para que poida continuar a súa actividade e que o persoal que está no paro, poida reincorporarse ao seu posto de traballo.

Pois ben, catro meses despois a situación de Estaleiros San Enrique, antigo Vulcano, segue igual que no 14 de xullo., a pesar de que a empresa xa solicitou en setembro a autorización provisional do uso das instalacións, tal e como lle demandou a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Autoridade Portuaria de Vigo, esta autorización a día de hoxe aínda non foi concedida polo que a actividade está paralizada e os traballadores na casal.

Non tranquilizan os últimos anuncios de modificación dos terreos da instalación para alargar o espazo para usos loxísticos, parece unha táctica máis para tentar inviabilizar na práctica que o estaleiro continúe coa súa actividade. A pesar do anuncio de que a nova concesión vai estar condicionada á actividade de construción e reparación naval, as incertezas sobre esa concesión fannos temer que o novo prego pretenda que a actividade non sexa viable e que desa maneira desapareza a actividade naval dos terreos portuarios de Teis.

A actividade naval nas instalacións de Teis leva parada desde xuño de 2019, máis de 2 anos sen actividade e cos traballadores sen emprego e sen prestacións, polo que é necesario axilizar os procedementos necesarios para que a actividade no antiga estaleiro Vulcano comece no inmediato.

A crise que está a sufrir o sector naval na Ría de Vigo, cos tres principais estaleiros da cidade (Barreras, San Enrique e Metalships) sen carga de traballo e en serio risco de desaparecer, supón un risco real de ver desaparecer o sector naval de Vigo tal e como o coñecíamos.

A dependencia da industria auxiliar destes tres estaleiros pon en perigo tamén a estas empresas e aos empregos que representa, polo que garantir o futuro de Barreras, San Enrique e Metalships é fundamental para o sector naval da Ría de Vigo.

Cumpre que a Xunta de Galicia active medidas concretas que permitan a continuidade do antigo Vulcano e que Blinden a continuidade do sector naval, un sector estratéxico para Vigo e a súa comarca.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

. Coñece o goberno galego a situación de inactividade na que se atopa estaleiros San Enrique, ante a negativa da Autoridade Portuaria de Vigo a outorgarlle a autorización provisional de uso das instalacións?

. Cre o goberno galego necesario que á Autoridade Portuaria do Porto de Vigo axilice os procedementos necesarios para a autorización provisional de uso das instalacións portuarias de Tesis a favor de estaleiro San Enrique e para a nova concesión portuaria do antigo estaleiro Vulcano, coa superficie actual e que deberá estar condicionada ao uso para a actividade de construción e reparación naval?

. Cre o goberno galego necesario poñer en marcha a elaboración dun plan industrial para o sector naval na Ría de Vigo que garanta un horizonte de estabilidade no sector.?

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2021

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Alexandra Fernández Gómez

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputados e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 18/11/2021 10:29:38

Alexandra Fernández Gómez na data 18/11/2021 10:29:43

Ramón Fernández Alfonzo na data 18/11/2021 10:29:50

Daniel Pérez López na data 18/11/2021 10:29:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Carme González Iglesias e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a adopción de medidas sociais de compensación para as persoas do sector galego da automoción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector da automoción é un dos sectores de actividade máis relevantes da economía galega, tanto por volume de negocio como por volume de emprego.

Un sector afectado nun primeiro momento polos efectos da pandemia propiamente, derivados da redución da mobilidade e do peche dos establecementos de venda de vehículos, moi afectado tamén por aqueles outros cambios que a pandemia acelerou, como a transición enerxética, e que ademais está véndose tamén moi afectado pola problemática sobrevivida da crise de abastecemento de diferentes compoñentes, algúns deles críticos.

Estas problemáticas están tendo en todos os casos efectos sobre o emprego, que unhas veces se concretan a través de ERTes, outras a través da modificación da xornada de traballo facendo un uso desmedido e fraudulento da parcialidade na contratación, e outras veces a través de duros axustes de emprego do persoal eventual, coma sempre o máis vulnerábel.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En todos os casos estas medidas son agresivas pois afectan a cuestións esenciais do contrato de traballo e da vida do persoal, como son as retribucións e o tempo de traballo, ou, directamente, a perda do posto de traballo. E tamén son conflitivas, todas elas, mesmo aquelas que se executan contando co acordo do persoal afectado que se atopa moitas veces entre a espada e a parede (“lo tomas o lo dejas”), ou da súa representación. Entre outras razóns, por causa da reforma laboral aprobada no seu día polo Partido Popular e que o actual goberno mantén en vigor.

Desde o BNG vimos demandando unha outra política industrial por parte da Xunta de Galiza, que planifique e fixe obxectivos a longo prazo, para consolidar a actividade industrial e o emprego, e vimos realizando propostas concretas, coherentes con eses obxectivos a longo prazo, e coherentes cos novos modelos produtivos e de mobilidade.

Mais, polo de agora, e falta de que se tomen en consideración as nosas propostas ou outras que podan conseguir idénticos obxectivos de consolidación da actividade e do emprego, compre tomar medidas tamén no ámbito do emprego, medidas de carácter social para compensar os prexuízos que o persoal do sector ven sufrindo desde o inicio da pandemia, e que polas noticias que temos vanse prorrogar durante o próximo ano.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

. Ten constancia a Xunta de Galiza do número de persoas do sector galego da automoción afectadas por ERTes desde o comezo da pandemia? E do número de días que estiveron afectadas? E do detrimento retributivo que isto significou? Cantas persoas destas persoas foron beneficiarias de algún tipo de axuda da Xunta de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten coñecemento a Xunta de Galiza da evolución do número de persoas empregadas no sector desde o comezo da pandemia? Coñece a Xunta de Galiza o tipo de contratos realizados?

. Que volume de contratos eventuais existe ou se realizou no sector desde o comezo da pandemia? Cal é porcentaxe de contratos parciais que existe no sector? Que valoración fai a Xunta de Galiza como autoridade laboral sobre a legalidade de esta tipoloxía de contratos e do seu volume relativo sobre o total no sector?

. Que opina a Xunta de Galiza do feito de que moitas persoas con contrato a tempo parcial realicen en realidade xornadas de traballo a tempo completo?

. Que opina a Xunta de Galiza sobre o incumprimento por parte de certas empresas do sector de sentenzas xudiciais sobre os días de preaviso para executar os ERTes?

. Como valora a Xunta de Galiza a xornada anual de traballo no sector galego da automoción en comparación coa que realizan en países da nosa contorna como Italia, Franza ou Alemaña?

. Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre as causas alegadas polas empresas do sector para xustificar os ERTes? Como valora a Xunta de Galiza que as veces estas negociacións coincidan co anuncio de deslocalizacións de parte da produción?

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López
Carme González Iglesias
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/11/2021 18:03:18

Daniel Pérez López na data 23/11/2021 18:03:22

María do Carme González Iglesias na data 23/11/2021 18:03:31





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á situación e ao futuro do sector da automoción en Vigo e Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A automoción constitúe un sector estratéxico e fundamental para a industria de Vigo, e por extensión do conxunto de Galiza, que está a enfrontar importantes complexidades, onde aos retos estruturais que se derivan da transición no modelo produtivo e no cambio tecnolóxico e de vector enerxético, engádese tamén a retracción no propio mercado e, máis recentemente, a crise de aprovisionamento de microchips e outros compoñentes.

Compre subliñar, ademais, que neste sector existe unha crecente precariedade laboral que se expresa nunha elevadísima taxa de temporalidade, o aumento nos contratos a tempo parcial, o empobrecemento salariais e mais o empeoramento das condicións laborais, para alén dos efectos da aplicación arbitraria e inxusta dos ERTE que acabaron por transferir os custos da crise ás traballadoras e traballadores.

A inestabilidade produtiva derivada da falla de garantías de subministro de algúns insumos ten colocado nunha situación de risco e incerteza un número moi relevante de postos de traballo, directos e indirectos. Neste sentido, é moi significativo, que as paradas produtivas teñan afectado, dunha ou doutra maneira, a preto de 20 mil



empregos. O Clúster de Empresas da Automoción de Galiza ten analizado na súa perspectiva que a crise de semicondutores pode prolongar os seus efectos até o 2023 e no caso da planta de *Stellantis* en Vigo estima nun mínimo de 80 mil unidades menos o impacto da mesma na produción deste 2021. Aliás, o encarecemento e falla de subministros en materiais como aceiro, aluminio ou complementos plásticos a nivel global está a agravar aínda máis esta situación.

Grandes fabricantes de microchips seguen anunciando investimentos millonarios noutras partes do mundo, como no caso de Alemaña, Italia ou Holanda, mais tanto o Goberno español como a propia Xunta de Galicia, continúan sen desprezar ningún tipo de acción efectiva para blindar a competitividade e capacidade produtiva do sector da automoción non noso país.

É claro que a mellor maneira de asegurar o futuro do sector da automoción na área de Vigo e no conxunto de Galiza pasa por promover, de maneira activa, a instalación de fábricas de compoñentes nas proximidades da factoría principal. No entanto, a resposta por parte do Goberno español tense reducido a comprometer a instalación dunha fábrica de baterías en Barcelona e apoiar outra en Valencia, mais sen ningún tipo de compromiso concreto e verificable no relativo á área de Vigo e ao conxunto de Galiza, para alén da propaganda oca de que ten participado con entusiasmo o propio alcalde de Vigo nun ronsel de anuncios sen respaldo real. Ao tempo, Portugal vén de confirmar a instalación de plantas de compoñentes no seu territorio despois e que fose deslocalizada unha parte da produción sediada en Galiza. Tal e como están a denunciar organizacións sindicais, como a CIG, que Galiza non conte cunha planta de fabricación de batería suporía excluír, na práctica, o sector galego da automoción do taboleiro da fabricación do coche eléctrico.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É necesario tamén actuar con decisión fronte a ameaza grave e real que representan a deslocalización produtiva para o sector do automóbil e que se materializa no feito de que nos últimos 8 anos non se teña constituído ningunha nova empresa do sector na área de Vigo e en que a produción estea equiparada á do ano 2007, antes da crise, mais soportada por un 40% menos de postos de traballo.

Como exemplo concreto e claro desta problemática está a compañía *Borgwarner*, na que mentres a planta de Vigo fica baixo a ameaza de peche a mesma multinacional anuncia a apertura dunha nova factoría de motores eléctricos en Viana do Castelo.

En definitiva, Vigo non estaría nesta altura incluída dentro do itinerario de cidades industriais para os fabricantes de coches europeos, como resultado dunha política industrial baleira onde unicamente se posta polo sector servizos e o turismo.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

.Ten previsto o goberno galego, xunto co goberno español, no exercicio das súas competencias e de maneira coordinada, promover a instalación na área de Vigo dunha fábrica de baterías e poñer en marcha un plan para a atracción de plantas de fabricación para a súa instalación en Galiza dos novos compoñentes dos coches eléctricos, como motores de tracción, cargadores de a bordo, novos sistemas de tracción, inversores e portos de carga?

. Considera o goberno galego necesario impulsar un Plan Galego pola Automoción, que promova a instalación na Galiza de novos actores e actividades





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

industriais relacionados co sector, que rachen coa excesiva dependencia actual dun único gran fabricante, e que garantan a produción na Galiza de aqueles compoñentes críticos de máis valor engadido?

. Ten pensado goberno galego desenvolver unha política industrial que faga posible fabricar en Galiza calquera novo compoñente derivado da transición ao automóbil non contaminante tanto para eléctrico, gas ou hidróxeno?

. Vai o goberno galego constituír unha Mesa Galega da Automoción na que estean presentes a Xunta de Galiza, o clúster empresarial, as tres centrais sindicais máis representativas de Galiza e as tres universidades?

. Cre o goberno galego necesario poñer en marcha unha Tarifa Eléctrica Galega competitiva que reverta no sector industrial do país os beneficios de sermos produtores de electricidade?

. Vai o goberno galego despregar medidas concretas para garantir a protección da saúde, o rexuvenecemento dos cadros de persoal, a contratación por xornadas completas, a aplicación do convenio provincial do metal para empresas sen convenio propio como chan salarial, así como a adaptación da formación profesional pública á nova realidade tecnolóxica?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Carme González Iglesias**
Ramón Fernández Alfonso





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 28/12/2021 19:49:17

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/12/2021 19:49:20

María do Carme González Iglesias na data 28/12/2021 19:49:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre os prazos das subvencións ás de federacións e asociacións de comerciantes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada ano a Consellería de Economía, Industria e Comercio convoca as “*Subvencións as asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galiza*” e as “*subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro de ámbito superior ao municipal ou federacións, para a revitalización do comercio de proximidade e a incentivación do consumo a través do ticket de dinamización comercial*” co obxecto de apoiar ao pequeno comercio das vilas e cidade de Galiza.

Estas axudas, que eran convocadas anualmente moito antes da aparición da Covid, entre marzo e abril de cada ano, tarde xa se temos en conta que se resolvían en outubro, cando quedaban só un mes para xustificar e gastar a subvención, unha subvención que correspondía a todo o ano.

No ano 2021, cando a situación do pequeno comercio era crítica polos efectos da pandemia, foron convocadas máis tarde do habitual, o 28 de xullo e o 10 de agosto respectivamente, e foron resoltas a finais do mes de outubro, moi tarde e dunha maneira caótica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É importante salientar que estas son asociacións sen fin de lucro e que a súa capacidade de actuación depende nunha grande medida das axudas e subvencións que reciben das administracións. Neste caso, a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ten as competencias en materia de comercio e é a súa función poñer en marcha políticas de apoio ao tecido comercial galego, especialmente nunha situación de crise como na que se atopa o sector na actualidade.

Tamén cabe salientar que o crédito orzamentario destinado a estas axudas ven sendo practicamente o mesmo dende hai anos, un dato que indica a política continuísta que practica a Xunta de Galicia e a importancia que lle da a unha actividade que, non só é un sector de gran importancia na economía galega, senón que é fundamental para a dinamización social e urbanística dos nosos pobos, vilas e cidades e para evitar o despoboamento do rural galego.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

. Como valora o goberno galego o proceso de convocatoria e resolución das “Subvencións as asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galiza” e as “subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro de ámbito superior ao municipal ou federacións, para a revitalización do comercio de proximidade e a incentivación do consumo a través do ticket de dinamización comercial” do ano 2021 foi o adecuado para a situación de crise na que se atopa o comercio galego?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cre o Goberno galego que as “*Subvencións as asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro para a dinamización dos centros comerciais abertos e prazas de abastos de Galiza*” e as “*subvencións ás asociacións de comerciantes sen fins de lucro de ámbito superior ao municipal ou federacións, para a revitalización do comercio de proximidade e a incentivación do consumo a través do ticket de dinamización comercial*” foron convocadas e resoltas no prazo axeitado para que as entidades ás que van dirixidas poidan organizar as actividades subvencionadas con tempo suficiente ao longo do ano e cumpriron os obxectivos que ían pretendendo?

. Ten previsto o goberno galego incrementar o crédito orzamentario para estas axudas no ano 2022, de acordo coa importancia que o sector ten para Galiza.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2021

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 04/11/2021 17:52:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 04/11/2021 17:52:54

Daniel Pérez López na data 04/11/2021 17:53:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á concesión de subvencións a empresas do sector da automoción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector de automoción en Galiza é unha actividade de vital importancia na economía galega, tendo unha forte incidencia no noso Produto Interior Bruto. Ten un gran peso específico, principalmente no sur do país. Porén, dende hai anos esta actividade esta sendo deslocalizada ao norte de Portugal e a outros países con baixos custes, implicando unha grande perda de postos de traballo, o que afecta gravemente ao noso país.

As entidades públicas, como a Xunta de Galiza e o Goberno Central conceden subvencións con diñeiro público a moitas destas empresas do sector da automoción. Cómpre, polo tanto, avaliar se o seu outorgamento está a repercutir positivamente no mantemento e creación de postos de emprego, así como da calidade dos mesmos, e en evitar a deslocalización da actividade produtiva.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que axudas foron outorgadas por parte da Xunta de Galiza desde o ano 2009 á actualidade á empresa Stellantis, antiga PSA Peugeot Citroen? Cantas? Para que obxectivo? Con que contía? Con que contía xustificada finalmente? Con que mecanismos de avaliación e control?

. Cantos convenios? De que tipo? Para que obxectivo? Con que contía? Con que contía xustificada finalmente? Con que mecanismos de avaliación e control?

. Cantas contratacións públicas obtivo esta empresa? Para que obxectivo? Con que contía? Con que mecanismos de avaliación e control?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 28/12/2021 19:56:01

Daniel Pérez López na data 28/12/2021 19:56:05





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/12/2021 19:56:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre á situación do sector comercial galego e as medidas necesarias para a súa reactivación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pequeno comercio galego, arrastraba xa unha profunda crise, con causas fondas como a ausencia dun sistema financeiro propio, as consecuencias da crise do 2008, a emerxencia do comercio en liña, o avance das grandes superficies comerciais, a liberalización abusiva dos horarios, a política abusiva de rebaixas das grandes firmas e a falta de apoio institucional por parte da Xunta de Galiza, que nestes 11 anos de goberno de Núñez Feijóo tamén asumiu en silencio a vulneración de competencias propias por parte do goberno central.

Con esta situación previa, o impacto da crise da covid-19 afecta de forma drástica ao sector e pon en xaque o seu futuro nun contexto no que o consumo da cidadanía se prevé moderado pola constrición económica e pola perda de postos de traballo.

Todos os datos indican importante caídas de vendas, peche de establecementos, perda de postos de traballo... que están levando á desaparición do tecido comercial galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O sector do comercio en Galiza, e nomeadamente o pequeno comercio, tanto en termos de número de establecementos como de persoal ocupado, é de capital importancia para a economía e a sociedade galega. Ademais do importante papel que o comercio xoga na vertebración do territorio, das vilas, cidades, barrios e aldeas de Galiza, xa non só garantindo o abastecemento da poboación, senón como dinamizadores do espazo e evitando a desertización dos núcleos rurais.

Este sector de vital importancia en Galiza está a padecer unha situación crítica que as medidas, que tanto o Goberno español como o Goberno galego están tomando, non están evitando o peche de negocios e a perda de postos de traballo, e que teñen como consecuencia a paralización da economía, a falla de crédito, a caída do consumo.

Ao mesmo tempo, esta crise supuxo tamén na cidadanía unha importante reflexión colectiva arredor da importancia do próximo, e do papel das e dos pequenos comerciantes. Este aumento da conciencia social sobre a inviabilidade dun modelo económico que prima as grandes firmas debe ser recollido por parte das administracións. Neste sentido, é fundamental actuar no inmediato e no medio prazo para evitar o peche dos negocios do pequeno e mediano comercio senón tamén a aposta por un cambio de modelo onde este sexa central.

Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que é fundamental actuar con urxencia para garantir a supervivencia dos negocios e dos postos de traballo dun sector que constitúe un pilar da nosa economía, e non entendemos a pasividade da Xunta de Galiza ante a grave situación que atravesamos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cre o Goberno galego que no inmediato as medidas que tomou garanten a supervivencia do pequeno comercio en Galiza?

- É consciente o goberno galego de que a falta de liquidez dos negocios os está levando ao peche?

- Que medidas de apoio promoveu e vai promover a Xunta de Galiza para garantir a supervivencia do tecido galego do pequeno e mediano comercio ao tempo que impulsa un cambio de modelo?

- Que medidas prevé a Xunta de Galiza de ámbito económico a través de axudas directas?

- E para garantir o acceso ao crédito?

- É consciente a Xunta de que a liberalización de horarios e descontos beneficia ás grandes multinacionais pero dilapida o comercio local?

- Vai defender a Xunta de Galiza a fin de políticas de oferta abusivas?

- Que medidas vai impulsar a Xunta de Galiza para garantir unha nova regulación de horarios que promova unha distribución racional dos tempos e a competitividade do pequeno comercio?

- Vai aprobar a Xunta de Galiza unha moratoria para impedir a implantación de novas grandes superficies comerciais?

- Vai impulsar a Xunta de Galiza un imposto ás grandes superficies comerciais e reverter o recadado no comercio pequeno e de proximidade, toda vez a lexislación europea xa abala a súa existencia?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/12/2021 19:58:07

Daniel Pérez López na data 28/12/2021 19:58:12

María do Carme González Iglesias na data 28/12/2021 19:58:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, M^a Carme González Iglesias e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6^a**, sobre a situación do ESTALEIRO BARRERAS DE VIGO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde os anos 70 nos que a construción naval civil no Estado Español representaba o 5% do mercado mundial o peso e a importancia de esta industria no deixou de minguar até o actual menos do 1% do total de construción naval civil da UE.

E contra o que se poida crer maioritariamente, os construtores que gañaron unha boa parte da cota de mercado española non foron os asiáticos, senón os de outros estados da UE, que si souberon promover unha industria con un marcado carácter exportador, que xera un elevado volume de emprego, e que demanda unha enorme diversidade de produtos e servizos de alto valor engadido. Demanda que foi chave para que a industria complementaria da construción naval e das tecnoloxías marítimas da UE cope hoxe o 50% do mercado mundial.

Non pasou o mesmo, como dicimos, no estado español, que abandonou por completo unha industria que no caso galego foi fundamental para a nosa industrialización, e que hoxe coas políticas apropiadas pode servir de panca fundamental para a nosa re-industrialización, e activación económica, xa que segundo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

datos do sector cada euro de investimento ten un efecto multiplicador do 4,5 en valor engadido.

O caso do estaleiro BARRERAS na ría de Vigo é un exemplo dunha empresa con grandes capacidades, demostradas en fitos construtivos recentes nos segmentos máis avanzados tecnoloxicamente, e que aínda estando na actual situación é referencia no mercado.

Mais a situación actual, con unha nova propiedade e dirección colocada na dupla posición de armador-construtor, e unha permanente revisión e corrección dos acordos de refinanciación, está a provocar unha enorme e continua tensión en toda a industria auxiliar, que segundo algúns dos afectados pode tornarse insuperable, provocando unha crise de niveis catastróficos na comarca.

De igual xeito, diferentes organismos públicos como o IGAPE ou o CESCE teñen comprometidas na viabilidade de BARRERAS importantes cantidades de diñeiro.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Coñece a Xunta de Galiza as negociacións en marcha entre BARRERAS e a súa industria auxiliar?
- Coñece a Xunta de Galiza a situación actual do departamento comercial de BARRERAS?
- Confía a Xunta de Galiza en que o actual proxecto empresarial dos novos propietarios de BARRERAS se manteña alén da entrega dos seus propios proxectos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como pode repercutirlle á Xunta de Galiza un posíbel incumprimento das condicións do actual contrato do cruceiro EVRIMA?

- Que repercusións tería sobre as débedas pendentes dos proxectos anteriores?

- Como valora que pode repercutir ese incumprimento ao tecido empresarial de Vigo?

- Cantos postos de traballo calcula a Xunta que están en xogo nesta nova crise do estaleiro BARRERAS?

- Que actuacións ven realizando a Xunta ou ten pensado realizar para solucionar o problema?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

M^a Carme González Iglesias

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 28/12/2021 20:13:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 28/12/2021 20:14:05

María do Carme González Iglesias na data 28/12/2021 20:15:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a implantación dunha plataforma de venda on-line galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise da Covid-19 viu a agravar unha situación que xa arrastraba o comercio galego. Nos últimos anos a perda de negocios no país foi constante, as consecuencia da crise de 2008, a emerxencia do comercio en liña, o avance das grandes superficies comerciais, a liberalización abusiva dos horarios, a política abusiva de rebaixas das grandes firmas e a falta de apoio por parte da Xunta de Galiza puxo ao sector nunha situación crítica.

En xaneiro de 2020, antes de aparecer o coronavirus na nosa vida, as vendas 'online' e a despoboación lastraban o pequeno comercio con tres peches ao día. No ano 2019 Galiza perdeu case que 1200 pequenos comercio de proximidade. Dende 2015 Galiza perdeu preto de 6000 negocios do sector.

Como xa indicamos, son varios os motivos que levan ao peche ao pequenos comercio e é preciso tomar medidas que garantan a supervivencia do tecido comercial do noso país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O comercio de proximidade xera riqueza, humaniza as cidades e impide a desertización das nosas vilas, é preciso modificar hábitos, potenciar a nosa economía e dar saída á produción galega.

Un dos grandes problemas cos que se atopa o pequeno comercio e o crecemento das vendas online, que se intensificou durante o confinamento en persoas que xa o utilizaban e persoas que non o facían, mudaron o hábito e lanzárense a mercar produtos online polo medo a acudir á tenda física e expoñerse ao contaxio, e unha vez que o probaron continúan a facelo.

Nos últimos días estamos a ver como grandes cadeas como Zara, H&M, etc. están anunciando o peche de tendas físicas polo gran incremento das súas vendas na súa tenda online.

Neste contexto faise necesaria a posta en marcha dunha plataforma de venda por internet para todo o tecido comercial galego. Unha plataforma que aglutine a todo o comercio galego, con orzamento e infraestrutura suficiente para poder competir coas grandes plataformas actuais.

A Xunta de Galiza ten que facer unha aposta orzamentaria decidida para poñer en marcha esta plataforma, ao mesmo tempo que se active un plan de formación para as persoas que traballen no sector, de tal maneira que a iniciativa sexa realmente eficaz e poida competir no mercado. Tamén é precisa unha campaña publicitaria que contribúa ao seu éxito.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cre o Goberno galego que o comercio online está prexudicando ao pequeno comercio?

. Pensa a Xunta de Galiza poñer en marcha unha plataforma de venda online, cun orzamento axeitado, que acolla a todo o comercio galego, cun plan de formación para as persoas que traballan no sector e cunha campaña publicitaria que lle permita competir coas grandes plataformas existentes?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021

Asdo.: **Carme González Iglesias**

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 28/12/2021 20:18:21

Daniel Pérez López na data 28/12/2021 20:18:26

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/12/2021 20:18:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Daniel Pérez López e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a constitución dunha Mesa Galega da Automoción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actual crise producida pola pandemia da COVID19 está a provocar unha aceleración da dixitalización e descarbonización da economía, o que representa un novo abano de oportunidades, mais tamén un grave risco para moitas actividades e para os empregos asociados.

Observamos como os avances tecnolóxicos están xerando polos de desenvolvemento moi localizados xeograficamente, onde se concentra o investimento e, polo tanto, tamén os seus rendementos. E comprobamos como Galiza queda ao marxe de eses investimentos mentres a Xunta acepta pacificamente os resultados da súa irrelevancia política no contexto estatal.

A CIG-INDUSTRIA denunciaba no ano 2018 un descenso da actividade no sector da automoción en Galiza debido a diferentes factores que afectaban tanto aos cadros de persoal de PSA Peugeot Citroen como das empresas de compoñentes.

A mesma central sindical alerta nesta ocasión das nefastas consecuencias para o emprego no sector que a chamada transición enerxética, cos cambios na mobilidade e





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tecnolóxicos que trae asociados, podería provocar no noso país, sen unha axeitada e pronta resposta por parte de todos os axentes presentes no sector.

Chaman a atención sobre o feito de termos unha produción moi orientada a vehículos para profesionais e/ou de baixo custo, sectores que mercan fundamentalmente vehículos diésel. Unha problemática que pode resultar especialmente grave se temos en conta que o 80% da produción está destinada a exportación, e desta porcentaxe, unha parte maioritaria a países da UE.

Países que están apostando decididamente por aquelas tecnoloxías que garantan unha mobilidade sen emisións ou con emisións moi reducidas. Unha aposta que non vemos a día de hoxe no sector da automoción galego.

Outro factor absolutamente crítico no sector, e moi de actualidade, é a seguridade nas cadeas de subministros, sobre todo de microchips. Elementos que coa electrificación dos vehículos e cos avances na conducción autónoma van ver aumentada a súa importancia.

O novo paradigma enerxético, e o contexto de fortes pugnas polos investimentos, fai que os gobernos de países periféricos como Galiza deban ser especialmente proactivos na elaboración e impulso de plans para aqueles sectores, como o da automoción, especialmente sensibles aos cambios en marcha.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

. Que cantidades económicas vía subvencións ten concedido a Xunta de Galiza directamente ou a través das súas diferentes entidades e organismos a favor da empresa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PSA actual STELLANTIS desde o ano 2000? En que exercicios? A que programas dos diferentes orzamentos se imputaron os gastos?

. Que cantidades económicas vía subvencións ten concedido a Xunta de Galiza directamente ou a través das súas diferentes entidades e organismos a favor do CEAGA desde o ano 2000? En que exercicios? A que programas dos diferentes orzamentos se imputaron os gastos?

. Que medidas toman a Xunta de Galiza e os seus organismos para garantir que as subvencións concedidas ao sector da automoción axudan á creación de emprego nos centros galegos de estas empresas?

. Que plans ou proxectos vinculados ao sector da automoción con participación da Xunta de Galiza existen na actualidade? En que consisten? En que consiste a participación pública?

. Que estimacións manexa a Xunta de Galiza en canto a variacións no emprego que pode traer aparelado o cambio tecnolóxico no sector?

. Que plans ten a Xunta de Galiza para promover a fabricación de vehículos sen emisións no noso país? Ten algún proxecto para a instalación dunha fábrica baterías? Ten algún proxecto para impulsar a tecnoloxía de hidróxeno no sector?

. Que plans ten a Xunta de Galiza para promover a instalación de fábricas de microchips?

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 28/12/2021 20:28:12

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/12/2021 20:28:19

María do Carme González Iglesias na data 28/12/2021 20:28:31



Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez e José Luis Ferro Iglesias, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Pregunta oral para o seu debate en Comisión 4ª Educación e Cultura.

Ao longo do tempo, a Xunta de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e a de Vigo foron quen de acadar acordos e executar varios plans de financiamento universitario de carácter plurianual.

Neste contexto de planificación das achegas económicas autonómicas, as universidades públicas galegas unha estabilidade financeira envexada no resto do sistema universitario do Estado.

No 2021 estivo vixente o Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia para o período 2016-2020, logo de que se acordase a súa prórroga como paso previo á negociación dun novo documento. Neste ano tamén se iniciaron os contactos entre a Xunta e as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña para avanzar no deseño do novo plan de financiamento.

A vontade de diálogo e consenso permitiu que, a comezos do pasado mes de novembro, a Xunta e as tres universidades públicas galegas concretasen as principais liñas do Plan de Financiamento Universitario de Galicia 2022-2026.

Xa en decembro 2021, fíxose público o informe favorable do Consello Galego de Universidades para un Plan de Financiamento Universitario para o período 2022-2026 que mobilizará 3.200 millóns de euros no próximo lustro. Asemade, neste mesmo mes, o Consello da Xunta aprobou a folla de ruta do novo financiamento universitario para os próximos cinco anos, que implica case un 30% máis dos fondos inicialmente previstos para o plan no período 2016-2020.

O Grupo Parlamentario Popular considera positivo ter acadado este acordo e tamén que se fixasen novidades respecto dos anteriores plans de financiamento para reforzar aínda máis o Sistema Universitario de Galicia (SUG)

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego sobre o sistema de financiamento do SUG?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 29/12/2021 10:32:58

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 10:33:36

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 10:33:50

Rodríguez Pérez, Moisés na data 29/12/2021 10:34:13

Gómez Salgado, Carlos na data 29/12/2021 10:39:01

María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/12/2021 10:39:10

José Luis Ferro Iglesias na data 29/12/2021 10:39:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez e José Luis Ferro Iglesias, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Pregunta oral para o seu debate en Comisión 4ª Educación e Cultura

As universidades públicas integradas no Sistema Universitario de Galicia (SUG) veñen desenvolvendo unha gran labor no campo da investigación científica, conscientes da necesidade de proporcionar á sociedade ferramentas e recursos que permitan maiores cotas de benestar e crecemento económico e social.

Nesta tarefa, a Administración autonómica non é allea a un proceso necesario e imprescindible de colaboración e cooperación entre os centros de formación, coñecemento e investigación das nosas universidades.

Mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria, reforzar a captación de talento, consolidar os centros de investigación universitaria son obxectivos que deben ser compartidos pola Administración autonómica, as propias universidades e a sociedade en xeral.

Recentemente, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as tres universidades galegas analizaron no Consello Galego de Universidades o novo Plan de Financiamento Universitario para o período 2022-2026. Segundo transcendeu publicamente, a nova folla de ruta do financiamento universitario reforza a aposta pola investigación universitaria galega, xa que o novo plan prevé un incremento do 41% para este fin, ata chegar aos 400 millóns de euros.

Neste contexto de apoio financeiro e de impulso da investigación universitaria promovida pola Consellería, en colaboración coas tres universidades públicas galegas, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Pleno/Comisión:

Cales son as liñas de traballo para impulsar e consolidar a investigación científica e universitaria en Galicia ?

Santiago de Compostela, 29 de decembro 2021.



Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 29/12/2021 10:57:14

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 10:57:25

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 10:57:37

Rodríguez Pérez, Moisés na data 29/12/2021 10:58:03

Gómez Salgado, Carlos na data 29/12/2021 10:58:14

María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/12/2021 10:58:22

José Luis Ferro Iglesias na data 29/12/2021 10:58:32

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En decembro de 2020, a Unión Europea e o Reino Unido acadaban o acordo sobre o Brexit. Un acordo que supuxo un verdadeiro fracaso para a pesca comunitaria e, nomeadamente, para a pesca galega.

Un fracaso que, hai que lembralo, foi celebrado polo Goberno español e amosou con claridade a nula importancia que ten para a UE e para o Estado a pesca galega e, por outra banda, a falla de peso político de Galiza nesas institucións.

Do resultado do acordo deriváronse consecuencias moi negativas para a nosa pesca, que xa foran advertidas polo sector e que incluso o Goberno galego recoñeceu en distintas comparecencias públicas. Pero só as recoñeceu porque, precisamente a súa falla de actuacións, aínda na actualidade, situou a Galiza nunha tesitura que se presume irreversible e que aínda é moi susceptible de empeorar, sobre todo despois do 2026, cando o acceso ás augas do Reino Unido deberá negociarse ano a ano e as posibilidades de pesca diminuirán aínda máis.

E só após o acordo, a Xunta de Galiza foi quen de anunciar unha serie de actuacións que, a día de hoxe, un ano despois, aínda non deron ningún froito e que non





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

foron moito máis alá de meras declaracións de disconformidade co acordo e da posta en marcha dunha serie de contactos dos que se descoñece resultado algún.

Así quedou de manifesto na intervención da secretaria xeral técnica da Consellaría do Mar na Comisión de Pesca do Parlamento galego o pasado cinco de outubro, na que deu conta do seguinte:

1º.- O Pleno do Consello Galego de Pesca, na súa reunión do cinco de xaneiro, acorda:

- Encargar dous informes para coñecer “o impacto e posibilidades de actuación diante da situación creada” polo acordo do Brexit.

- Aproba unha Folla de Ruta “para a defensa dos intereses pesqueiros galegos” diante de todas as institucións.

Nin dos informes nin da Folla de Ruta tivo coñecemento o Parlamento Galego.

Máis de dous meses despois da sinatura do acordo entre a UE e o Reino Unido, tivo lugar a comparecencia da conselleira de Mar no Pleno do Parlamento, o nove de marzo, e diante da apelación do BNG, manifestou que os informes eran públicos e accesíbeis dende a páxina web da Consellería. Constatamos que esa aseveración era falsa e vímonos na obriga de pedilos mediante o mecanismo establecido no Regulamento da Cámara recollido no artigo 9.

2º.- No Pleno do Consello Galego de Pesca do vinte de febreiro, os seus membros coñeceron os informes encargados no mes de xaneiro. Un, técnico-administrativo, sobre a incidencia do acordo na actividade extractiva e na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comercialización dos produtos pesqueiros e, outro, sobre as implicacións xurídicas do mesmo.

A secretaria xeral técnica non aclarou á Comisión de Pesca do cinco de outubro nin a que conclusións chegou o Consello Galego de Pesca após o coñecemento deses informes, nin as accións que se determinaron a raíz das mesmas.

Nese mesmo Pleno do Consello Galego de Pesca creouse un grupo de traballo “para o seguemento e análise da situación xerada no sector pesqueiro” após o acordo entre a UE e o Reino Unido. Un grupo de traballo que se reuniu varias veces sen que os resultados desas reunións e das actuacións levadas a cabo a raíz das mesmas fosen tampouco informados á Comisión de Pesca pola secretaria xeral técnica da Consellaría do Mar.

Ese grupo de traballo, unha vez coñecidos os informes, tamén debía “establecer as prioridades do sector pesqueiro galego para os vindeiros exercicios”. Tampouco se informou na Comisión de Pesca cais foron as prioridades establecidas e que actuacións conlevaron ou van conlevar.

3º.- No mes de marzo, o grupo de traballo reúnese co presidente da Xunta de Galiza. Unha reunión na que o presidente “manifestaba o seu apoio á nosa liña de actuación” -que tampouco coñecemos- e que “en breve, plasmarase en accións de traballo a prol do sector”.

É dicir, nove meses despois desa reunión, aínda estamos agardando á plasmación das “accións de traballo”.

4º.- Segundo a propia secretaria xeral técnica tamén se levaron a cabo, “conforme á folla de ruta”,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- reunións coa directora xeral de Asuntos Marítimos e Pesca da Comisión Europea, co presidente da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo e co ministro portugués presidente de turno do Consello nese momento, para “trasladarlle o impacto que o acordo ten en Galiza e máis estes informes”.

- Reunións co Comité das Rexións e coas comunidades e rexións do Arco Atlántico, “na busca de aliados para avaliar e reconducir esta situación”.

- A través da Fundación Galicia Europa comezouse a traballar con Bretaña “nun dictame sobre o Fondo de Axuste do Brexit”.

5º.- Nos Consellos de Ministros europeos de marzo e de xullo para fixar os TAC e cotas para 2021, a Xunta constata o que leva anos obviándose neses Consellos, “a importancia de ter en conta os aspectos sociais e económicos na fixación das posibilidades de capturas, de acordo coa PPC”.

6º.- En colaboración coa Alianza Europea de Pesca preténdese conseguir a terceira carta de apoio á frota europea, mais aínda non foi posíbel porque “non é doado e debemos buscar os puntos de unidade antes de lanzar a proposta definitiva”.

7º.- Tamén, segundo a secretaria xeral, contéplanse encontros con rexións costeiras atlánticas nas que o acordo tivese un alto impacto, como as francesas ou irlandesas, mais aínda non existe concreción.

8º.- Avanzouse na elaboración doutro informe, neste caso co “propósito de analizar vías de actuación nun dos posíbeis efectos negativos indirectos” do Brexit, como é o impacto económico da posíbel perda de intercambio de cotas, pero antes “debemos ver como e onde afecta para podermos despois traballar nese sentido”.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En definitiva, un ano despois, na práctica as únicas accións tanxíbeis polo sector foron a habilitación dunha solución á frota para poder descargar nos portos do Reino Unido durante as fins de semana e festivos e, por outra banda, a designación dos portos de Burela e Celeiro para operacións de desembarque e transbordo de produtos da pesca e prestación de servizos portuarios a buques pesqueiros de terceiros países.

Nestes momentos, pois, ás portas dos debates sobre as cotas pesqueiras para 2022 en augas británicas, constatamos moita propaganda, escasos avances e, sobre todo, un importante desleixo á hora de facer todas as xestións políticas necesarias no camiño de dar cumprimento ao acordo do Pleno do Parlamento galego do pasado dez de febreiro, onde ficou aprobado que a Xunta de Galiza

- Leve a cabo sen dilación todos os trámites necesarios diante do goberno do Estado para o recoñecemento de Galiza como zona altamente dependente da pesca, para dar protección ao sector e para mellorar o seu acceso ás cotas de pesca e ao financiamento da súa actividade produtiva.

- Demande do goberno do Estado a realización de todas as xestións precisas para promover a revisión do chamado “principio de estabilidade relativa” no seo da UE, como garantía dun reparto equitativo e axustado ás capacidades produtivas de cada país, que hoxe non existe.

- Inste ao goberno do Estado ao recoñecemento da capacidade de negociación de Galiza, da súa participación e consentemento naquelas cuestións de especial relevancia para a súa economía, nomeadamente en materia pesqueira.

- Programe e leve a cabo plans de continxencia e de apoio económico e social para o sector pesqueiro e para as zonas máis afectadas polo Brexit, que palíen as consecuencias máis inmediatas do mesmo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

1.- Que valoración fai a Xunta de Galiza do traballo realizado para a defensa do sector pesqueiro galego dende o momento do acordo entre a UE e o Reino Unido, relativo ao Brexit, ata a actualidade?

2.- Que actuacións levou, e vai levar, a cabo en cumprimento do acordo do Parlamento galego do pasado dez de febreiro?

3.- Cales son as conclusións ás que chegou o Consello Galego de Pesca sobre os informes elaborados pola Fundación Marinnleg e polo Insituto de Estudios Europeos Salvador de Madariaga? Que accións se emprenderon a raíz das mesmas?.

4.- Cales son as accións que se contemplan na Folla de Ruta aprobada na reunión do Consello Galego de Pesca do cinco de xaneiro “para a defensa dos intereses pesqueiros galegos” diante de todas as instancias?.

5.- Que “prioridades do sector pesqueiro galego para os vindeiros exercicios” estableceu o grupo de traballo creado no seo do Consello Galego de Pesca? Que accións conlevaron e/ou van conlevar?.

6.- Que “accións de traballo a prol do sector” se derivaron da reunión do grupo de traballo co presidente da Xunta de Galiza no pasado mes de marzo?.

7.- Cales foron as conclusións extraídas das reunións coa directora xeral de Asuntos Marítimos e Pesca da Comisión Europea, co presidente da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo e co presidente do Consello no momento da súa celebración?.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

8.- A que conclusión se chegou nas reunións co Comité das Rexións e coas comunidades e rexións do Arco Atlántico para “reconducir” a situación?.

9.- Casi son os avances, e conclusións se existiran, do “dictame sobre o Fondo de Axuste do Brexit” que se realizou con Bretaña?.

10.- Existe un calendario e programa previsto para a realización de encontros coas rexións costeiras atlánticas nas que o acordado Brexit tivo un alto impacto?. De ser así, cal é a súa concreción?

11.- Que conclusión se extraen do informe sobre o impacto económico da posíbel perda de intercambio de cotas?. Que accións se puxeron, ou se van poñer, en marcha a raíz desas conclusións?

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 02/12/2021 16:58:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 02/12/2021 16:58:09

Daniel Castro García na data 02/12/2021 16:58:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de setembro pasado, a Comisión de Pesca aprobou, a iniciativa do Partido Popular e por unanimidade instar a Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno de España para demandar diante da UE e da OMC unha defensa pechada para frear a proposta de prohibir as subvencións á compra ou a cubrir os custos de combustible, cuxo obxectivo é a defensa da igualdade global da actividade marítimo-pesqueira e da competitividade e sustentabilidade da nosa frota”.

No mes de outubro, e tamén a iniciativa do Partido Popular, o Pleno da Cámara aprobou idéntico acordo con idéntica unanimidade.

Ambos os dous acordos tomábanse diante da preocupación que estaban a suscitar as negociacións da Organización Mundial do Comercio (OMC) sobre as axudas que recibe o sector pesqueiro, nomeadamente diante da posibilidade da eliminación das exencións fiscais aos combustíbeis. A OMC non logrou tomar o acordo que pretendía na súa reunión do 15 de xullo e, finalmente, o debate que se presume sexa definitivo terá lugar nos primeiros días do mes de decembro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Curiosamente, nas mesmas datas da reunión clave da OMC en xullo para regular por primeira vez os subsidios á pesca, a Comisión Europea anuncia un paquete de medidas, denominado “Fit for 55”, para acelerar os obxectivos do cumprimento do Pacto Verde Europeo, que non motivou ningunha iniciativa por parte do Grupo Popular de Galiza malia a ser considerado polo sector pesqueiro tanto ou máis prexudicial que as pretensións da OMC.

O “Fit for 55” ten como obxectivo reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro nun 55% para 2030 e, para conseguilo, a Comisión presentou diferentes propostas entre as que figura a revisión da Directiva de Tributación da Enerxía. A idea é fomentar o uso das tecnoloxías limpas e eliminar os prezos de combustíbeis libres de impostos dos que viña beneficiándose o sector pesqueiro.

Paradoxicamente, pois, a UE defende o mantemento das exencións fiscais aos combustíbeis na pesca diante da OMC e, a nivel interno, pretende gravar os carburantes fósiles a partir de 2023. E non só, a contradición aumenta cando a postura da UE é a promoción do uso das tecnoloxías limpas e a da OMC a eliminación de todos os subsidios, tamén os referidos á modernización das embarcacións.

A proposta, que outorga aos Estados membros a capacidade de fixar a intensidade do gravame a partir dun mínimo de algo máis de tres euros por cada 100 litros, “deixaría aos pequenos pescadores nunha peor situación” e “aumentaría os riscos para o medio mariño polo incremento de repostaxes en alta mar no caso dos buques que pescan en augas internacionais”, segundo recoñeceu o propio vicepresidente da Comisión Europea.

É, precisamente, o caso de Galiza, onde a pesca maioritaria é a artesanal, con preto de 4.000 embarcacións que sufrirían consecuencias irreversíbeis. No caso das





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

frotas de altura e gran altura, os custos de combustíbel poden acadar máis do 40% dos gastos dunha empresa e encher o depósito de 300.000 litros dun buque medio pode representar un subrecuste de 10.500 euros. As cantidades dispáranse aínda máis se falamos de barcos de gran altura con depósitos de combustíbel que están entre os 800.000 e 1.300.000 litros.

Estamos pois, máis unha vez, diante dunha política da Unión dirixida ao despezamento e á eliminación da frota, nomeadamente a artesanal, neste caso maquillada de transición ecolóxica e dunha descarbonización que, si, vaise producir pero pola vía da desaparición de miles de embarcacións.

De novo, os factores social e económico que a propia PPC indica que se deben ter en conta á hora de tomar medidas, esváense en aras dunha transición que é totalmente inxusta para países altamente dependentes da pesca, como é o caso de Galiza.

De efectivizarse, a proposta da Comisión.

- Incrementaría aínda máis a redución de case o 50% que acadou a frota comunitaria dende os anos 90.
- Favorecería a xa considerábel expansión das grandes frotas de terceiros países.
- Diminuiría a operatividade nos portos galegos, diante da existencia de combustíbel máis barato en portos non comunitarios.
- Induciría á perda de miles de postos de traballo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Non contribuíría á descarbonización da frota debido ao baixo desenvolvemento de combustíbeis alternativos aos actuais e ao da tecnoloxía necesaria para o seu almacenamento e emprego.

A modificación da Directiva xa superou o pasado día 18 a súa fase de recepción de consideracións, que se trasladarán posteriormente ao Consello e ao Parlamento europeo, mais a proposta xa contempla que non haberá medidas de compensación malia a que o sector xa advertiu que non pode soportar máis custos e que, de levárense a cabo as medidas propostas, o impacto económico e social será incalculábel.

Diante, pois, deste escenario chama poderosamente a atención que non transcenderan, dende o mes de xullo no que se deu a coñecer o “Fit for 55”, nin opinións nin valoracións por parte da Xunta de Galiza nin do Estado español. A día de hoxe descoñecemos o seu posicionamento diante da proposta da Comisión e diante, sobre todo, da preocupación extrema que xa ten amosado o sector a través dos portavoces da Federación de Confrarías e de distintas asociacións representativas.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Que valoración fai a Xunta de Galiza do paquete de medidas anunciado pola Comisión Europea no mes de xullo e denominado “Fit for 55”, nomeadamente da proposta de modificación da Directiva de Tributación da Enerxía?

. Ten tomado algún posicionamento ao respecto da proposta da Comisión, de modificación da Directiva de Tributación da Enerxía? De ser así, en que sentido?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten trasladado as súas consideracións á Comisión a respecto da modificación que se propón?

. Ten establecido algún contacto ou diálogo co sector pesqueiro sobre a proposta da Comisión?

. Levou, ou vai levar, a cabo algún tipo de estudo ou informe que poda analizar as consecuencias sociais, económicas e laborais que se derivarían da aplicación da nova normativa para o sector pesqueiro galego e para o conxunto do país?

. Vai facer valer o Goberno galego o carácter de país altamente dependente da pesca de Galiza diante da UE?

. Vai tentar reverter a proposta da Comisión Europea e tomar todas as medidas que sexan necesarias para facelo?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 30/11/2021 11:29:43

María do Carme González Iglesias na data 30/11/2021 11:29:47

Daniel Castro García na data 30/11/2021 11:29:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza, e nomeadamente a Consellaría do Mar, leva máis de cinco anos dando voltas e poñendo pretextos á retirada das gaiolas de cría de salmón que a empresa norueguesa North West Food, malia ao rexeitamento do sector, trasladara no ano 2011 dende a ría de Arousa á ría de Muros e Noia.

Unhas gaiolas que permanecen abandonadas pola empresa dende o ano 2013 e que o único que fan no mar é contaminar, impedir a normalidade do traballo dos profesionais que faenan preto e manter o risco de danos e accidentes.

De feito, o último producírase no 2019, cando un mergullador tivera que ser evacuado nun helicóptero medicalizado mentres limpaba as gaiolas ubicadas preto de Louro e, a día de hoxe, os barcos que faenan na zona seguen a ter problemas polo desprendemento dos cabos de suxeición das gaiolas.

A retirada das estruturas foi solicitada en múltiples ocasións polos profesionais do mar e tamén a través de diversas iniciativas deste Grupo parlamentario sen que ata o de agora se teña iniciado o proceso nin se coñeza o tempo que aínda será necesario para facelo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Que actuacións ten levado a cabo a Xunta de Galiza nos últimos cinco anos para proceder á retirada das gaiolas de salmón que aínda permanecen na ría de Muros e Noia?

. Cales son os motivos polos que aínda non se efectuou a súa retirada definitiva da ría?

. É consciente do perigo medioambiental e dos inconvenientes e risco de accidentes que provocan ao sector do mar que faena na zona?

. Que período temporal manexa o Goberno galego para a súa retirada definitiva da ría de Muros e Noia?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 29/11/2021 11:36:06

María do Carme González Iglesias na data 29/11/2021 11:36:10

Daniel Castro García na data 29/11/2021 11:36:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O estado e calidade das augas das rías galegas dista moito aínda de ser o óptimo e, precisamente, os datos dados a coñecer recentemente por Augas de Galiza confirman que nomeadamente na ría de Arousa os vertidos, no canto de diminuír, van en aumento.

Coa información recabada ata o mes de setembro, nesta ría detectáronse 458 vertidos, 14 máis que no ano 2020. Deles, 53 superan os parámetros establecidos para ser considerados contaminantes. Ademais destes, reflíctese o dato de 12 en investigación, cuxa orixe é dubidosa pero que poden, finalmente, resultar tamén contaminantes.

Evidentemente, esta situación preocupa ás confrarías da ría que ven como ano tras ano redúcense as súas capturas e como as administracións non son quen de poñer freo a un progresivo deterioro das augas e, como consecuencia, ao duns bancos marisqueiros cuxa produción vai a menos e dan emprego cada vez a menos persoas.

O exemplo máis recente da perda de produción do marisqueo na ría de Arousa viviuse, outro ano máis, na campaña de libre marisqueo, onde moitos profesionais falaban xa claramente da necesidade de poñer en marcha ambiciosos plans de





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

rexeneración. Unha campaña que trouxo ínfimas capturas e ingresos ao sector, segundo foron reflexando os datos das subastas en lonxa e que dá cada ano para empregar a un número menor de barcos, arredor de 400 fronte aos máis de 800 que faenaban hai aínda moi poucos anos nos Lombos do Ulla.

Mais non só as confrarías falan abertamente desta desfeita. Hai moi poucas datas era a Asociación Galega de Depuradores de Moluscos (AGADE) quen confirmaba que os datos de primeira venda eran “alarmantes”: Na ameixa babosa a produción superara as 800 toneladas no 2010, 666 en 2016, 610 en 2017, 501 en 2018, 494 en 2019, 381 no 2020 e 127 no 2021.

Tamén os datos dos mostreos realizados polas confrarías en distintas especies (ameixa babosa, fina, xapónica, berberecho) e zonas da ría presentan valores inquietantemente descendentes nos últimos anos e que poderían poñer en perigo o sector e o seu futuro en moi pouco tempo. De feito, xa na actualidade é notorio o incremento de importacións de marisco que está copando co seu produto un mercado onde tradicionalmente Galiza viña sendo referente.

A maiores dos vertidos de augas residuais, o sector pon tamén de manifesto que hai outros factores que sen dúbida poden estar incidindo na calidade das augas da ría de Arousa e dos que, dende logo, poucos datos e escasa información transcende: Contaminación que afecta á ría procedente do río Ulla fundamentalmente, pero tamén do Umia e Sar, falla de control de expulsión dos sedimentos que se almacenan no encoro de Portodemouros, graves e continuados vertidos industriais contra os que non se actúa e, en moitos casos, nin sequera se investiga, etc.

En definitiva, un conxunto de circunstancias que provocan cada vez maior intranquilidade no sector e que, no entanto, contrasta coa indiferenza e insensibilidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da Xunta de Galiza e coa falla de actuacións que o aboca a un maior desánimo cada ano e que, recentemente, levou a varias confrarías e asociacións a facer patente publicamente o seu malestar e a esixir medidas dirixidas á recuperación da actividade marisqueira na ría e nomeadamente nos bancos de libre marisqueo.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Que valoración fai a Xunta de Galiza da diminución de capturas, e polo tanto de ingresos e de profesionais, nos bancos marisqueiros da ría de Arousa e nomeadamente nos bancos de libre marisqueo?

. Que medidas vai tomar a medio prazo para frear ese descenso e recuperar a produtividade da ría?

. A que achaca a progresiva mingua de capturas nos últimos anos?

. Considera o Goberno galego que o aumento de vertidos nesa ría refrendan a política de control que se está a levar a cabo pola súa parte?

. Levou a cabo estudos dirixidos a coñecer a incidencia de factores como a contaminación procedente dos ríos Ulla, Umia e Sar na calidade das augas da ría de Arousa e nos bancos marisqueiros? De ser así, cales son os resultados dos mesmos?

. Dispón de datos sobre os sedimentos que se almacenan no encoro de Portodemouros e de como afecta a súa expulsión ás augas da ría?

. Que valoración fai dos protocolos existentes de detección, investigación e actuación sobre os vertidos industriais á ría?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que valoración fai do aumento das importacións de marisco e da posíbel perda de referencialidade de Galiza nese ámbito? Que medidas vai tomar para evitar que sexa así?

. Está disposta a Xunta de Galiza a analizar rigorosamente a perda de produción marisqueira da ría de Arousa e tomar as medidas que sexan necesarias para revertela?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Montserrat Prado Cores

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 29/11/2021 11:21:01

María Montserrat Prado Cores na data 29/11/2021 11:21:08

María do Carme González Iglesias na data 29/11/2021 11:21:18





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 29/11/2021 11:21:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema de etiquetaxe denominado Nutriscore, coñecido como semáforo nutricional, é un formato de avaliación global do produto, un algoritmo que atribúe puntos positivos ou negativos en relación coa cantidade dos constituíntes dos alimentos, propoñendo un perfil nutricional dos produtos que amosa un gráfico de cores (do verde ao vermello) e letras (do A ao E).

Malia que non existe aínda unha normativa definitiva sobre o mesmo, está a ser impulsado por grandes fabricantes e cadeas de supermercados e estase a expandir cada vez máis -sobre todo a través dos produtos e cadeas de Francia, país de onde procede o sistema- e a ser tomado con referencia polas persoas consumidoras.

No seo do Goberno español existen polo momento diferentes posicións en canto a esta etiquetaxe. Mentres o Ministerio de Consumo xa avanzara hai meses a aprobación dun Real Decreto para finais de 2021 que recollería a obrigatoriedade do sistema Nutriscore, incluso para os produtos con calidade diferenciada, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación considera máis pertinente agardar ás conclusións do debate que tamén se está a dar na Unión Europea.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

De calquera xeito, ata o momento xa son varios os sectores produtivos que teñen manifestado importantes reticencias contra un sistema que consideran falta de rigurosidade e que, no peor dos casos, podería enmascarar produtos procesados ou ultraprocesados outorgándolles unha cualificación que non se correspondería coa súa realidade nutricional.

Sobre os produtos pesqueiros xa se ergueron distintas voces para poñer de manifesto que Nutriscore proporciona unha cualificación negativa aos que teñen un alto contido en graxas e son altos en omega-3. Ao parecer, tampouco ten en conta o aporte de proteínas de altísima calidade como as do peixe e ademais non considera as súas vitaminas e minerais porque só contabiliza as procedentes dunha determinada categoría de nutrientes. É dicir, non asegura que as súas recomendacións coincidan coas de saúde pública.

En Galiza, as Denominacións de Orixe (DOP) e as Indicacións Xeográficas Protexidas (IXP), entre elas “Mexillón de Galicia”, tampouco consideran o sistema Nutriscore como solución para atender as necesidades do consumidor no relativo á información nutricional.

Nomeadamente, o Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida de “Mexillón de Galicia” rexeita o sistema por “escasa fiabilidade” que “pode xerar confusión entre os consumidores en canto a marcas que xa son garantía de calidade, trazabilidade e orixe”.

Na mesma liña, o sector conserveiro considera que Nutriscore non valora con precisión a calidade nutricional das conservas de peixe e marisco.

Tamén existen xa pronunciamentos de diversas administracións públicas do Estado e a Comisión de Pesca do Parlamento Europeo ditou, no pasado mes de abril,



unha Resolución sobre a etiquetaxe de produtos de peixe e marisco onde contempla que “debe ser obxectiva, baseada en datos científicos respaldados por unha verificación rigorosa e independente, non discriminatoria con respecto ao valor nutricional real dos alimentos e capaz de proporcionar unha información exhaustiva e específica sobre os nutrientes do produto baseada en inxestas de referencia do consumidor medio, sen inducir a erro e influír nas decisións de compra”.

A polémica sobre Nutriscore está tamén presente na Federación Española de Sociedades de Nutrición, Alimentación e Dietética (FESNAD), que publicou un documento ao respecto no mes de maio en contra da etiquetaxe pero que non obtivo o respaldo unánime do conxunto de asociacións que a integran.

As demandas de distintos sectores agroalimentares fixeron que o Goberno do Estado considerase trasladar a Nutriscore, non dependente de ningún goberno, as súas propostas para seren avaliadas polo seu Comité Científico e poder introducir variacións no algoritmo que non induzan a erros por parte do consumidor.

Ata o de agora non transcendeu valoración algunha por parte do Goberno galego malia a tratarse dun sistema que cada vez está máis presente e que as persoas consumidoras teñen cada vez máis en conta á hora de adquirir produtos alimentares.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

1.- Que valoración fai a Xunta de Galiza da implantación, cada vez maior aínda non estando regulado, do sistema Nutriscore?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Ten avaliadas as consecuencias da implantación do sistema de etiquetaxe en Galiza?

3.- Participou nas consultas levadas a cabo polo Goberno do Estado? De ser así, en que sentido?

4.- Ten recibido ata o momento queixas ou posicionamentos dalgún sector alimentario do noso país? De ser así, avaliounas e trasladounas ao Goberno español?

5.- Ten levado a cabo algún estudo sobre a incidencia do sistema Nutriscore nos produtos de peixe e marisco? De ser así, cales son as conclusión do mesmo?

6.- Tense dirixido ao Goberno do Estado para recabar información e/ou trasladar algún posicionamento concreto sobre a etiquetaxe mencionada e a súa afectación aos produtos pesqueiros e marisqueiros?

7.- Ten previsto levar a cabo algunha campaña informativa ao respecto?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 29/11/2021 10:39:05

María do Carme González Iglesias na data 29/11/2021 10:39:16

Daniel Castro García na data 29/11/2021 10:39:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai máis de dez anos que o Centro de Investigacións Mariñas-CIMA realizou un “estudo sobre as técnicas de prevención e protección das principais especies depredadoras dos recursos dos bancos naturais e zonas de cultivo do litoral e as rías galegas”.

Xa daquela analizou o comportamento da aguiña mariña ou ouxa e, malia a demostrarse a súa grande capacidade depredadora, ben coñecida polos profesionais do mar, a Consellaría do Mar nunca tomou en serio a erradicación ou control deste peixe sen valor comercial e que a día de hoxe representa un verdadeiro problema para os bancos marisqueiros das rías, sobre todo da ría de Arousa.

As ouxas son un dos principais depredadores de ameixa, sobre todo babosa, e o propio sector ten intentado levar a cabo algunha actuación conducente a reducir a súa poboación, mais, ata o de agora, sen éxito, polos medios e esforzos que require.

A falla de medidas levou a que nestes momentos a poboación de ouxas xa se teña convertido nunha auténtica lacra e nunha ameaza real que afecta de xeito importante á merma de produción de ameixa, do berberecho ou da navalla.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No pasado verán, após reunirse con distintas confrarías, a Consellaría do Mar decidiu por fin levar a cabo un estudo que poida achegar algún tipo de solución a esta problemática. As grandes cantidades de ameixa e berberecho que serven de alimento ás ouxas levaron incluso a que o sector propuxera un plan de eliminación ou cando menos control do depredador, mais esta posibilidade non parece polo de agora viábel por tratarse dunha especie suxeita a TAC por parte da Unión Europea.

O que é evidente é que a ouxa hai xa tempo que representa un perigo enorme para a produción marisqueira e non se pode seguir demorando a procura de solucións que han de ser urxentes.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

1.- Que medidas tomou a Consellería do mar após o informe do CIMA de hai máis de dez anos en relación coas especies depredadoras nas rías, nomeadamente coa ouxa?

2.- Que actuacións concretas levou a cabo nos últimos dez anos para enfrontar un problema que hoxe xa se ten convertido nunha lacra?

3.- Que previsión temporal ten sobre a finalización do estudo anunciado no mes de setembro pasado?

4.- Cal é o procedemento a levar a cabo diante da UE para intentar que se permita levar a cabo algún tipo de control sobre a ouxa, especie suxeita a TAC, nas nosas rías?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.- Expuxo o Goberno galego nalgún momento o problema e ameaza que representa a ouxa para os nosos bancos marisqueiros ás autoridades europeas por tratarse dunha especie suxeita a TAC? De ser así, que propostas concretas presentou?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 29/12/2021 11:11:32

María do Carme González Iglesias na data 29/12/2021 11:11:44

Daniel Castro García na data 29/12/2021 11:11:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ao mantemento de servizos no ISM de Corcubión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Esta semana pasada fíxose pública a nova do inminente peche do Instituto Social da Marina de Corcubión. Neste centro xa se deixaran de prestar servizos de carácter médico por falta de persoal para ocupar esa praza, mais agora é a falla de persoal administrativo o que impediría que se mantivesen as oficinas para o resto de trámites administrativos. De confirmarse este peche, o prexuízo para as confrarías da Costa da Morte sería maiúsculo, véndose afectados arredor de 1.400 profesionais do mar afiliados ao réxime especial que precisan dun centro próximo para poder realizar os trámites administrativos.

O traslado de persoal do centro e a eliminación da praza de administrativo supón a imposibilidade de realizar as tarefas propias desa oficina, incluídas as máis básicas, como o rexistro de documentos, o que na práctica implica o peche da oficina ao non darlle servizo aos afiliados.

Así pois, de consumarse a eliminación de máis servizos estaremos ante o desmantelamento do ISM de Corcubión, ao quedar sen funcións. Despois de deixar sen efecto os recoñecementos médicos, se agora se ven ameazados os servizos administrativos, queda en evidencia que o que se pretende realmente é a clausura definitiva do local.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dito isto, convén recordar a importancia de que se manteña o pleno funcionamento dos centros do ISM, para así permitir o desenvolvemento da actividade pesqueira e marisqueira no noso país, en tanto que o sector da pesca é dinámico e precisa de centros presenciais nos que poder realizar as xestións relacionadas coa seguridade social e coa actividade a bordo, que deben ser atendidas polo ISM. Se os centros pechan, faranse máis difíciles os trámites e incrementaranse os costes da actividade pesqueira.

Polo exposto, é imprescindible restablecer os servizos destes centros, e do ISM de Corcubión en particular, ou cando menos, explorar vías alternativas que garantan o mantemento da actividade e dos servizos que se prestan.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 8ª:

Que medidas ten pensado adoptar o goberno galego para garantir o mantemento da actividade e dos servizos que se prestan no ISM de Corcubión?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Rosana Pérez Fernández

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 29/12/2021 11:14:17

Rosana Pérez Fernández na data 29/12/2021 11:14:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López e Rosana Pérez Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre a seguridade no porto de Malpica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As condicións da dársena do porto de Malpica de Bergantiños foron certamente complicadas dende a súa construción xa aló polo ano 1955. Condicións que non melloraron coa instalación das comportas no 1969. E as reformas posteriores tampouco solucionaron os problemas de seguridade do acceso á dársena.

A día de hoxe os problemas de seguridade céntranse na comporta de acceso. Cando está aberta a enerxía da ondada refléxase nos muros verticais, o que provoca correntes e remuíños no interior da dársena. A este problema hai que sumarlle a velocidade da auga dentro do canal , o que dificulta enormemente a calquera embarcación que transite por el, realizar calquera tipo de manobra, e complica moito as operacións de entrada e saída da dársena. Especialmente en condicións de mar adversa.

Na actual situación, a entrada ou saída de embarcacións da dársena supón un perigo constante para a integridade, non só das embarcacións (son constantes os percances e danos materiais naquelas), senón o que é moito peor, para a integridade física dos mariñeiros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así, a situación da dársena de Malpica tivo moito que ver no accidente mortal do Silvosa. En decembro do 2018 esta embarcación de artes menores, con base en Malpica, afundiuse cando se dispoñía a cruzar a zona das comportas, provocando a morte do seu patrón.

A partir dese momento, dende a Consellería do Mar anunciouse a adopción de medidas tendentes a paliar o risco que supón a dársena, sobre todo en condicións adversas.

Entre esas medidas anunciáronse estudos específicos sobre as ondadas no interior do porto, para mellorar a operatividade do mesmo, e a primeiros do ano 2021, a instalación dun sistema de alerta temperá, para, en principio, pronosticar con 72 horas de antelación a produción de fenómenos de resonancia no interior do porto.

En febreiro de 2021, dende a presidencia de Portos de Galiza, informouse que o proxecto de mellora da seguridade da dársena de Malpica se atopaba na súa fase final de licitación.

A día de hoxe, sete meses despois dese anuncio, e case dous anos do tráxico accidente do Silvosa, descoñecemos en que fase se atopa ese proxecto.

Un proxecto de mellora da dársena que é vital para garantir que as embarcacións e mariñeiros de Malpica podan desenvolver o seu traballo en condicións de seguridade.

Polo que non admite máis demoras, e precisa de que nos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2022 se recolla unha partida con dotación económica suficiente para asegurar que a execución desta obra tan necesaria se vai iniciar no próximo ano.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Considera a Xunta prioritario garantir a seguridade de embarcacións e mariñeiros que operan no porto de Malpica?

. Realizáronse por parte da Xunta de Galiza estudos específicos sobre as ondadas no interior do porto de Malpica, tendentes a mellorar a operatividade do mesmo? Se é así, cal foi o resultado deses estudos específicos realizados sobre as ondadas no interior do porto de Malpica, tendentes a paliar o risco que supón a dársena en condicións de mar adversa?

. En que fase se atopa o proxecto de mellora da seguridade da dársena de Malpica?

. Que previsión temporal ten a Xunta de Galiza para a execución das obras de mellora da seguridade da dársena de Malpica?

. Considera a Xunta de Galiza que o sistema de alerta temperá posto en marcha no proxecto MarkRisk resolve os problemas de seguridade da dársena, e canal de acceso á mesma, do porto de Malpica?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Rosana Pérez Fernández

Deputado e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 29/12/2021 11:16:29

Daniel Pérez López na data 29/12/2021 11:16:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Rosana Pérez Fernández e Carme González Iglesias, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre as razóns que explican o cese prematuro do Presidente da Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai uns días asistimos con sorpresa ao cese do, até hai uns días, Presidente da Autoridade Portuaria Ferrol- San Cibrao, Indalecio Seijo. Esta sorpresa débese ao pouco tempo que levaba no mandato, xa que comezara no mes de novembro de 2020, polo que non puido chegar a traballar nin un ano na Presidencia da Autoridade Portuaria.

Alén disto, é necesario destacar que este cese é levado a cabo por parte da Xunta de Galiza que até o día de hoxe non se dignou a dar ou poñer enriba da mesa as razóns que xustificasen dito cese e o nomeamento do novo Presidente, Francisco Barea.

Finalmente, é importante sinalar que todos estes cambios se producen nun contexto moi especial. Xa van moitos anos de reclamacións por parte do tecido económico, do sector pesqueiro e de organizacións políticas como o BNG que piden que se acabe coa excepcional singularidade de que a provincia de Lugo e a comarca da Mariña sexan os únicos territorios con mar do Estado Español sen Autoridade Portuaria propia. Esta razón levou a que o propio Grupo Parlamentar do BNG conseguise a





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

aprobación dunha iniciativa que conseguía a unanimidade para instar ao goberno español a que crease a Autoridade Portuaria de San Cibrao.

Estes motivos explican a necesidade de que a Xunta de Galiza dea as razóns concretas deste tipo de ceses que afectan a uns entes tan importantes como as Autoridades Portuarias.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

- Cales son as razóns que explican o cese do anterior Presidente da Autoridade Portuaria de Ferrol- San Cibrao, Indalecio Seijo?

- Consideran necesaria a marcha do anterior Presidente levando menos de un ano no cargo?

- Afecta este novo cambio ás intencións de acadar a Autoridade Portuaria de San Cibrao?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Rosana Pérez Fernández

Carme González Iglesias

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 29/12/2021 11:18:17

María do Carme González Iglesias na data 29/12/2021 11:18:27

Rosana Pérez Fernández na data 29/12/2021 11:18:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel (ODS) da ONU é a regulación das axudas públicas para o sector pesqueiro, que forma parte dende hai anos das reunións da Organización Mundial do Comercio (OMC) como organismo responsábel de buscar o acordo entre os 164 países que a compoñen. Trátase dun debate que non é sinxelo e cuxas conclusións poderían ter un impacto importante na pesca galega.

Nestes momentos existe un borrador de texto sobre o que se está negociando e o obxectivo é o de lograr un acordo antes da vindeira conferencia ministerial da OMC, inicialmente prevista para o 15 de xullo.

O documento sobre o que se está a traballar inclúe importantes cambios sobre as regras que actualmente rexén as axudas que recibe o sector pesqueiro. Entre os máis importantes figuran os que se producirían sobre as exencións fiscais aos combustíbeis, que quedarían eliminadas, baixo o argumento de moitas das partes que compoñen a OMC que defenden, sen entrar noutras consideracións, que son subsidios nocivos que fomentan a sobrepesca.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No Estado español, o prezo do combustíbel pesqueiro é de 45 céntimos o litro e, de aprobárense as medidas propostas, podería chegar a dobrar o seu prezo, o que suporía, unha vez máis, un novo ataque ao sector sen ter en conta nin a súa importancia económica nin moito menos a súa implantación e importancia social en moitos territorios altamente dependentes del, nomeadamente o galego.

A postura que está a defender a UE, que negocia na OMC en nome dos estados membros, parece que vai no sentido de poñer en valor a importancia da ordenación pesqueira e as melloras na xestión introducidas como elemento principal da protección dos recursos xa nos últimos anos.

O goberno español tense manifestado en liña coas argumentacións da UE. Non entanto, a súa posición resulta pouco convincente cando, por outra parte, é el mesmo quen inclúe no Plan de Recuperación remitido recentemente a Bruxelas unha serie de medidas fiscais que, baixo o paraugas da mellora dos obxectivos de cara ao cambio climático, tamén terían unha grave incidencia en distintos sectores económicos, nomeadamente no sector pesqueiro e no conxunto da actividade que leva a cabo.

Os chamados “impostos verdes” servirían, entre outras cousas, para igualar o prezo do diésel ao da gasolina, unha medida que o goberno do Estado xa tiña prevista para os orzamentos de 2021 e que finalmente non incluíu.

Estamos pois diante dunha serie de accións que, de levarse a cabo, supoñerían un duro golpe para o sector do mar, nomeadamente para a frota de baixura, outro máis que habería que engadir aos que xa se vén vendo sometida dende hai anos e que farían definitivamente inviábel o mantemento da actividade en moitos casos.

Ao noso entender, Galiza non pode seguir permitíndose actuacións deste tipo que aboquen paulatinamente a unha das principais froas da UE á súa desaparición e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dende a Xunta débese defender con firmeza a un sector que proporciona miles de postos de traballo directos e indirectos e que é sostíbel medioambientalmente. Máis unha vez hai que facer chegar a todas as institucións que as medidas que se pretenden non están a ter en conta as consecuencias económicas pero, sobre todo, sociais que traerían aparelladas.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Que valoración fai a Xunta de Galiza das medidas que se pretenden tomar pola OMC e polo goberno do Estado e que conducirían a un incremento do combustíbel que afectaría á frota pesqueira galega?

. Que actuacións ten levado, e vai levar a cabo no futuro, a Xunta de Galiza para evitar que a frota pesqueira galega se vexa afectada pola previsíbel eliminación de exencións fiscais aos combustíbeis?

. Ten coñecemento de como vai afectar ao sector pesqueiro galego a igualación do prezo do diésel á gasolina que recolle o Plan de Recuperación remitido a Bruxelas polo goberno do Estado?

. Que medidas está contemplando levar a cabo o goberno galego para paliar as consecuencias que poderían implicar os plans da OMC e do Estado? Ten realizado algún estudo sobre as perdas que lle ocasionarían ao sector pesqueiro? Tense reunido con el para informal e analizar as posíbeis actuacións a levar a cabo conxuntamente?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 29/12/2021 11:35:33

María do Carme González Iglesias na data 29/12/2021 11:35:37

Daniel Castro García na data 29/12/2021 11:35:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta oral na Comisión 8ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Convenio STCW (Standards of Training Certification and Whachtkeeping for Seafarers), ou Convenio internacional sobre as normas de formación, titulación e garda para a xente do mar foi aprobado pola Organización Marítima Internacional (OMI) para dotar aos traballadores do mar dunha competencia e profesionalidade que garanta a seguridade na navegación. A súa aprobación inicial tivo lugar en 1978 e foi posteriormente emendado en 1995 e en 2010, reforma na que se establecen os distintos títulos e certificados existentes, así como as normas de expedición, revalidación, validez e atribución dos títulos e certificados. Esta última, feita en Manila, entrou en vigor no 2012 cun período de implantación ata o 2017, pasando a esixirse dende ese momento de forma obrigatoria a actualización de determinados certificados, como os de suficiencia ou os de formación sanitaria e primeiros auxilios.

Esta formación impártese nos centros do Instituto Social da Marina, que debería, en previsión desa obrigatoriedade de renovación ter aumentado o número de prazas e de cursos, para dar solución á demanda e facilitar as renovacións. Pero non foi así, no 2020 caducaban os certificados expedidos no 2015, á reducida oferta superpúxose a pandemia, que paralizou por completo a impartición de cursos. Así, o ISM veuse na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesidade de prorrogar en abril do ano pasado a validez deses certificados “por un período máximo de seis meses a contar dende a data de caducidade dos mesmos”. En setembro corrixiu e ampliouno ata decembro de 2020.

Mais no 2021 a situación non mellorou, o número de prazas e cursos seguen sen ser suficientes para dar resposta ás necesidades actuais de renovación de certificados. Existe un gran número de persoas pendentes de realizar esa formación, sobre todo a sanitaria, e o ISM en vez de aumentar a súa oferta, desconvocou cursos alegando que non atopa profesionais para impartilos. Así, no que vai de 2021 suspendéronse cando menos seis cursos.

Os certificados en vigor son imprescindíbeis a día de hoxe para poder traballar a bordo, no entanto non é posíbel realizar os cursos no ISM, e malia iso négase a opción dunha nova prórroga, limitándose a suxerir que a formación pode realizarse tamén en centros privados homologados, onde os prezos dos cursos son moito máis elevados que nos públicos. Non é tolerábel que a administración non sexa capaz de solucionar o problema e esixa aos traballadores que realicen os cursos nos centros privados se queren seguir traballando.

No caso dos cursos para renovar ou revalidar os certificados de formación básica ou de suficiencia, imprescindíbeis para navegar, eximiuse dese requisito aos tripulantes de pesqueiros menores de 24 metros, ademais de estender un ano a vixencia do resto. Pero seguen a ter dificultades para facer os cursos porque a oferta do ISM é case nula, convócanse moi poucas prazas e algúns rematan sendo cancelados sen poder realizarse a formación. Todo isto supón un trastorno enorme, os mariñeiros deben quedar en terra para poder realizar o curso e finalmente non poden realizalo porque se suspende, mais non se lle indemniza nin se lle dá solución para a súa formación ou a prórroga do certificado actual.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á deficiente oferta súmase o deterioro e ineficacia na xestión dos cursos do ISM que foi posto de manifesto polo Tribunais de Contas no seu informe de fiscalización operativa sobre a formación no ISM. O organismo destacou que após a externalización dos cursos, este sufriran un claro encarecemento ao mesmo tempo que unha redución da súa calidade. Así, dende 2012, o sistema de formación do ISM pasou da contratación directa a realizar encomendas de xestión primeiro e despois de forma exclusiva a encargar a súa xestión a Tragsatec. Dende o 2019 mantívose un acordo cunha empresa privada exclusivamente.

Nese mesmo informe, o Tribunal considera que coa externalización a formación supuxo gastar o dobre de recursos e, mentres, a maior parte das persoas interesadas non puideron realizar o curso que lles cómpre. De feito, conséntase un descenso de cursos impartidos, un aumento de cursos cancelados e unha caída de alumnado que rematou os cursos. O Tribunal asegura que só se atendeu o 18% das solicitudes para acceder a cursos de formación profesional marítimo e sanitario e que un 15% dos cursos que estaba previsto impartir foron cancelados.

En definitiva, as persoas que traballan no mar ven restrinxido o seu acceso a unha formación que se lles esixe de forma obrigatoria, pois o sistema formativo non se adapta ás súas necesidades e ás especialidades da súa profesión. Dende a administración pública e o ISM debe solucionarse esta situación de xeito urxente, aumentando a oferta e o número de prazas, facilitando a realización dos cursos e que sexa compatíbel coas xornadas e períodos de embarque e, mentres non se corrixa a situación, prorrogar a vixencia dos certificados que caduquen. Non pode descargarse a responsabilidade da falla de renovación e formación nas persoas traballadoras e esixirlles que cubran elas as deficiencias acudindo a centros privados, perdendo días de traballo e asumindo todo o custo económico e laboral que todo iso supón.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Que valoración fai o Goberno galego da actual oferta formativa para a obtención dos certificados obrigatorios que se lle esixen aos traballadores do mar?

. Que actuacións ten levado, ou vai levar a cabo para que esa oferta aumente e mellore?

. Solicitou ou vai solicitar unha nova prorroga para as persoas que non realizaron a formación á que se lles obriga por non existir oferta pública ou pola cancelación dos cursos que pretendían realizar?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 29/12/2021 11:37:14





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 29/12/2021 11:37:24

Daniel Castro García na data 29/12/2021 11:37:32



A Mesa do Parlamento

Elena Candia López, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, José Antonio Armada Pérez, Belén Cachafeiro Anta e Miguel Prado Patiño, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

A dixitalización é un dos retos aos que nos enfrontamos e un obxectivo claro para o futuro, este debe abordarse dentro dunha estratexia que busque, entre outras cousas, reducir custos e mellorar a trazabilidade e eficiencia dos sectores.

A primeira revisión do Plan Forestal de Galicia 2021-2040 “Cara á neutralidade carbónica” -que se aprobou en Consello da Xunta como Decreto- establece unha proxección do monte galego do futuro e das accións a levar a cabo para anticiparnos aos lumes, estruturado en seis eixes estratéxicos de intervención ao abeiro dos cales se proxectan unha serie de instrumentos de execución, un total de vinte estratexias e plans ou programas de actuación e liñas de acción que á súa vez comprenden máis de 51 iniciativas, medidas ou accións específicas.

De acordo co novo Decreto, o modelo do monte para Galicia será un monte dixitalizado e tecnificado, cumprindo cos obxectivos de crear unha xestión forestal activa para o incremento da capacidade de fixación de carbono e a resiliencia das masas forestais ao ámbito climático.

Recentemente a consellería do Medio Rural anunciou a posta en marcha da aplicación FORTRA (trazabilidade forestal) , unha iniciativa levada a cabo dentro da Estratexia de Dixitalización e Descarbonización (D&D) que a Xunta de Galicia ven desenvolvendo nos últimos anos, e dun xeito mais concreto dentro do programa *Primare* do Impulso da Dixitalización no sector primario.

Así, a Xunta de Galicia pon a disposición das empresas forestais de Galicia, de xeito gratuito e voluntario, esta plataforma dixital co obxectivo de que se poda informar a clientes e consumidores das características dos seus produtos elaborados a partir da madeira, incluíndo a súa pegada de carbono, así como o bosque do que proceden e as operacións de transformación que foron necesarias para a súa elaboración.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



O Grupo Parlamentario Popular cree necesario esta aposta para conectar toda a cadea de valor do sector da madeira de Galicia, co obxectivo de dar trazabilidade aos produtos baseados en madeira, de xeito que o consumidor final poda ter toda a información correspondente ao procedemento de elaboración.

Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan as seguintes seguintes preguntas:

- 1.- Que beneficios reporta para dixitalización do sector primario a aplicación FORTRA?
- 2.- A quen vai dirixida esta aplicación?
- 3.- Que actuacións en favor da dixitalización se puxeron en marcha no sector forestal?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Elena Candia López na data 29/12/2021 11:42:01

Daniel Vega Pérez na data 29/12/2021 11:42:19

Rubén Lorenzo Gómez na data 29/12/2021 11:42:33

Raquel Arias Rodríguez na data 29/12/2021 11:42:45

José Antonio Armada Pérez na data 29/12/2021 11:43:07

Cachafeiro Anta, Belén na data 29/12/2021 11:43:22

Prado Patiño, Jesús Miguel na data 29/12/2021 11:43:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, Borja Vereja Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Adrian Pardo López e Moisés Rodríguez Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

Na presentación do informe A innovación aberta en Galicia realizado pola Fundación Cotec, o pasado 20 de xullo, púxose de manifesto a importante transformación do ecosistema galego de I+D+i nos últimos tempos sobre a base dunha cooperación máis ampla e estreita entre todos os seus axentes – administracións, universidades, centros tecnolóxicos, clústeres ou provedores tecnolóxicos – co sistema empresarial, permitindo que moitas pemes, micropemes e autónomos puidesen innovar nos seus produtos e procesos.

De feito, desde 2014, a innovación en Galicia medrou case o dobre do ritmo da media española, aplicando un enfoque máis sistémico e aberto, que ten contribuído a avanzar 34 postos no último Regional Innovation Scoreboard (RIS) publicado, tamén en xullo, pola Comisión Europea.

Ademais está o papel que vén xogando a política de I+D+i desenvolvida pola Xunta de Galicia, mediante un maior compromiso orzamentario para este tipo de actuacións (227,5 millóns de euros este ano, é dicir, un 60% máis que en 2009), priorizando instrumentos e medidas singulares e, no seu momento, pioneiros en España como a compra pública innovadora, as unidades mixtas de investigación, o programa Ignicia, as business factories, os Conecta Hub ou o Polo Aeroespacial de Galicia, entre outros.

Tras a pandemia, estamos nun momento clave para fortalecer as nosas capacidades innovadoras para acelerar a dobre transformación dixital e verde que temos por diante, consolidando un modelo produtivo máis baseado no coñecemento e, polo tanto, con máis valor engadido, que contribúa a xerar emprego de calidade.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Que instrumentos ten previsto desenvolver a Xunta de Galicia para reforzar o modelo de innovación aberta que se está a impulsar desde hai algúns anos e que nos sitúa entre as Comunidades Autónomas máis eficientes desde o punto de vista da relación entre investimentos e resultados?



Santiago de Compostela, 29 de decembro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Domínguez na data 29/12/2021 11:44:32

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 29/12/2021 11:44:51

Marta Nóvoa Iglesias na data 29/12/2021 11:45:34

Cristina Sanz Arias na data 29/12/2021 11:46:07

José Antonio Armada Pérez na data 29/12/2021 11:46:24

Borja Vereza Fraiz na data 29/12/2021 11:46:44

Rodríguez Pérez, Moisés na data 29/12/2021 11:47:38

Pardo López, Adrián na data 29/12/2021 11:47:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, instando ao Goberno galego a tomar medidas para rematar coa imposibilidade de emancipación da mocidade galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso á vivenda e a un traballo digno é un dereito fundamental que debe ser garantido pola administración pública. actualmente somos quen de ver como ese dereito é negado de xeito constante e consciente. O acceso á vivenda e un emprego estábel e non precario é un piar fundamental á hora de poder emanciparse e acadar un mínimo de estabilidade e autonomía.

A día de hoxe, a mocidade galega vive ancorada na imposibilidade do acceso a unha vivenda por mor da situación de precariedade absoluta a nivel laboral na que vive. Hoxe, esta precariedade non foi a menos, senón que aumentou en eidos como o da temporalidade do traballo, o empobrecemento das condicións laborais ou a posibilidade mesma de atopar un traballo, situación que se agrava aínda máis coa chegada da COVID-19 e o seu enorme impacto no tecido económico do país.

Un exemplo claro desta situación, atopámolo nas cifras de emancipación xuvenil nas idades comprendidas entre os 24 e o 29 anos, cunha taxa de emancipación do 15%. É dicir, só 15 de cada 100 mozas comprendidas entre esta franxa de idade é quen de botar a andar a súa vida de xeito autónomo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alén desta situación pódese advertir a consolidación dun proceso de xentrificación nas cidades e vilas do país, que ligado á proliferación masiva de alugueiros vacacionais, fan que a oferta de vivendas en réxime de aluguer ou venda caia de xeito considerábel e que os prezos dos alugueiros aumenten até cotas completamente inaccesíbeis para a mocidade galega. Este modelo baseado na lóxica consumista do turismo masivo só contribúe a intensificar aínda máis o impacto económico da pandemia nas zonas urbanas.

Mais este non é o único motivo que explica o incremento dos prezos dos alugueiros no noso país, xa que a especulación ligada á construción que existía antes da crise do 2008, tornouse nunha especulación coa vivenda mesma após este período de crise.

Na Galiza existen actualmente, ao redor de 330.000 vivendas baleiras, pertencentes a entidades financeiras e a particulares. Isto acontece mentres atopar unha vivenda en alugueiro é unha tarefa moi complicada para a mocidade e para o pobo galego no seu conxunto.

Coa situación da COVID-19 e a crise económica derivada da mesma, dirixímonos a un período caracterizado por unha dramática destrución de emprego así como tamén a máis precariedade e temporalidade, facendo aínda máis difícil do que xa é o acceso da mocidade a unha vivenda digna e a un traballo de calidade na terra.

As políticas públicas postas en marcha pola Xunta de Galiza, non van ao núcleo do problema, senón que se limita a ofrecer axudas insuficientes para o alugueiro e máis para a compra de inmóbeis para que as mozas deste país poidan acceder a unha vivenda, cando a realidade di que a mocidade galega non ten capacidade económica para mercar unha vivenda, polo que a insuficiencia nas axudas para o alugueiro fan que a mocidade





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

teña que continuar a vivir na residencia familiar, nos mellores casos, ou a emprender o camiño da emigración forzosa.

No eido do emprego vemos como as políticas da Xunta de Galiza, nos mellores casos, só son quen de crear empregos cunha temporalidade moi alta e cunha precariedade abafante.

Galiza precisa que a capacidade na emancipación xuvenil sexa unha realidade. Son necesarias iniciativas públicas que poñan fin á especulación e contribúan a unha regulación nos prezos dos alugueiros.

Desde as administracións públicas deben despregarse iniciativas que garantan o acceso a unha vivenda digna a un prezo non desorbitado, alén dunhas condicións laborais dignas que permitan a emancipación da mocidade galega.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Como valora a Xunta de Galiza a situación de imposibilidade práctica da mocidade galega para acceder a unha vivenda digna en réxime de alugueiro?

. Por que, a Xunta de Galiza, só considera estudar bonificacións para o acceso a unha vivenda, por parte da mocidade galega, nun réxime de compra mentres hai unha clara insuficiencia nas axudas para o alugueiro?

. Como valora a Xunta de Galiza os datos do IGE a respecto da porcentaxe de mozas entre 18 e 34 anos que ten que vivir na residencia familiar?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera, a Xunta de Galiza, que o acceso a unha vivenda digna en réxime de alugueiro pode contribuír a fixar poboación e a reducir as taxas de emigración xuvenil?

. Que vai facer a Xunta de Galiza para facilitar o acceso a unha vivenda digna por parte da mocidade galega?

. Entende como algo prioritario, a Xunta de Galiza, aumentar a taxa de emancipación da mocidade galega?

. Que valoración fai o goberno galego en relación á precariedade laboral e á temporalidade que caracteriza ao mercado de traballo a nivel xuvenil?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2021

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Montserrat Prado Cores

Deputado de deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 29/11/2021 13:42:02

María Montserrat Prado Cores na data 29/11/2021 13:42:05



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na **Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación Cetmar, dependente da Consellería do Mar, conmemorou en 2021 o seu vinte aniversario como referente internacional na investigación, o desenvolvemento e a innovación no sector marítimo-pesqueiro.

A traxectoria desta institución fixo posible a execución de proxectos e servizos en diferentes liñas de traballo, entre elas, están a loita contra a contaminación mariña, a xestión sostible dos recursos mariños, a valorización de subprodutos e a seguridade alimentaria.

Outras áreas das iniciativas desenvolvidas polo Cetmar son a monitorización mariña e costeira, o desenvolvemento de novas tecnoloxías para o estudo do medio mariño, a formación marítima e a divulgación da cultura oceánica e do coñecemento no ámbito da socioeconomía da pesca en diferentes aspectos relacionados coa gobernanza, a xestión pesqueira ou os mercados.

Durante estes 20 anos de traxectoria, a institución galega traballou da man de máis de 1.800 socios de preto de 60 países e colaboradores dos ámbitos da investigación, da universidade, da Administración, así como das empresas e asociacións e entidades vinculadas ao sector marítimo-pesqueiro.

Este labor estendeuse ao eido da cooperación internacional nunha vintena de países de África e América Latina, onde o Cetmar colaborou no reforzo dos sectores produtivos da pesca e da acuicultura rural, ou no desenvolvemento de plans estratéxicos e de formación. Deste xeito o centro participou en numerosos consorcios cun equipo multidisciplinar de preto de 300 traballadores con experiencia nos ámbitos marítimo-pesqueiro e acuícola.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cantas foron as accións na investigación, o desenvolvemento e a innovación no sector marítimo-pesqueiro que desenvolveu o CETMAR nestes 20 anos dende a súa creación?



Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 11:59:33

José Manuel Balseiro Orol na data 29/12/2021 11:59:49

Ana Belén García Vidal na data 29/12/2021 12:00:05

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Freire Vázquez, María Begoña na data 29/12/2021 12:00:17

Manuel Santos Costa na data 29/12/2021 12:00:34

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 12:00:46

Daniel Vega Pérez na data 29/12/2021 12:01:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O sector da pesca constitúe un sector estratéxico para o desenvolvemento da nosa Comunidade. Este sector da pesca, tan importante para Galicia, vese especialmente afectado polas perturbacións do mercado xeradas por un descenso significativo da demanda como consecuencia do brote da COVID-19. O descenso da demanda e dos prezos, unido á vulnerabilidade e á complexidade da cadea de subministración, converteu en deficitarias as operacións das frotas pesqueiras e da produción de peixe e marisco.

Como consecuencia da situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola COVID-19 e para protexer a saúde e seguridade dos cidadáns, conter a progresión da enfermidade e reforzar o sistema de saúde pública, o 14 de marzo de 2020 o Goberno de España declarou o estado de alarma a través da publicación do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

No artigo 15 desta norma recóllese que se debe garantir o abastecemento alimentario, de forma que se asegure o funcionamento dos centros de produción de alimentos, entre os que están as empresas de transformación dos produtos da pesca e da acuicultura que, como consecuencia da pandemia, sufriron importantes perdas económicas.

Así, DOG do 28 de xuño de 2021 publicaba a orde pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións para compensar as empresas de transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura que tivesen perdas de produción entre o 1 de febreiro e o 31 de decembro de 2020 como consecuencia do brote da COVID-19, independentemente do seu tamaño, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e no DOG do 7 de decembro publicábase unha ampliación de crédito desta orde.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:



Cal foi o orzamento de produtos pesqueiros e da acuicultura total, destinado en 2021 polo Goberno galego ás empresas de transformación polas perdas de ingresos provocadas pola covid-19?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 12:04:11

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Manuel Balseiro Orol na data 29/12/2021 12:04:23

Ana Belén García Vidal na data 29/12/2021 12:04:36

Freire Vázquez, María Begoña na data 29/12/2021 12:04:49

Manuel Santos Costa na data 29/12/2021 12:04:59

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 12:05:08

Daniel Vega Pérez na data 29/12/2021 12:05:26



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Os grupos de acción local do sector pesqueiro dan continuidade aos antigos grupos de acción costeira (GAC) e son asociacións sen ánimo de lucro colaboradoras da Consellería do Mar como axentes de desenvolvemento na aplicación da Estratexia de desenvolvemento local participativo da zona pesqueira e na xestión e control das axudas que se tramitan para o desenvolvemento desa estratexia.

A actividade dos oito grupos que hai en Galicia dentro do programa operativo do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca contribúe a mellorar a transformación, comercialización e posta en valor das producións pesqueiras, ao desenvolvemento dun sector turístico sustentable, á creación de empresas e á xeración de emprego e á diversificación do sector a través de iniciativas complementarias da actividade pesqueira como o turismo mariñeiro. Tamén contribúe á conservación e á valorización do patrimonio natural e cultural marítimo-pesqueiro.

A Consellería do Mar aprobou este ano 144 novos proxectos dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP), e prevén a creación de arredor de 65 empregos a tempo completo. Máis da metade das iniciativas aprobadas, un total de 80, son produtivas, é dicir, de orientación empresarial ou profesional. Os 64 proxectos restantes son non produtivos, é dicir, aqueles que non supoñen o inicio ou desenvolvemento dunha actividade económica.

Entre as iniciativas subvencionadas atópanse as que teñen como obxectivo o apoio á diversificación dentro e fóra da pesca comercial, á aprendizaxe permanente e á creación de emprego nas zonas pesqueiras. Tamén hai accións para aumentar o valor dos produtos pesqueiros, atraer mocidade ao sector e a promoción e innovación en todas as fases da cadea de subministración dos produtos da pesca e da acuicultura. No caso dos proxectos non produtivos, entre os obxectivos fundamentais está o fomento do benestar social e do patrimonio cultural e ambiental das zonas pesqueiras e acuícolas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Cal é o orzamento total destinado aos novos proxectos dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP)?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 12:08:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Manuel Balseiro Orol na data 29/12/2021 12:08:28

Ana Belén García Vidal na data 29/12/2021 12:08:42

Freire Vázquez, María Begoña na data 29/12/2021 12:08:54

Manuel Santos Costa na data 29/12/2021 12:09:03

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 12:09:14

Daniel Vega Pérez na data 29/12/2021 12:09:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O proxecto Pasaporte REMA parte da experiencia acumulada nos últimos anos polos GALP galegos na creación, dinamización e xestión da Rede REMA (Rede de Espazos Museísticos Atlánticos). Pretende dinamizar os seus espazos e difundir o seu contido museístico, mostrándoo dunha maneira atractiva, interactiva e divertida para achegar á xente máis nova ao seu acervo “cultural mariñeiro”.

A Rede ten adheridos 27 espazos de contido museístico e preténdese que cando as visitas acudan a algunha destas salas, continúen as visitas a outros museos da Rede, coma se a Rede fose un espazo de peregrinación.

O promotor é o GALP Costa da Morte. Contou coa colaboración doutras entidades participantes: GALP A Mariña-Ortegal, GALP Golfo Ártabro Norte, GALP Seo Fisterra, Ría de Muros-Noia Costa Sostible, GALP Golfo Ártabro Sur, GALP Pontevedra, GALP Ría de Pontevedra e o GALP Ría de Vigo - A Garda. O proxecto abarcou todo o litoral galego, con influencia en 77 concellos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales foron as actividades desenvoltas en 2021 do proxecto Pasaporte REMA (Rede de Espazos Museísticos Atlánticos)?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 12:17:55

José Manuel Balseiro Orol na data 29/12/2021 12:18:08

Ana Belén García Vidal na data 29/12/2021 12:18:22

Freire Vázquez, María Begoña na data 29/12/2021 12:18:32

Manuel Santos Costa na data 29/12/2021 12:18:43

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 12:18:54

Daniel Vega Pérez na data 29/12/2021 12:19:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, ten en execución un plan de renovación de elementos de seguridade en máis da metade das dársenas de titularidade da Xunta de Galicia. Esta actuación inclúe melloras en 69 dos 122 portos autonómicos e afecta ás tres provincias costeiras.

Os traballos consisten na retirada e reposición de máis de 1.500 metros de varandas e pasamáns situados en distintos puntos dos peiraos autonómicos como elementos de seguridade e que presentaban danos debido á corrosión provocada pola salitre ou a accidentes ou afectacións derivadas do seu uso.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

¿Cal é orzamento para 2021 que Portos de Galicia destinou a este plan de renovación de elementos de seguridade das dársenas?, ¿en que portos se actuará?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 12:21:55

José Manuel Balseiro Orol na data 29/12/2021 12:22:07

Ana Belén García Vidal na data 29/12/2021 12:22:19

Freire Vázquez, María Begoña na data 29/12/2021 12:22:30

Manuel Santos Costa na data 29/12/2021 12:22:41

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 12:22:52

Daniel Vega Pérez na data 29/12/2021 12:23:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O sector da pesca constitúe un sector estratéxico para o desenvolvemento da nosa Comunidade que ten o reto de contribuír á consecución de determinados obxectivos temáticos do Marco estratéxico común. Ademais, este sector ten que aproveitar ao máximo os fondos deste marco para acadar os novos retos que se formulan e, neste senso, tanto o sector extractivo como o sector transformador terán que aproveitar todas as posibilidades que brindan estes instrumentos para acadar o obxectivo de sector competitivo, sustentable e respectuoso co ambiente.

Dada a importancia económica e social da pesca, en gran parte da franxa costeira da Comunidade Autónoma de Galicia, xa se teñen ditado cinco ordes para as convocatorias de 2016, 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021 polas que se establecían as bases e se regulaba o procedemento para a concesión, en réxime de concorrncia competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para tripulantes de buques pesqueiros cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e se convocaban para os anos 2016, 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021, respectivamente).

Así, o DOG do 23 de decembro de 2021 publica a orde pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrncia competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para tripulantes de buques pesqueiros cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e se convocan para o ano 2022, tramitado como expediente anticipado de gasto.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cal é o orzamento das axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para tripulantes de buques pesqueiros para 2022?
- 2.- Que balance fai o Goberno galego do desenvolvemento desta orde dende o ano 2016?



Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 12:25:50

José Manuel Balseiro Orol na data 29/12/2021 12:26:01

Ana Belén García Vidal na data 29/12/2021 12:26:15

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Freire Vázquez, María Begoña na data 29/12/2021 12:26:28

Manuel Santos Costa na data 29/12/2021 12:26:38

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 12:26:48

Daniel Vega Pérez na data 29/12/2021 12:27:02

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

A Consellería do Mar, asinaba o 5 de xullo un convenio de colaboración coa Universidade da Coruña (UDC), e a Fundación Universidade da Coruña (FUAC), para a elaboración do Plan da cultura marítima de Galicia-Horizonte 2030. Este acordo, que foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o pasado 2 de xuño, permitirá deseñar un plan de accións para protexer o patrimonio e a cultura marítima de Galicia e blindar o seu futuro.

O obxectivo deste convenio é redactar un documento base do plan no que se recollerán as liñas estratéxicas, iniciativas e accións a desenvolver no período 2021-2023 así como os pasos a seguir nos seguintes anos coa finalidade de preservar a cultura marítima da comunidade. Así esta medida se enmarca na aposta da Xunta por poñer en valor e recuperar o patrimonio marítimo de Galicia, polo que o traballo abarcará todo o litoral de Galicia co obxectivo de definir as liñas das políticas culturais unindo as tradicións e o valor do patrimonio marítimo.

O Plan da cultura marítima de Galicia se baseará na defensa dos valores culturais e marítimos da comunidade e constituirá unha parte fundamental da identidade do pobo galego, reforzando a súa protección e deixando un importante legado para as xeracións vindeiras.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales foron as accións postas en marcha para iniciar o desenvolvemento do Plan da cultura marítima de Galicia?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 12:29:46

José Manuel Balseiro Orol na data 29/12/2021 12:29:58

Ana Belén García Vidal na data 29/12/2021 12:30:10

Freire Vázquez, María Begoña na data 29/12/2021 12:30:20

Manuel Santos Costa na data 29/12/2021 12:30:30

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 12:30:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Daniel Vega Pérez na data 29/12/2021 12:30:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) é o instrumento financeiro da UE que apoia a pesca e políticas marítimas para o período 2014-2020. O marco legal establécese no Regulamento (UE) 508/2014 e o Regulamento de disposicións comúns para os Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (UE) 1303/2013.

O fondo combina modos de xestión directa e compartida. No modo de xestión compartida, os Estados membros e a Comisión Europea administran conxuntamente o 89% da contribución da Unión para garantir a coherencia entre os obxectivos da UE, as prioridades e as necesidades das políticas dos Estados membros.

O que o FEMP pretende lograr está integrado nunha xerarquía de obxectivos establecidos nun nivel superior pola Estratexia Europa 2020, os Fondos Estruturais e de Investimento Europeos, as políticas da Política Pesqueira Común e a Política Mariña Integrada.

A inclusión do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) no marco político para os Fondos Estruturais e de Investimento Europeos cambiaron as regras do xogo e agregou capas adicionais de complexidade ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

Así, a complexidade normativa, a carga administrativa e os novos requisitos e procedementos aos que tanto as autoridades de xestión como os posibles beneficiarios do sector do mar tiveron que adaptarse, contribúen ao grao de execución do FEMP.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que dificultades está a atopar Galicia na execución do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e que ten feito o Goberno galego para solventar este problema?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 12:33:27

José Manuel Balseiro Orol na data 29/12/2021 12:33:40

Ana Belén García Vidal na data 29/12/2021 12:33:52

Freire Vázquez, María Begoña na data 29/12/2021 12:34:01

Manuel Santos Costa na data 29/12/2021 12:34:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 12:34:23

Daniel Vega Pérez na data 29/12/2021 12:34:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

A Consellería do Mar aprobou na convocatoria deste ano axudas para 56 proxectos colectivos que contribúen á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental.

Os seus principais beneficiarios son as confrarías de pescadores, ademais das organizacións de produtores, cooperativas do mar e as asociacións de profesionais do sector de Galicia que elaboren e desenvolvan proxectos colectivos con accións como a elaboración e seguimento dos plans de coexistión de recursos mariños vivos e a optimización e seguimento dunha correcta xestión dos recursos biolóxicos mariños, atendendo á Directiva marco sobre a estratexia mariña.

Outras actuacións subvencionables son aquelas que contribúen á vixilancia epidemiolóxica, como o envío de mostras ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) para coñecer o estado sanitario das augas e especies marisqueiras, e operacións de salvagarda do medio mariño e das súas especies. Dentro das operacións de salvagarda, o persoal de vixilancia actúa baixo a supervisión do Servizo de Gardacostas de Galicia e en colaboración con este.

A formación dos profesionais da pesca, orientada a adquirir novas competencias para unha mellor xestión e conservación dos recursos mariños vivos e dos ecosistemas en que viven, é outra acción obxecto de axuda. A maiores, tamén se subvencionan actuacións de aumento da sensibilización ambiental coa participación directa do sector, podendo incluír campañas de divulgación.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o orzamento total destinado aos proxectos colectivos que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 12:37:25

José Manuel Balseiro Orol na data 29/12/2021 12:37:38

Ana Belén García Vidal na data 29/12/2021 12:37:51

Freire Vázquez, María Begoña na data 29/12/2021 12:38:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Manuel Santos Costa na data 29/12/2021 12:38:11

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 12:38:20

Daniel Vega Pérez na data 29/12/2021 12:38:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

No Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea de decembro de 2021 fixéronse os totais admisibles e capturas (TAC) e cotas para 2022 en parte das augas do Atlántico e do mar do Norte.

Amais, en datas anteriores ao Nadal foi acadado un acordo co Reino Unido polo que se fixa as cifras dos TAC para aquelas especies compartidas con este país, e que recolle tamén consideracións e propostas de cara ao 2022 para revisar cuestións relativas a esta fixación de posibilidades de pesca.

Como Galicia é a comunidade autónoma que maior interese ten nesta definición de cotas, calquera movemento das súas cifras ten unha afectación social e económica de gran importancia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é o balance que fai o Goberno galego do resultado do acordo co Reino Unido e do Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea no que se negociaron as posibilidades de captura para 2022?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 12:41:17

José Manuel Balseiro Orol na data 29/12/2021 12:41:28

Ana Belén García Vidal na data 29/12/2021 12:41:41

Freire Vázquez, María Begoña na data 29/12/2021 12:41:51

Manuel Santos Costa na data 29/12/2021 12:42:01

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 12:42:16

Daniel Vega Pérez na data 29/12/2021 12:42:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A escasos 50m da Ponte Boado, augas abaixo, no río Tambre, coas parroquias de Buazo-Boimorto na marxe esquerda e a parroquia de Boado-Mesía na marxe dereita, pasa de catro anos que hai un tapón con xeito de presa que impide o libre discorrer das augas.

Pode ter preto dos 4 metros de altura e está formado por troncos e polas de árbores arrastrados polas enchentes sucesivas e que foron apresando ao seren freados polos ameneiros que hai no leito.

A Consellería de Medio Ambiente foi avisada varias veces e houbo xa máis de dúas inspeccións sen que eses materiais fosen retirados deixando o leito expedito.

Non se entende esta indolencia e falta de acción de parte do goberno galego, ese non facer nin deixar facer.

O perigo é serio pois de aparecer un período de chuvia intensa, a crecida do río e o arrastre de materiais pode acrecentar a mencionada barreira ocasionando un apresamento de auga fóra de lugar e coa rotura facer un arrastre e ocasionar unha desfeita río abaixo en vivendas, pontes e facendas





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión
2ª :

Cal é a razón pola que o goberno de Galiza non actúa a respecto do tapón de materiais de arrastre no río Tambre a escasos metros da chamada Ponte Boado á altura das parroquias de Buazo-Boimorto na marxe esquerda e de Boado-Mesía na marxe dereita?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/12/2021 13:02:05

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 13:02:09



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Suárez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, José Luis Ferro Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez e María Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta oral en Comisión 4ª Educación e Cultura.

O sector audiovisual é un ámbito estratéxico para o desenvolvemento da cultura de Galicia. Nos últimos anos, o noso audiovisual experimentou un desenvolvemento moi importante, tanto en termos cuantitativos como cualitativos. Hoxe dá traballo a 2.000 persoas e xera ingresos por máis de 127M€.

Os bos resultados son froito dun extraordinario talento artístico e dunha notable competencia técnica e empresarial dos profesionais que participan, articulan e compoñen a industria cinematográfica. Tamén a Axencia Galega das Industrias Culturais, como órgano encargado de dar impulso ao tecido empresarial do sector cultural galego, xoga un papel clave nesta evolución.

Fai uns meses, a AGADIC presentou o proxecto Hub Audiovisual da Industria Cultural dotado cun orzamento de 9,6M€ ata 2023. Trátase dunha ambiciosa iniciativa que pretende seguir contribuíndo ao desenvolvemento do sector e apoiando aos seus profesionais.

Despois de múltiples encontros cos axentes culturais, no mes de setembro a Xunta de Galicia puxo en marcha a primeira convocatoria do Hub dedicada á atracción de rodaxes.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Cales foron os avances levados a cabo polo Goberno galego no impulso ao proxecto do Hub Audiovisual da Industria Cultural?

Santiago de Compostela, 29 de decembro 2021.



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 12:58:10

Ovidio Rodeiro Tato na data 29/12/2021 12:58:23

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 12:58:35

Rodríguez Pérez, Moisés na data 29/12/2021 12:58:55

Gómez Salgado, Carlos na data 29/12/2021 12:59:03

María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/12/2021 12:59:12

José Luis Ferro Iglesias na data 29/12/2021 12:59:26

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 9 de setembro detectouse por parte da Xunta de Galiza unha vertedura de aproximadamente 200m³ de xurro gandeiro procedentes dunha explotación no concello de Trazo. A vertedura que por medio do regato de Portaferreiros foi parar ao río Tambre, levantou todas as alarmas nos concellos que captan auga deste río, Santiago, Ames e Brión.

A pesar da importancia da cantidade vertida e do perigo que para a saúde da cidadanía supón a presenza destas substancias na auga, soamente o sábado 11 lles foi comunicado aos concellos afectados nas súas captacións de auga este feito.

A magnitude do acontecido reclama unha avaliación dos danos causados, tanto para a veciñanza como para flora e fauna, xa que a vertedura provocou a morte de milleiros de peixes e danos non visibles a curto prazo na flora e fauna do río Tambre até a embocadura en Noia.

O feito debe ser tamén unha chamada á reflexión do estado das augas fluviais, da súa vixilancia e control periódico e da necesidade de coidado extremo destas vías de auga pola dependencia humana da súa existencia en bo estado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Cales foron as medidas tomadas polo goberno galego para garantir o abastecemento dos concellos de Ames e Compostela sen poñer en risco a saúde das súas poboacións?

. En que momento exacto, e por parte do goberno galego se puxo en coñecemento destes concellos a situación creada pola vertedura?

. Ten pensado o goberno de Galiza abrir unha investigación e depurar responsabilidades?

. Ten pensado así mesmo avaliar os danos a persoas, instalacións e ao medio ambiente resultantes dos feitos?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 29/12/2021 13:05:30

Iria Carreira Pazos na data 29/12/2021 13:05:34

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 13:05:43



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Suárez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, José Luis Ferro Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez e María Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta oral en Comisión 4ª Educación e Cultura.

As políticas a prol do fomento e a dinamización da lectura en Galicia son unha tarefa de toda a sociedade, na que están implicados múltiples axentes tanto públicos como privados.

A consolidación dunha cidadanía lectora debe ser o obxectivo central de calquera política cultural. Por iso, o Goberno galego traballa coa vista en:

- Reforzar o papel do libro galego e aumentar o hábito lector entre a cidadanía.
- Favorecer a consolidación da industria editorial.
- Impulsar a internacionalización do libro e da literatura galega.

Porén, para poder acadar estes obxectivos sectoriais básicos é preciso dispoñer dun documento, que parta dun diagnóstico da situación e que sexa o resultado dun traballo de reflexión cos sectores implicados, no que se recollan e ordenen as prioridades e necesidades, a concreción das liñas e das medidas que se van levar a cabo, e a temporización.

A Xunta de Galicia xa iniciou a elaboración, no seo do Consello Asesor do Libro de Galicia, dun Plan de Dinamización Lectora de Galicia, documento que debe contar co maior consenso posible para resultar útil e eficaz. Este plan enmárcase na Estratexia de Cultura de Galicia 2021 e busca fixar os eixes estratéxicos e as medidas da acción cultural de Galicia neste ámbito nos vindeiros anos.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Cales foron os avances na elaboración do Plan de Dinamización Lectora de Galicia por parte da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 29 de decembro 2021



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 13:14:04

Ovidio Rodeiro Tato na data 29/12/2021 13:14:19

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 13:14:28

Rodríguez Pérez, Moisés na data 29/12/2021 13:14:39

Gómez Salgado, Carlos na data 29/12/2021 13:14:49

María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/12/2021 13:14:57

José Luis Ferro Iglesias na data 29/12/2021 13:15:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Suárez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, José Luis Ferro Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez e María Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta oral en Comisión 4ª Educación e Cultura.

Para afrontar os retos da cultura galega a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Cultura, impulsou a Estratexia da Cultura Galega.

Unha folla de ruta ideada como guía para a acción do Goberno galego neste ámbito. A elaboración deste documento baseouse nun proceso compartido e transparente, que favoreceu a participación de profesionais dos diferentes sectores culturais. O resultado final foi un documento conformado por 6 liñas e 34 obxectivos estratéxicos.

Un texto ambicioso que presenta importantes mudanzas para o sector e que ten como gran obxectivo incidir na transformación das políticas públicas na nosa Comunidade.

Porén, o contexto no que foi pensado e elaborado cambiou radicalmente co inicio da pandemia o que obrigou á Xunta de Galicia a tomar medidas novas adaptadas ás necesidades do sector cultural.

Polo exposto, os deputados e deputada asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Cales foron os avances realizados pola Xunta de Galicia no ámbito da Estratexia da Cultura Galega?

Santiago de Compostela, 29 de decembro 2021.



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 13:26:05

Ovidio Rodeiro Tato na data 29/12/2021 13:26:22

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 13:26:32

Gómez Salgado, Carlos na data 29/12/2021 13:26:45

Rodríguez Pérez, Moisés na data 29/12/2021 13:26:55

María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/12/2021 13:27:02

José Luis Ferro Iglesias na data 29/12/2021 13:27:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Suárez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, José Luis Ferro Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez e María Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta oral en Comisión 4ª Educación e Cultura.

A Cidade da Cultura de Galicia vén de celebrar dez anos da súa inauguración. En efecto, en xaneiro de 2011 poñíase en funcionamento o arquivo e a biblioteca, despois dunha década de intenso traballo, non exento de debates e posicionamentos encontrados.

Cómpre lembrar que o proxecto da Cidade da Cultura viuse afectado pola crise económica que non so obrigou á retardación das obras e mesmo a súa paralización, senón que fixo necesario volver a pensar os usos dos edificios en aras de facer rendibles os investimentos públicos.

Foron decisións clave, que posibilitaron que na actualidade, esta infraestrutura sexa un referente cultural de toda Galicia.

Ao cumprirse este décimo aniversario remata unha fase de consolidación. Con preto de 5.000 actividades e case seis millóns de visitas, a Cidade da Cultura amósase como unha ferramenta social, cultural e económica. Para continuar avanzando nesta dirección, a Xunta de Galicia vén de aprobar o II Plan Estratéxico da Cidade da Cultura, unha folla de ruta que marcará a dirección do Gaiás durante os próximos anos.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Cal é o balance do Goberno galego sobre o funcionamento da Cidade da Cultura de Galicia?

Santiago de Compostela, 29 de decembro 2021.



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 13:36:52

Ovidio Rodeiro Tato na data 29/12/2021 13:37:04

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 13:37:19

Rodríguez Pérez, Moisés na data 29/12/2021 13:37:32

Gómez Salgado, Carlos na data 29/12/2021 13:37:38

María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/12/2021 13:37:46

José Luis Ferro Iglesias na data 29/12/2021 13:37:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Carme González Iglesias e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as medidas necesarias para garantir o transporte público por estrada no traxecto Lugo-Ourense, o cal se viu reducido nos últimos tempos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela. Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións.

Segundo establece o Plan Estratéxico de Transporte Público de Galiza:

“O obxectivo xeral do Plan de Transporte Público de Galicia, que non é outro que acadar un modelo de transporte público por estrada sostible e eficiente, que se adapte mellor ás necesidades da cidadanía de Galicia, a través dos diferentes apartados que compoñen ese documento desenvólvense uns obxectivos máis específicos que, seguindo o indicado na Lei 10/2016, son os seguintes:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Facilitar a mobilidade das persoas en termos de igualdade, seguridade, calidade, eficiencia social e sostibilidade económico-financeira e medioambiental.

. Fomentar e potenciar o uso prioritario do transporte público en calquera dos seus modos.

. Facilitar a intermodalidade do servizo e a súa accesibilidade ás persoas, de xeito que se potencie a súa concepción como unha alternativa sostible fronte ao transporte particular e contribúa á vertebración territorial da Comunidade Autónoma.”

Baixo estes preceptos, o servizo de transporte público debe cubrir as necesidades das persoas que o utilizan, e que poidan entender como unha boa alternativa o seu uso. Cando se elimina unha liña baixo a premisa da baixa demanda, estanse a vulnerar os principios do propio plan xa que se están deixando de cubrir as necesidades das persoas que precisan este servizo nos seus desprazamentos.

Concretamente estamos a falar do servizo XG623 Lugo-Ourense-Vigo, con anexos que viu eliminada a liña das 6 da mañá, unha liña utilizada por traballadores e traballadoras da cidade de Lugo e das vilas polas que pasa este servizo que hoxe ven imposibilitado o acceso a este servizo.

Xa na confección deste servizo, o horario das 6 da mañá era contemplado e recollida a confección das liñas e horarios, segundo reza o punto 1.6.5 de Viabilidade Social, os servizos deseñados respondes ás necesidades sociais identificadas, co obxectivo de mellorar a conectividade territorial etc.

Polo tanto, este horario tamén respondía ás necesidades sociais identificadas, mais para a empresa e a Xunta de Galiza parece que estas necesidades mudaron.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como xustificación da eliminación do servizo das 6 da mañá, alégase unha baixa demanda froito da pandemia e da xeneralización do teletraballo. Isto podería chegar a ter sentido vai algún tempo, mais hoxe en día entendemos que o teletraballo xa non é a norma e que as traballadoras xa se incorporaron, de xeito xeneralizado, aos seus postos de traballo.

Cabe sinalar que esta liña non foi eliminada de xeito oficial, aparecendo aínda no directorio web ligado á Xunta de Galiza.

Non tendo xa sentido a xustificación para a eliminación deste servizo, non só non se repuxo senón que a súa eliminación pasa a ser permanente.

Este feito vai totalmente en contra dos principios sociais que rexen o Plan de Transporte da Xunta de Galiza, así como os termos de viabilidade social recollidos no Proxecto de Explotación que rexe a concesión deste servizo.

A empresa está a incumprir o acordado coa Xunta de Galiza e esta non só llo permite indo en contra dos criterios do Plan, senón que incumpre os obxectivos do propio Plan de Transportes da Xunta co único beneficio da empresa.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. É coñecedora a Xunta de Galiza dos incumprimentos dos obxectivos que persegue o Plan de Transportes da Xunta de Galiza ao non atender as necesidades das usuarias?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Entende a Xunta de Galiza que o transporte público é un servizo que debe velar polas necesidades das súas usuarias?

. Por que permite o goberno galego que primen os beneficios dunha empresa privada sobre as necesidades e os criterios que establece o seu propio plan?

. Que vai facer o goberno galego para garantir os obxectivos sociais que deben imperar nun servizo público como é o transporte de viaxeiros?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2021

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Noa Presas Bergantiños
Carme González Iglesias
Alexandra Fernández Gómez
Olalla Rodil Fernández
Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 29/11/2021 09:36:56

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/11/2021 09:37:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 29/11/2021 09:37:15

María do Carme González Iglesias na data 29/11/2021 09:37:23

Alexandra Fernández Gómez na data 29/11/2021 09:37:46

Olalla Rodil Fernández na data 29/11/2021 09:38:01



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Suárez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, José Luis Ferro Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez e María Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta oral en Comisión 4ª Educación e Cultura.

No ano 2020 o Parlamento de Galicia aprobou a primeira Lei de museos e outros centros museísticos de Galicia. Un texto novidoso que, despois da súa publicación no DOG como a Lei 7/2021 do 17 de febreiro e de cumprir os prazos establecidos, xa está plenamente en vigor.

Nos últimos anos, a nosa Comunidade experimentou un importante crecemento neste ámbito, que fixo necesario unha norma que regulara de forma autónoma e independente aos nosos museos.

O novo marco normativo comeza afondando na importancia destes centros como instrumentos para facilitar o acceso á cultura de toda a cidadanía. A nova lei presenta a estas institucións como espazos vivos que favorecen a inclusión, o debate público, a cohesión social... E atende a todas as dimensións destes centros: a investigadora, a pedagóxica, a económica e a social.

O texto legal permitirá seguir afondando na consolidación e potenciación dos museos; posibilitará a difusión, o traballo en rede e a dixitalización destas institucións. Así mesmo, recolle os criterios para a creación de novos espazos.

Unha das principais novidades que traerá a lei de museos será a creación e posta en marcha do Sistema Galego de Centros Museísticos, como unha estrutura organizativa e funcional que permitirá mellorar a eficiencia na xestión dos recursos. En paralelo, tamén prevé o desenvolvemento das Redes de Centros Museísticos para favorecer a cooperación entre estas institucións.

A lei de museos partiu dun proceso participativo no que colaboraron preto de medio centenar de entidades, tanto públicas como privadas, e supón un paso máis no avance das liñas estratéxicas fixadas pola Estratexia da Cultura Galega.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:



Cales serán as primeiras implicacións da Lei 7/2021, do 17 de febreiro, de museos e outros centros museísticos de Galicia?

Santiago de Compostela, 29 de decembro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 13:47:25

Ovidio Rodeiro Tato na data 29/12/2021 13:47:39

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 13:47:52

Rodríguez Pérez, Moisés na data 29/12/2021 13:48:13

Gómez Salgado, Carlos na data 29/12/2021 13:48:56

María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/12/2021 13:49:03

José Luis Ferro Iglesias na data 29/12/2021 13:49:15

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Suárez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, José Luis Ferro Iglesias, Moisés Rodríguez Pérez e María Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta oral en Comisión 4ª Educación e Cultura.

O proceso de recuperación de Meirás iniciouse hai case tres anos, grazas ao gran consenso acadado por todos os galegos. En 2017, o Parlamento solicitou á Xunta de Galicia que iniciase un estudo xurídico, en colaboración coas tres universidades, para estudar a posibilidade e os mecanismos xurídicos máis adecuados para a recuperación das Torres de Meirás.

Cumprindo o mandato do Parlamento, o Goberno galego crea unha Comisión de Expertos que elabora dito estudo, concluíndo que a Administración Xeral do Estado estaba lexitimada para o exercicio dunha acción reivindicatoria fronte á familia Franco.

A Xunta entregou o estudo no Parlamento, que por unanimidade instou ao Goberno do Estado a iniciar un proceso civil para que Meirás se reintegre ao patrimonio público. Como resultado de todo este proceso, foi posible poñer en marcha os trámites para a súa recuperación a través da vía xudicial.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Que valoración fai o Goberno galego do proceso de restitución ao patrimonio público do Pazo de Meirás?

Santiago de Compostela, 29 de decembro 2021.



Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 29/12/2021 14:08:02

Teresa Egerique Mosquera na data 29/12/2021 14:08:17

Ovidio Rodeiro Tato na data 29/12/2021 14:08:37

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/12/2021 14:08:46

Rodríguez Pérez, Moisés na data 29/12/2021 14:09:06

Gómez Salgado, Carlos na data 29/12/2021 14:09:12

María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/12/2021 14:09:19

José Luis Ferro Iglesias na data 29/12/2021 14:09:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre o peche da oficina de ABANCA no barrio de San Valentín no Concello de Fene.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proceso de concentración entidades bancarias e a dixitalización dos servizos ven resultando nunha continua redución de oficinas bancarias ao longo de todo o territorio do noso país.

E na medida en que o primeiro destes procesos atinxe a súa máxima expresión e o mercado queda baixo o control exclusivo de 4 grandes entidades o comportamento propio dun oligopolio abrolla sen disimulo, quer en forma de comisións, quer en forma de redución de oficinas co prexuízo conseguinte ás persoas usuarias.

O caso de ABANCA, é especialmente relevante por ser con diferenza a entidade con máis clientes no noso país, por ser resultado da fusión e venda das caixas de aforro galegas despois dun rescate mil millonario con diñeiro público, e curiosamente polo elevado número de oficinas pechadas.

5 anos despois de terse realizado a fusión das caixas, e polo tanto, cando as duplicidades deberían estar resoltas, a redución de oficinas en ABANCA é a seguinte: Entre o 31 de marzo do 2015 e o 31 de marzo do 2020 pechou 52 oficinas, o 9% da súa rede; o ano seguinte, até 31 de marzo do 2021 pechou 61 oficinas, o 11,53% da súa rede





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

restante. E nestes últimos tres meses outras 12 máis. É dicir o ritmo de peches aumentou desmesuradamente.

Por suposto que todo este proceso tivo graves consecuencias para o emprego. As dúas caixas galegas sumaban no momento da fusión 7.845 persoas empregadas. Hoxe o persoal de ABANCA na Galiza ascende a 3.800 persoas, o 48,43%, menos da metade.

A redución de persoal en ámbitos especialmente cualificados dentro do sector servizos, como é o financeiro, é un problema laboral de especial transcendencia para calquera sociedade moderna, mais neste caso, ademais, redunda nun grave retroceso na prestación dun servizo esencial para a cidadanía galega, sobre todo para aquelas persoas con dificultades para realizar os trámites a través dos medios dixitais.

Dous ámbitos, laboral e servizos esenciais, nos que ABANCA debera xogar un papel proactivo a favor do país, tal como a sociedade reclama, despois de ter recibido 9.000 millóns públicos para o saneamento da entidade, e sendo como é unha entidade que obtén elevados beneficios ano tras ano no noso país, 157 millóns durante o primeiro semestre do presente exercicio e con volume de negocio en termos anteriores á pandemia.

O peche da oficina de ABANCA no barrio de San Valentín, no Concello de Fene, é un novo exemplo. Trátase, como tantos outros lugares do noso país e da comarca de Ferrol, dunha zona especialmente envellecida, mais que mantén un nivel de actividade moi importante, unha poboación que precisa dos servizos da oficina e que ven manifestándose en contra do anunciado peche durante todo o verán.

Por todo iso formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

1. Vai involucrase o Goberno galego para impedir o peche da oficina de ABANCA en San Valentín, no concello de Fene?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Ten realizado algunha actuación para evitar o peche desta oficina que se suma a outras xa levadas a cabo na comarca de Ferrol e dificultan o acceso da veciñanza aos servizos financeiros?

3. Coida que o sector bancario pode seguir perdendo postos de traballo, na actual situación de crise económica, e nomeadamente dada a situación da comarca de Ferrol?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 29/12/2021 16:10:47

Daniel Pérez López na data 29/12/2021 16:10:59

Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2021 16:11:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre o peche da oficina de ABANCA no concello de Monfero.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proceso de concentración entidades bancarias e a dixitalización dos servizos ven resultando nunha continua redución de oficinas bancarias ao longo de todo o territorio do noso país.

E na medida en que o primeiro destes procesos atinxe a súa máxima expresión e o mercado queda baixo o control exclusivo de 4 grandes entidades o comportamento propio dun oligopolio abrolla sen disimulo, quer en forma de comisións, quer en forma de redución de oficinas co prexuízo conseguinte ás persoas usuarias.

O caso de ABANCA, é especialmente relevante por ser con diferenza a entidade con máis clientes no noso país, por ser resultado da fusión e venda das caixas de aforro galegas despois dun rescate mil millonario con diñeiro público, e curiosamente polo elevado número de oficinas pechadas.

5 anos despois de terse realizado a fusión das caixas, e polo tanto, cando as duplicidades deberían estar resoltas, a redución de oficinas en ABANCA é a seguinte: Entre o 31 de marzo do 2015 e o 31 de marzo do 2020 pechou 52 oficinas, o 9% da súa rede; o ano seguinte, até 31 de marzo do 2021 pechou 61 oficinas, o 11,53% da súa rede





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

restante. E nestes últimos tres meses outras 12 máis. É dicir o ritmo de peches aumentou desmesuradamente.

Por suposto que todo este proceso tivo graves consecuencias para o emprego. As dúas caixas galegas sumaban no momento da fusión 7.845 persoas empregadas. Hoxe o persoal de ABANCA na Galiza ascende a 3.800 persoas, o 48,43%, menos da metade.

A redución de persoal en ámbitos especialmente cualificados dentro do sector servizos, como é o financeiro, é un problema laboral de especial transcendencia para calquera sociedade moderna, mais neste caso, ademais, redunda nun grave retroceso na prestación dun servizo esencial para a cidadanía galega, sobre todo para aquelas persoas con dificultades para realizar os trámites a través dos medios dixitais.

Dous ámbitos, laboral e servizos esenciais, nos que ABANCA debera xogar un papel proactivo a favor do país, tal como a sociedade reclama, despois de ter recibido 9.000 millóns públicos para o saneamento da entidade, e sendo como é unha entidade que obtén elevados beneficios ano tras ano no noso país, 157 millóns durante o primeiro semestre do presente exercicio e con volume de negocio en termos anteriores á pandemia.

O peche da oficina de ABANCA no Concello de Monfero, é un novo exemplo. Trátase, como tantos outros lugares do noso país e da comarca de Ferrol, dunha zona especialmente envellecida, mais que mantén un nivel de actividade moi importante, unha poboación que precisa dos servizos da oficina.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

1. Vai involucrase o Goberno galego para impedir o peche da oficina de ABANCA no concello de Monfero?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Ten realizado algunha actuación para evitar o peche desta oficina que se suma a outras xa levadas a cabo nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal e dificultan o acceso da veciñanza aos servizos financeiros?

3. Coida que o sector bancario pode seguir perdendo postos de traballo, na actual situación de crise económica, e nomeadamente dada a situación da comarca de Ferrol?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2021 16:11:41

Daniel Pérez López na data 29/12/2021 16:11:45

Ramón Fernández Alfonso na data 29/12/2021 16:11:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Noa Presas Bergantiños e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre a reclamación de REGANOSA contra o Concello de Mugardos polo pago do IAE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O alcalde do Concello de Mugardos ven de facer público que a empresa REGANOSA presentou unha reclamación xudicial contra o Concello, demandando o que a empresa considera pagos indebidos en concepto do tributo IAE.

O propio alcalde manifesta tamén publicamente a súa preocupación polo montante da reclamación, próxima aos 6 millóns de euros, así como pola paralización de certos investimentos e colaboracións económicas da empresa que viñan sendo habituais no concello.

Salienta a difícil situación económica na que se atoparía o Concello de Mugardos de ter éxito esta reclamación, xa que a cantidade reclamada equivale ao orzamento anual do Concello. E salienta tamén a parálise de eses investimentos e colaboracións, como medida de presión para conseguir do Concello o pago das cantidades reclamadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero unha das cuestións que máis chama a atención, que máis preocupación e indignación ten provocado no Concello de Mugardos é a ameaza de tributar a partir de agora en Madrid.

Nin que dicir ten que esta indignación trae causa en dous feitos públicos e notorios, primeiro, o feito de ter a empresa a súa sede e o centro principal de actividades no Concello de Mugardos, e o segundo, o feito de ter a Xunta de Galiza unha porcentaxe importante do capital social da empresa.

É dicir, os veciños e veciñas do Concello de Mugardos, e de toda a contorna da ría, non so conviven cos riscos asociados á realización da actividade propia da gaseira, senón que ademais son co-partícipes, a través da Xunta, do capital da empresa, e non chegan a comprender, como trasladan a través dos representantes de todos os grupos políticos do Concello, como podería a Xunta de Galiza permitir que a empresa en cuestión poña en risco as contas e o financiamento municipais.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

. Tivo coñecemento a Xunta de Galiza da interposición de esta demanda por parte de REGANOSA contra o Concello de Mugardos?

. Que obrigas de información ou consulta establecen os estatutos sociais da empresa ao respecto da presentación de demandas xudiciais contra entidades públicas?

. Que opinión lle merece este comportamento da empresa REGANOSA?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai a Xunta de Galiza a tomar algunha medida para evitar que REGANOSA
cheque a emprender as accións anunciadas?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Noa Presas Bergantiños

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 29/12/2021 16:13:45

Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2021 16:13:50

Daniel Pérez López na data 29/12/2021 16:14:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A LU-636, estrada que comunica a vila de Sarria coa de Becerreá, pero que ten bastante máis transcendencia xa que serve para comunicar a montaña lucense co val de Lemos e tamén serve de saída a A6.

Leva anos nun estado deplorable, con evidentes problemas de firme, trazado e anchura. Hai uns meses a consellería de infraestruturas e mobilidade logrou botar rego asfáltico nun tramo que estaba co firme especialmente deteriorado cuestión esta que supuxo un parche pequeno pero que non resolveu o relativo a calidade da vía de comunicación.

Podemos hoxe comprobar que leva máis de 30 minutos percorrer pouco máis de 30km, que esta estrada autonómica ten unhas variacións no firme e na anchura que non se xustifican en nada obxectivo.

Os primeiros 16 km dende Sarria sentido Becerreá discorren ata un lugar chamado Saa no concello de Láncara e contan cunha anchura e firme adecuado que sen máis explicación se perden nese momento, pasando a reducir a súa anchura ata o punto de atopar unha ponte con aqueles vellos sinais que indican quen ten prioridade no paso,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tampouco acompaña o trazado que se converte nunha sinuosa estrada de montaña, parte dela con bo firme pero con curvas pronunciadas, moitos tramos tampouco contan con barandas quitamedos aínda que á súa beira a pendente sexa ben pronunciada.

O tramo final tampouco foi mellorado máis alá do firme, esta vía de comunicación podendo ser segura convértese nunha vía de incomunicación que sen dúbida ten un potencial de sinistralidade para as persoas que habitan en moitos dos lugares polos que discorre.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Vai acometer o goberno da Xunta unha mellora substancial da estrada LU 636 en canto a trazado, anchura e firme que facilite as comunicacións entre as vilas e núcleos de poboación afectados?

. A que número de habitantes afecta de xeito directo o estado desta vía?

. Que sinistralidade ben rexistrando?

. Que frecuentación ten e no caso de que sexa escasa a que llo achacan?

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 03/12/2021 13:26:50

Xosé Luis Bará Torres na data 03/12/2021 13:26:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Corredor Galego CG.-2.2 une Lugo con Monforte en alternativa á Lu-546 mentres o Corredor Galego CG.-2.1 une a Monforte con Lalín. Ambos son competencia da Xunta de Galiza.

Dende o seu inicio a fauna salvaxe do contorno de ambas vías, concretamente os xabaríns, causaron numerosos accidentes sen que se tomaran ningunha medida para evitar que estes animais se introduciran dentro dos valados do corredor. É ademais frecuente avistalos polas pendentes das beiras.

Esta situación pode darse pola rotura dos balados metálicos que, efectivamente teñen un mantemento dificultoso pola lonxitude dos mesmos, pero tamén pode deberse á que os xabaríns acceden polos mesmos accesos que os vehículos.

A fragmentación do territorio que ocasionan as vías de comunicación terrestre causan un dano irreparable á fauna, por cuestións de afectación á biodiversidade que poden ir dende os danos provocados pola endogamia ao estar o seu territorio illado ata a morte ao invadir estas vías, pero tamén as persoas usuarias poden sufrir accidentes derivados da invasión de grandes animais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É por isto un acto de responsabilidade das administracións con competencias nas distintas vías crear os denominados corredores ecolóxicos que faciliten o desprazamento da fauna local dunhas zonas a outras, cuestión esta que favorecería o desenvolvemento da fauna salvaxe mentres se protexería á cidadanía de sufrir accidentes.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Vai o Goberno da Xunta asegurar a seguridade viaria das vías CG-2.2 e CG-2.1 creando pasos ecolóxicos para o desprazamento da fauna salvaxe?

. Teñen contabilizados o número de accidentes e incidentes provocados polos diversos tipos de fauna, nomeadamente xabaríns?

. Cantos se contabilizan dende a construción de ambos corredores?

. Teñen contemplado crealos no tramo que se está a desdobrar entre A Pobra de San Xiao e Sarria e máis tarde entre Nadela e A Pobra?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 16:29:49

María del Carmen Aira Díaz na data 29/12/2021 16:29:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As parroquias de Santo Estevo do Mato, San Vicente e Santiago de Castillón, sitúanse no Concello de Pantón, contan cun número de habitantes aproximado de máis de 200 habitantes habituais e que no verán supera e non contan cunha traída de augas, e por suposto, tampouco contan con saneamento.

Os mananciais sitos nestas parroquias sofren de contaminación das augas o que os invalida para o consumo con seguridade sanitaria.

En marzo do ano do ano 2017 aprobouse, por unanimidade, no Pleno do Concello seguinte moción proposta polo grupo municipal do BNG:

"A Redacción dun proxecto, así coma a súa execución para que á maior brevidade posible as persoas e os negocios destes territorios contan cun servizo de augas axeitado á normas de salubridade e sanitarias actuais, que contemple tamén as bases para un futuro saneamento."

Ante a inacción do goberno municipal levouse adiante unha queixa ante a valeduría do pobo, dada a imperiosa necesidade de que estas tres parroquias puideran contar con auga potable.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Debemos dicir que desgrazadamente esta denuncia tivo un efecto ben limitado xa que non conduciu a conseguir ningunha solución para este problema, sendo a súa resposta o traslado da resposta da alcaldía onde o Alcalde aseguraba recoñecer a necesidade pero que se faría seguindo unhas prioridades e segundo disposición orzamentaria.

Interpelado a posteriori, o Alcalde responde que ten solicitado o proxecto a Augas de Galiza

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Vai o goberno da Xunta, a través de Augas de Galiza, ou a través de calquera outro modo, resolver, o problema de falta de auga corrente potable nas parroquias sinaladas, á maior brevidade?

. Consideran vostedes que é asumible que na altura dos anos 20 do século XXI existan parroquias sen auga corrente e potable e practicamente non haxa saneamento na maioría dos núcleos rurais?

. Ten efectivamente Augas de Galiza proxectada a traída de augas para estas parroquias e para cando?

. De non ter o proxecto considera a Xunta necesaria a súa intervención para garantir un servizo á cidadanía que dende a alcaldía non se da?

. Vai tomar algunha medida o goberno da Xunta para abordar a falta de auga potable corrente nos núcleos habitados do rural galego?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai tomar algunha medida o goberno da Xunta para abordar a falta de saneamento na maioría dos núcleos de poboación do rural galego?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 29/12/2021 16:35:51

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 16:35:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lu-611 é unha estrada da Xunta que discorre dende Rubián ata a vila de Taboada seguindo o decorrer do antigo camiño real. É unha vía importante de comunicación entre a comarca da Ulloa coa chaira do Val de Lemos e tamén coa comarca de Sarria.

O estado do firme é calamitoso polo menos no tramo que vai dende Rubián no Concello de Bóveda ata Currelos no Concello do Saviñao, o que na práctica supón que haxa localidades que queden incomunicadas entre si e coas zonas mencionadas.

Dende o goberno da Xunta prometeuse o amaño desta vía en numerosas ocasións sen que o resultado se poida observar como óptimo en ningún caso. Dende o 2007 son recorrentes as promesas que se remontan ao 2001.

No seu momento fóronse amañando menos de 20 km que separan Taboada de Currelos, estando o resto nun estado que se podería cualificar como intransitable e que de feito deixa illadas diversas localidades do interior de Bóveda e O Saviñao, como pode ser Rebordondiego ou outras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É hora 22 anos despois das primeiras promesas que a poboación da zona conte cunha vía de comunicación en condicións, sendo imposible fixar poboación nos pobos afectados, precisamente polo illamento que supón non poder saír deles cun firme en boas condicións, xa non digamos unha hipotética mellora do trazado.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Pensa o goberno da Xunta amañar por fin o firme da Lu-611 que une Rubián con Taboada e que neste momento se atopa practicamente intransitable?

. Considera asumibles as condicións das comunicacións nos municipios de Bóveda, O Saviñao e Taboada?

. É asumible para o goberno da Xunta manter esta vía de comunicación cuasi intransitable ao longo de máis de 20 anos?

. É consciente o goberno da Xunta de que a falta de comunicacións desincentiva a fixación de poboación no rural?

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 26/10/2021 15:46:57

Xosé Luis Bará Torres na data 26/10/2021 15:47:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á urxencia de tomar medidas para salvar a Atención Primaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Atención Primaria está exhausta tras anos de facer de trincheira do sistema sanitario, situación que a pandemia veu a tensionar máis e máis, até situala nunha agonía permanente.

A Atención Primaria, baseada na proximidade, na accesibilidade, na relación directa profesionais-doentes e na continuidade da asistencia está en risco. O PP ten feito saltar polos aires os seus alicerces.

A degradación progresiva da AP é a consecuencia das decisións políticas que foi tomando. Unha política baseada no desmantelamento da Sanidade Pública, doce anos continuados de xubilacións das/os profesionais sen proceder á súa substitución, de contratación en precario, de recortes nos orzamentos, de desmantelamento das estruturas directivas para secundarizala a respecto da hospitalaria, de soberbia sen escoitar as/os profesionais que denunciaban esta situación, e que esixían poder traballar en condicións dignas, negándose a incorporar novos profesionais á atención





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

primaria para garantir unha atención sanitaria integral. Doce anos de populismo xestionando a sanidade con titulares de prensa.

A situación de colapso é máis que patente e o descontento non fai máis que medrar, non queda ninguén por facer pública a alarma, a preocupación e o malestar pola situación.

Voces de alarma pola falta de persoal, pola falta de presencialidade, polo cansazo e escaseza de perspectivas de mellora.

Profesionais que están abandonando porque non queren traballar sen manter unha calidade mínima, sen poder atender ben aos doentes, que marchan fora, á privada ou solicitan excedencias. Facultativos de Familia e Comunitaria que non queren traballar exercendo a súa especialidade, en Atención Primaria.

Alarma pola redución de cadros de persoal, tensionados permanentemente, en moitos casos sen relevo, que deixan a centros de saúde cunha mínima porcentaxe d@s profesionais e a concellos enteiros, ou barrios urbanos sen profesionais para atender á poboación durante días enteiros. Falta de atención que aumenta gravemente a presión nos servizos de urxencias, poñendo en risco tamén a súa operatividade.

Voces de alarma pola constatación de que este deterioro é terreo aboado para o medre da sanidade privada.

O PP non só non toma nota, senón que moi ao contrario está aproveitando a pandemia para acelerar a súa política de deterioro da sanidade pública, de non repoiñar profesionais, sumíndoa nun pozo máis e máis profundo, e os orzamentos para o ano 2022 son un claro exemplo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non hai unha estratexia que permita normalizar a Atención Primaria, que non é o mesmo que volver á situación previa á pandemia, de axendas interminábeis e masificación, senón que permita dispoñer d@s profesionais, recursos e capacidade de tomar decisións, que permitan atender todas as necesidades e demandas da poboación, unha atención sanitaria de calidade.

Se falla a Atención Primaria, o fallo esténdese a todo o sistema. A este ritmo de deterioro estamos a un paso do colapso xeneralizado, a necesidade de fortalecemento da Atención Primaria non permite máis demoras.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Cal é a planificación da Xunta de Galiza para garantir que a Atención Primaria poida atender as necesidades sanitarias da poboación?

Que medidas que vai poñer en marcha a Xunta de Galiza para garantir que se normalice a atención sanitaria en Atención Primaria, de xeito que se eliminen as listas de espera e poidan solicitar atención presencial todas as persoas que o precisen?

Por que non elabora un Plan de Ordenación de Recursos Humanos a partir do cal presentar un plano de estabilidade de emprego?

Que alternativa lles oferta @s galeg@s diante da escaseza de facultativ@s de Medicina de Familia e comunitaria?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por que non incorpora a Atención Primaria categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral: psicoloxía e farmacia clínica, terapia ocupacional, logopedia, traballo social...?

Non considera preciso a aprobación das carteiras de servizos de cada unha das categorías profesionais presentes en Atención Primaria?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Olalla Rodil Fernández

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2021 17:52:32

Olalla Rodil Fernández na data 29/12/2021 17:52:41

Iria Carreira Pazos na data 29/12/2021 17:52:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á construción dunha escada de peixes no río Deza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No río Deza estanse acometendo obras para realizar unha escada de peixes na presa de Saídres, nun tramo que discorre polos concellos de Silleda e Vila de Cruces.

Resulta sorprendente que esta escada, moi precisa dende hai moitos anos, se estea realizando xusto cando está a punto de rematar a concesión do aproveitamento hidroeléctrico, e que ademais non resolve o problema, xa que o mantemento de caudal ecolóxico do río non é respectado pola concesionaria, cando menos unha parte importante do ano, fundamentalmente no verán,

Todo fai sospeitar que esta obra non é outra cousa que a xustificación para conseguir a prorroga da concesión. Temos que lembrar que, pese a ter varias sentenzas dende hai máis dunha década que obrigaban á concesionaria a construír a escala de salmónidos, esta nunca a executou. Este abuso persistiu ao longo dos anos pola conivencia do PP coas empresas eléctricas que en vez de obrigalas a cumprir mira para outro lado, ao igual que diante dos continuos vertidos que sofren os ríos Arneiro e o Deza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo en conta que o río Deza leva máis dun século de aproveitamento privado das súas augas, do que a concesionaria obtivo cuantiosos beneficios sen deixar nada no territorio, salvo o deterioro da vida no río, e que está a punto de vencer, o BNG considera que unha vez remate a concesión, o Deza debe quedar libre de presas que impidan a libre circulación dos peixes e o desove dos salmónidos nas Trigueiras.

O BNG defende que o río Deza volva ao seu estado orixinal, libre de calquera obstáculo que impida a libre circulación dos peixes e o acceso dos salmónidos ás Trigueiras onde poder desovar.

Rexeitamos unha nova concesión ou prorroga da actual, é preciso que a Xunta explique o por que da realización das obras nestes momentos, se cumpren a normativa vixente de pesca fluvial, se hai realizado e aprobado estudos de impacto ambiental e todas as autorizacións que obriga a lexislación, así como si se teñen feito inspeccións e o resultado das mesmas.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. É coñecedora a Xunta de Galiza das obras que se están levando a cabo no río Deza, nun tramo que discorre entre os concellos de Vila de Cruces e Silleda, para a construción dunha escada de peixes?

. Ten realizado algún informe tanto coa xustificación da construción desta escada xusto cando vai rematar a concesión como coas consecuencias de non terse mantido o caudal ecolóxico en longos períodos?

. Ten comprobado a legalidade destas obras?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- . Foron autorizadas pola Xunta de Galiza?
- . Ten concedida Avaliación de Impacto Ambiental?
- . Se non é así ten aberto algún expediente sancionador?
- . Vai actuar a Xunta para non proceder á renovación da actual concesión para o aproveitamento hidroeléctrico no río Deza unha vez remate a que está en vigor?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2021 18:06:34

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 18:06:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as medidas a tomar para evitar o desafiuzamento de familias de vivendas en mans da SAREB no concello de Silleda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vivenda é dereito teórico, recoñecido na lexislación, mais que na práctica é inaccesíbel para unha ampla maioría da poboación. A vivenda segue a ser concibida, tanto polo Goberno galego como polo Goberno do Estado, coma un ben de investimento e non coma un dereito. As políticas que levan a cabo dificultan constantemente a miles de persoas o dereito a unha vivenda digna, expulsando á xente das súas casas, tronzando proxectos vitais ao privarlas dunha vivenda na que poder habitar.

A política de vivenda que levan a cabo está pensada non para favorecer o acceso á mesma, senón para favorecer a especulación e o negocio. Un claro exemplo é o que está acontecendo no concello de Silleda, onde a Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, SAREB, esta a forzar o desafiuzamento de varias familias. Trátase de familias que vivían nun edificio na rúa Emilio Alonso Paz, en réxime de alugueiro, onde o promotor e construtor era o arrendatario. Tiñan establecido con este de xeito verbal unha opción a compra.

A maioría d@s inquilino@s fixeron investimentos nas vivendas para poder entrar a vivir nas mesmas porque estaban sen equipamentos: mobles, cociñas,



electrodomésticos, pequenas reformas... agardando acadar a súa propiedade, chegando nalgún caso a gastar ata 15.000€.

A situación actual ven derivada de que a pesares de que @s inquilin@s pagaban o alugueiro correspondente, o promotor non foi pagando a hipoteca polo que o banco procedeu á execución hipotecaria.

Posteriormente, o banco cede os pisos á Sareb e comeza unha negociación cos avogados para buscar unha solución, fose de alugueiro ou de compra dos inmobles. A pesares disto, neste verán a Sareb rompe unilateralmente as negociacións, sen atender a razóns, e insta no xulgado a orde de desaloxo de cando menos 10-12 familias, con nenos de moi curta idade.

Esta posición por parte da SAREB está causando graves prexuizos ás familias, primeiro de índole económica, xa que realizaron un investimento nos pisos que non van recuperar, supónlle abandonar as vivendas sen ter outra alternativa nin para vivir nin para depositar os mobles e aparellos que son da súa propiedade, mais segundo tamén todos os prexuizos que teñen a ver co cambio de zona de residencias como pode ser a actividade laboral ou a escolarización d@s nen@s xa iniciado o curso.

É paradóxico que no mesmo verán a Sareb fixera pública unha nova na que dicía que poñía a disposición dos concellos vivendas para alugueiro social, mentres desaloxa aos inquilinos das súas.

A débeda provocada pola desastrosa xestión realizada polas entidades bancarias converteuse en débeda pública que temos que asumir tod@s con orzamento público, salvan aos bancos, facéndose cargo dos activos tóxicos, e despois permítenlles seguir actuando en función dos seus intereses e non dos da maioría. Se a débeda da Sareb é





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

publica, as súas vivendas tamén deberían ser públicas, e deberían estar para resolver os problemas da poboación.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Que medidas ten realizado a Xunta de Galiza para evitar o desafiuzamento d@s veciñ@s do concello de Silleda das vivendas da rúa Emilio Alonso Paz en mans da SAREB?

. Vai realizar algunha actuación para que a SAREB estableza unha negociación c@s inquilin@s afectad@s de cara a evitar o seu desaloxo e que poidan manter as súas vivendas?

. Vai solicitar o arquivo de todos os procedementos de desafiuzamento abertos?

. Vai actuar para crear un parque de vivenda publica con todas as vivendas baldeiras para poder poñelas a disposición das persoas que as precisen?

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 05/10/2021 11:10:33

Alexandra Fernández Gómez na data 05/10/2021 11:10:35

Xosé Luis Bará Torres na data 05/10/2021 11:10:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as medidas a tomar para solucionar os vertidos ao río Asneiro procedente da depuradora de Botos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pasada semana detectouse un vertido no río Asneiro, era visíbel unha espesa capa de espuma branca apreciábel en todo o caudal do río. A espuma está a percorrer unha longa distancia e non só chegou ao río Deza, senón que augas abaixo chegou ao Ulla e á súa desembocadura na ría de Arousa.

Segundo a información publicada nos medios de comunicación a espuma ten a súa orixe na depuradora de Botos. Pasada unha semana desde a primeira voz de alarma sobre este vertido, o mesmo continúa e segue depositándose nas veiras do río, sen que se teña información das medidas tomadas.

O BNG considera necesario que se esclareza o sucedido, que se investigue a orixe, que ocasionou esta espuma, a repercusión sobre o conxunto do ecosistema do río, se depuren responsabilidades e que se informe sobre as medidas que se están tomando.

Este vertido ven a poñer en evidencia as deficiencias desta depuradora, que non responde ás necesidades das empresas instaladas neste polígono, máis alá do mal uso que se poida realizar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non se poden consentir a continuidade destes vertidos, o acontecido non é un caso illado, senón que son recorrentes e crónicos os que se producen ao Asneiro e que logo continúan polos ríos Deza, Ulla e chegan á ría de Arousa. É grave esta situación pola afectación ao conxunto dos ecosistemas e porque augas abaixo hai diversas captacións de auga para uso da poboación.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. A que agarda a Xunta de Galiza para adoptar medidas que rematen con estes vertidos desde a depuradora de Botos?

. Que actuacións ten realizado a Xunta de Galiza diante do actual vertido dunha espesa capa de espuma ao río Deza?

. Ten realizado algunha investigación para determinar a orixe do vertido e a sustancia vertida

. De ser así cal é o resultado da mesma?

. Ten realizado a Xunta unha avaliación das consecuencias dos vertidos tanto nos ecosistemas dos ríos afectados como na ría de Arousa?

. Cantos vertidos teñen detectado e investigado nos últimos anos procedentes desta depuradora?

. Considera que a depuradora está dimensionada e cumpre coas condicións para atender as necesidades do tecido empresarial deste polígono?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 18:11:21

María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2021 18:11:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa a axilizar a integración dos concellos de Silleda e Lalín na Área de Transporte Metropolitano de Santiago.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos de Silleda e Lalín levan realizando a petición de inclusión dos mesmos na Área de Transporte Metropolitano de Santiago desde hai varios anos, sen que até a actualidade se teña producido a mesma.

Os dous concellos teñen unha relación preferente con Santiago, xa que forman parte da mesma Área Sanitaria co que iso supón de necesidade de desprazarse tanto para consultas, tratamentos ou hospitalizacións. Outro motivo de desprazamento é a relación académica tanto a nivel universitarios como de ensino secundario, ao que hai que engadir a relación coa Administración ou os desprazamentos por motivos comerciais, de ocio ou culturais.

O BNG defende o transporte público como alternativa competitiva, eficiente e máis sostíbel medioambientalmente e consideramos preciso facilitar a accesibilidade e a mobilidade da poboación promovendo as redes de transporte público urbanas e interurbanas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É unha evidencia a importante mobilidade da veciñanza destes concellos con Santiago, ao igual que a nula alternativa de ningún outro transporte colectivo que non sexa o autobús. Isto fai preciso que desde as administracións se dean os pasos precisos para facilitar a comunicación dxs veciñxs.

A inclusión na Área de Transporte Metropolitano é un avance nesa dirección, xa que xs usuarixs poden obter vantaxes económicas coma a bonificación do prezo da viaxe ou os transbordos gratuítos, descontos adicionais a determinados colectivos e a gratuidade xs mozoas que dispoñan da tarxeta Xente Nova.

Consideramos precisa a integración como primeiro paso para acceder ás vantaxes que a mesma ofrece, mais parella á mesma é necesario avanzar en mellorar e aumentar o servizo, as rutas e as frecuencias, de xeito que as mesmas respondan ás necesidades da poboación e coincidan cos horarios de consultas, aulas, comerciais...

Toda vez que os concellos de Silleda e Lalín teñen solicitado a integración na Área de Transporte Metropolitano de Santiago e que en decembro de 2019, a Xunta de Galiza publicou unha orde na que regula a tarifa específica Xente Nova no transporte público interurbano da súa competencia, de xeito que os menores de 21 anos poderán viaxar gratis no transporte público interurbano das áreas metropolitanas e en toda a provincia de Ourense, co compromiso de ir estendendo progresivamente a medida a todo o territorio; formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Cal é a razón de que non se teña producido a integración dos concellos de Silleda e Lalín na Área de Transporte Metropolitano de Santiago a pesares de telo solicitado os mesmos hai anos?

Vai proceder a tramitar a súa integración?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É consciente dos prexuízos que supón para a veciñanza destes concellos non ter realizado a integración ao non poder desfrutar de bonificacións, descontos ou gratuidade?

Vai axilizar as tramitacións para que xs mozs de Silleda e Lalín poidan dispor da Tarxeta Nova, e polo tanto non ter que aboar o transporte para acudir aos centros de ensino, en Santiago, como acontece cxs da Estrada ou de Vila de Cruces, situados na mesma comarca?

Que accións vai realizar para mellorar o servizo que se vén prestando, especialmente as frecuencias, aumentando as mesmas de xeito que coincidan cos horarios de consultas, clases ou comerciais?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 29/12/2021 18:18:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2021 18:18:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ás graves afectacións do trazado da autovía AG 59.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza está levando a cabo a ampliación da autovía AG 59 en fases, para ser acometida por tres subtreitos.

Deste xeito a Consellaría de Infraestruturas elaborou o proxecto de ampliación da AG-59 desde a Ramallosa (concello de Teo) até o Rollo (concello da Estrada), cunha autovía que atravesa o río Ulla cun viaduto de 40 metros e catro carrís, e o río Veá, con outro pequeno viaduto de menores dimensións, ambos incluídos na Rede Natura 2000.

Toda a ribeira do Ulla que descorre polos concellos da Estrada e Teo está inserida no sistema fluvial Ulla-Deza da Rede Natura 2000, e a maiores o río Veá, desde o lugar de Cardelle até a desembocadura no Ulla, así como río Liñares, desde Pina até o citado río.

O trazado desta ampliación da AG-59 discorre por un espazo protexido no que se concentra vexetación autóctona como carballos, ameneiros e freixos, e tamén fauna como salmón, troita, lamprea, parrulos, morcegos ou mexillón de río entre outras especies. Por outra parte, o trazado tamén afecta gravemente a patrimonio etnográfico de enorme importancia cultural, como os Muíños do Veá, posto en valor pola asociación A Xesteira de Couso, sufragado con fondos europeos, da Xunta e do Estado. Ademais





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

arrasa terreos agrarios en ambos os dous concellos, en especial en Cora onde se concentran varias explotacións agro-gandeiras, que verán diminuída a súa base produtiva. Por outra parte, este proxecto de autovía deseñado pola Xunta do PP, divide parroquias, afectando gravemente á habitabilidade destas, xa que discorre moi preto das casas, como por exemplo no Rollo, onde remata a autovía.

Tamén se verá afectado o Camiño da Geira e dos Arrieiros que vén de Braga (Portugal) até Santiago Compostela, camiño que foi posto en valor pola asociación Codeseda Viva, que logo dun intenso traballo de documentación demostrou que ten a súa orixe no século IX.

No val de Santa Lucía no concello de Teo tamén hai afectacións a Bens Patrimoniais: muíños de Santa Lucía; presa e pesqueira da Veiguiña; poza de regadío; presa, muiñou e ponte do Pontillón; camiños tradicionais; presa, canle e muiño de Ferreiriño; presa, muíños, canle e gabia de rega do Pontillón; pesqueira do río Ulla. Ao que hai que engadir elementos afectados que non figuran na planimetría: rego e manancial do Regueiro; paso de pedra sobre o Regueiro, gabias de rego...

O proxecto de ampliación da AG-59 ao seu paso polos concellos de A Estrada e Teo é unha agresión en toda regra ao medio ambiente, ao patrimonio cultural e etnográfico, así como aos nosos sectores produtivos e á convivencia. Trae máis problemas que beneficios á veciñanza de ambos concellos, arrasa fincas, espazos naturais e patrimoniais... consideramos que non é o mellor xeito de traballar por un rural vivo e con futuro.

O trazado deste proxecto non está pensando para dinamizar a economía de ambos concellos, ao contrario, senón que afecta gravemente á mesma, nin sequera comunica o polígono industrial de Toedo, ademais de supoñer un problema de seguranza viaria, xa que este subtreito remata nunha forte pendente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Considera que o actual proxecto de trazado do subtreito de ampliación da autovía AG 59 entre a Ramallosa (concello de Teo) até o Rollo (concello da Estrada) é o máis acaído

Cal é a xustificación deste nivel de agresión ao medio ambiente, ao patrimonio cultural e etnográfico, aos nosos sectores produtivos e a convivencia da veciñanza?

Parécelle normal investir cartos públicos na posta en valor do patrimonio como é a ruta dos Muíños do Veá ou o Camiño da Geira e dos Arrieiros e logo arrasalo?

Vai proceder á modificación do trazado do subtreito de ampliación da autovía AG 59 entre a Ramallosa (concello de Teo) até o Rollo (concello da Estrada)?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2021 18:21:39

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 18:21:43

Iria Carreira Pazos na data 29/12/2021 18:21:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª,** relativa á demora na aprobación dos PXOMs dos concellos de Silleda, Vila de Cruces e Agolada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos de Agolada, Silleda e Vila de Cruces atópanse nun limbo normativo en canto á normativa urbanística se refire.

O concello de Agolada conta na actualidade con normas subsidiarias de urbanismo aprobadas no ano 1987 . O PXOM de Agolada comezou a xestarse fai case 20 anos, en 2001, coa sinatura dun convenio entre o goberno local e a empresa Adiu. O concello elaborou un proxecto de PXOM que foi aprobado inicialmente polo pleno municipal o día 17 de marzo do 2016, publicado no Diario Oficial de Galiza o día 28 de abril e permaneceu en exposición pública durante dous meses; dende esta data non houbo ningún outro trámite coñecido, agás novas de prensa que non chegaron a ser materializadas en algún documento oficial concreto.

Así é que Agolada, 20 anos despois, funciona urbanisticamente cunhas normas subsidiarias de planeamento obsoletas, de fai 35 anos, que sufriron distintas modificacións polas sucesivas leis do solo de Galicia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O concello de Vila de cruces dispón de Normas Subsidiarias aprobadas no ano 1993, desde entón estanse realizando continuos proxectos de modificación das mesmas para adaptalas á lei de Solo. O PXOM foi aprobado provisionalmente en febreiro de 2014. En 2017 a Dirección Xeral de Patrimonio emitiu informe en contra da súa aprobación por deficiencias no estudo do patrimonio do proxecto de PXOM.

Pola súa parte o concello de Silleda conta con un PXOM do ano 1981. O novo proxecto de PXOM foi aprobada provisionalmente polo pleno o 18 de marzo de 2016. En 2017, Augas de Galiza esixe novos informes sobre as reservas de recursos hídricos e a legalidade das traídas de augas e en decembro de 2018, a D. X. de Ordenación do Territorio denega a aprobación definitiva e a Consellaría de Medioambiente pide que se resolvan unha serie de cuestión relacionadas coas augas.

A situación descrita supón un atranco para que a veciñanza poda desenvolver os lexítimos dereitos á hora de abordar a construción de novas edificacións ou a reforma das actuais.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

- . En que situación están actualmente os Plans Xerais de Ordenación Municipal, PXOM, dos concellos de Vila de Cruces, Agolada e Silleda?
- . En que fase da tramitación se encontran?
- . Cal é a razón da demora na súa tramitación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Están pendentes de documentación solicitada aos concellos ou a outras consellarías ou a demora é imputábel a falta de eficiencia na tramitación?

. Cal é a previsión que ten a Xunta para a súa aprobación?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2021 18:24:17

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 18:24:31

Alexandra Fernández Gómez na data 29/12/2021 18:24:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de realizar actuacións para que o Alvia Vigo-Madrid pare en Vilagarcía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Renfe fixo público que deixa a estación de Vilagarcía fóra do novo tren directo que unirá Vigo e Madrid, decisión que afectará gravemente a mobilidade e o desenvolvemento económico de toda a comarca do Salnés, cunha poboación de arredor de cento cincuenta mil persoas.

Esta conexión recuperouse hai tan só oito meses, o 27 de outubro de 2020, mais agora para acadar unha rebaixa de tan só cinco minutos no conxunto do traxecto, preténdese eliminar a parada en Vilagarcía. Tamén se acorta o tempo ao usar o baipás de Conxo sen entrar na estación de Santiago.

Consideramos preciso que Renfe e o Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana rectifiquen e que non se exclúa a parada de Vilagarcía dentro deste novo traxecto que une Vigo e Madrid dende o 14 de xuño.

Debe manterse un servizo que beneficia á comarca do Salnés, mais tamén a Caldas-Umia e a do Barbanza.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coa incorporación desta parada de Vilagarcía lograrase contar con dúas frecuencias, unha ás seis da mañá e outra arredor das nove e media, o que suporá un avance nas conexións de toda esta zona. Pola contra non contemplar a parada supón un verdadeiro paso atrás que non é aceptábel. Debe incorporarse a parada de Vilagarcía ao novo traxecto e recuperar as frecuencias que foron suspendidas pola redución de mobilidade durante a pandemia da COVI 19.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Que actuacións ten realizado a Xunta de Galiza para que o Alvia que une Vigo con Madrid teña parada en Vilagarcía?

. Considera que toda unha comarca como é a do Salnés pode quedar excluída desta conexión?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2021 18:26:40

Paulo Ríos Santomé na data 29/12/2021 18:26:49

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 18:26:56





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as medidas a tomar ante a presenza cada vez maior do visón americano en augas do río Sil.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O río Sil, que discorre a provincia de Ourense desde terras de Valdeorras até a súa desembocadura no Miño nos Peares, constitúe xunto a este último a principal bacía hídrica do noso país. Vencellada a el existe e convive unha biodiversidade conformada por especies vexetais e animais que contribúen ao equilibrio climático e ecosistémico do noso país.

Non contexto no que os ecosistemas están tan absolutamente influenciados e deteriorados pola presenza do ser humano a existencia de calquera especie invasora incide no enfeblecemento dese equilibrio xa precario.

Que define a unha especie invasora?

As especies exóticas invasoras son aquelas que representan algún perigo para a diversidade biolóxica autóctona, ben sexa polo seu comportamento invasor ou polo risco de contaminación xenética, tal e como recolle a Lei 42/2007, de 13 de decembro, de Patrimonio Natural e de Biodiversidade e refrendou a modificación desta mesma a través da Lei 7/2018 de 20 de Xullo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta de Galiza ten deseñado, en base a esta lexislación, un Plan Estratéxico de Xestión das Especies Invasoras e para o desenvolvemento dun sistema estandarizado de Análise de Riscos para especies invasoras en Galiza.

A ficha desta especie nese plan estratéxico fíxose en decembro de 2011 e xa naquel momento establecíase o seu nivel de risco con **alto** e a factibilidade do seu control como **media**.

De feito, xa en 2009, o Servizo de Conservación da Biodiversidade da DX de Conservación da Natureza, daquela dentro da Consellaría do Medio Rural, realizou un documento de “Elaboración e Implantación de Medidas de Control do Visón Americano en Galiza”.

Ao tempo, vai xa bastantes anos que as expertas están a alertar de que, de todas as especies animais invasoras que afectan ao noso país, o visón americano é o máis preocupante de todos. Este mamífero está a poboar numerosas bacías e a día de hoxe, transcorrido todo este tempo, conta con poboacións totalmente establecidas.

Se até fai un catro ou cinco anos podíamos certificar a súa abundancia no río Miño e no Limia, hoxe a súa presenza no río Sil é cada vez máis numerosa e está a poñer en perigo tanto o sistema acuático como o terrestre deste río, xa que devora peixes, mais tamén anfibios e aves.

Deste xeito, e ante a grave problemática derivada da presenza cada vez maior deste animal en augas do Sil, na comunidade autónoma de Castela e León a Junta ten posto en marcha unha campaña específica de loita contra esta especie agresiva que se ten feito dona do río e que cada vez se sente máis segura na súa contorna sen que na nosa comunidade se teñan tomado medidas similares.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En todo caso non podemos esquecer que a presenza desta do *Neovison vison* en Galiza está moito máis estendida na franxa atlántica cunha presenza que se ten documentado até no Parque Nacional das Illas Atlánticas, sen que as medidas que se teñen tomado até o de agora se teñan demostrado o suficientemente eficaces para controlar a súa expansión.

Máis importante se cabe se ten demostrado a necesidade de erradicación deste mustélido en Galiza despois de que diversos estudos científicos teñan demostrado que, ademais de ser portador da COVID-19, pode transmitirla aos seres humanos polo proceso de zoonosis. Ademais tense demostrado que a variante de coronavirus que transmite é a máis contaxiosa e por iso estados como Holanda ou Dinamarca, que detectaron gromos de COVID relacionados co visón, tomaron a decisión de sacrificar a millóns deles para evitar a propagación do virus.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Que información ten a Xunta de Galiza sobre cal é a poboación actual do visón americano (*neovison vison*) no noso país?

. Onde están situadas as súas colonias?

. Teñen algún estudo actualizado de cal é a súa afectación aos hábitats na situación actual?

. Ten pensado a Consellaría do Medio Ambiente poñer en marcha un Plan específico de loita contra a presenza do visón americano no noso país?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- . Que tipo de accións incluíría ese Plan?
- . Que dotación orzamentaria tería?
- . Consideran que a dotación actual de Axentes Medioambientais da Consellaría é suficiente para atender a un plan destas características?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 18:38:43

María González Albert na data 29/12/2021 18:38:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BOP do pasado 3 de novembro recolle o anuncio de Augas de Galiza polo que se pon a exposición pública o novo proxecto de solicitude da empresa Tungsten San Finx, S. L. Lousame, de autorización para o vertido ao río Pesqueira ou Rego de Rabaceiros de augas residuais industriais depuradas procedentes dunha explotación mineira de estaño e wolframio localizado no lugar das minas de San Finx (Vilacoba-Lousame).

E o BOP do 10 de novembro recolle o anuncio, tamén de Augas de Galiza, polo que se pon a exposición pública o proxecto da mesma empresa de adecuación do cauce no Rego de Rabaceiros para a retirada dos sedimentos acumulados no dominio público hidráulico na contorna das presas de San Finx.

No entanto, o informe da área de Calidade de Augas, de Augas de Galiza, do 20 de abril de 2021, sobre a solicitude de vertido industrial nas minas de San Finx após os resultados da proba piloto, pon de manifesto distintas aspectos ben preocupantes, tanto referidos aos riscos potenciais derivados do desaugue das galerías que se pretende levar a cabo e da posterior explotación da mesma, como dos impactos que xa existen na zona derivados da ausencia dunha restauración ambiental na contorna de dita mina.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En canto á fase de baleirado que se proxecta, aclara que os valores admisíbeis dos metais pesados calcúlanse cunha dureza da auga diferente á do río, feito que varía os valores máximos permitidos. E, de xeito explícito, afirma que os valores de zinc obtidos logo da depuración na proba piloto están por riba dos valores permitidos.

Sobre a proba piloto realizada, sinala que non garante que o tratado da auga baleirada directamente da mina ou nunha fase de explotación obtivese o mesmo resultado.

Tamén recolle explicitamente a necesidade de “realizar as modificacións necesarias nos sistemas de tratamento do vertido proposto para modificar as características deste ... para garantir o cumprimento dos obxectivos medioambientais e normas de calidade ambiental no medio receptor”

Finalmente, conclúe que “as condicións propostas polo solicitante no expediente de referencia para vertido non permiten garantir o cumprimento dos obxectivos medioambientais e normas de calidade ambiental no medio receptor”.

Malia esta análise e a conclusión da mesma, chama poderosamente a atención que Augas de Galiza solvente este incumprimento manifesto da normativa ambiental e a súa afectación sobre a calidade dunhas augas que verten en poucos quilómetros sobre a ría de Muros e Noia cun requirimento de corrección de defectos, para presentar, en 30 días, un proxecto “no que se propoña un novo tratamento para as augas residuais nas instalacións que permita garantir o cumprimento dos obxectivos medioambientais e normas de calidade ambiental no medio receptor”.

Unha actuación que incide na xa sorprendente aceptación no seu momento da realización dunha proba piloto de vertido industrial ao río cando o propio proxecto encargado por Tungsten San Finx recoñecía severas dificultades para que os métodos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actuais de depuración do contido de metais pesados na auga foran quen de conseguir uns resultados que deran cumprimento ás normas ISO da Unión Europea na materia.

Agora, cando por fin se recoñece documentalmente por Augas de Galiza que esa proba piloto non cumpriu coas normas de calidade ambiental, de novo semella actuar cunha fe cega nas correccións que se lle requiren á empresa xa que non ve a necesidade de que se realice unha nova proba material que certifique o cumprimento do proceso de depuración dos metais pesados.

Esta nova circunstancia pola que a Xunta pretende dar o visto e praxe a unha nova explotación da mina de San Finx, saltando por riba do principio ambiental de precaución que debe ser rexedor de toda política pública e acción administrativa, súmase á ausencia dunha avaliación de impacto ambiental da actividade mineira.

Unha avaliación de impacto ambiental que resulta necesaria á vista do informe da funcionaria enxeñeira de minas con funcións facultativas responsábel da supervisión do Grupo Mineiro San Finx no Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña, do 04 de marzo de 2020, no que se indica que: “para continuar coa actividade, é necesario que se teña aprobado un proxecto de explotación completo, avaliado ambientalmente e con todas as autorizacións necesarias para a súa efectiva execución.”

Un informe no que se baseou a recomendación da Dirección Xeral de Política Enerxética e Recursos Naturais para “suspender temporalmente a actividade polo prazo dun ano para os efectos de regularizar esta explotación, requirindo ao titular a presentación dun proxecto de explotación completo cunha boa calidade técnica, ao que se xunte a solicitude de inicio da tramitación da avaliación de impacto ambiental (ou, no seu caso, achegando o informe do órgano ambiental da súa non necesidade), así como os outros requisitos esixidos pola Lei 3/2008 na maneira nela establecida, incluíndo a





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

revisión do plan de restauración conforme ao establecido no artigo 7 do Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras.”

A pesar de todo isto, na altura, nin o órgano ambiental foi informado da tramitación dos proxectos, nin foi sometido ao trámite de avaliación de impacto ambiental, e nin tan sequera o plan de restauración foi sometido ao trámite de información pública que establece a lexislación. Todo isto, ademais, co agravante de que, en varias visitas efectuadas este mesmo ano, púidose comprobar como o tabique que contén a comporta inferior da presa presenta signos de falla, xerando un caudal continuo e cada vez maior. O colapso das comportas ou da propia presa causaría unha importante contaminación sobre os municipios de Lousame e Noia así como sobre a ría de Muros e Noia, considerando o volume de lodos almacenados.

Derívanse, pois, dos propios informes de Augas de Galiza tres importantes conclusión:

En primeiro lugar, que os vertidos da proba piloto non cumprían cos parámetros da normativa ambiental.

En segundo lugar, que a afectación ambiental actual provocada pola ausencia de restauración ambiental é un feito real e contrastábel

E, en terceiro lugar, que cómpre a elaboración dunha avaliación de impacto ambiental.

A maiores, certifícase que a intención de proceder, logo da exposición pública por 30 días, á autorización de vertidos a ‘Tungsten San Finx’, sen ter aportado probas máis alá do papel, de que o proceso cumpre cos parámetros ambientais, supón unha



actuación contraria ao principio de precaución e suporá un novo e importante risco para a calidade das augas interiores dos municipio de Lousame e Noia e da área litoral da ría de Muros e Noia da que tantos postos de traballo dependen.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Que valoración fai a Xunta de Galiza da actividade mineira en San Finx, en Lousame, e do cumprimento por parte desas instalacións de toda a normativa vixente que lle atinxe?

. Estiman necesario, en coherencia cos informes de Augas de Galiza, que se realicen de xeito inmediato tanto unha avaliación de impacto ambiental como a restauración ambiental da contorna da explotación mineira de San Finx?

. Á vista de que o informe de 20 de abril de 2021, de Augas de Galiza, sobre a petición de vertido industrial na mina de San Finx, deixa meridianamente clara a existencia dun intenso impacto ambiental, produto da actividade mineira, vai obrigir o Goberno galego a Tungsten San Finx a realizar a necesaria restauración ambiental da contorna?

. De non se producir esa restauración por parte da empresa, vai a Xunta de Galiza a actuar subsidiariamente neste sentido? Cal é o prazo que se marca para que sexa efectiva? Cal é o procedemento e as directrices que se teñen que cumprir na súa realización?

. Tendo en conta as consideracións do mesmo informe sobre o incumprimento da proba piloto cos parámetros ambientais necesarios, considera a Xunta de Galiza





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prudente autorizar o proxecto refundido de vertidos industriais procedentes do desaugue das minas de San Finx e da posterior explotación da mesma sen que haxa certificación material de que este cumprirá cos parámetros ambientais establecidos?

. Á vista de que na proba piloto encargada por Tungsten San Finx, a depuradora de metais pesados tivo que paralizar a súa actividade pola saturación do leito filtrante mentres se seguía a verter directamente sobre o medio, considera o Goberno galego que o vertido directo de metais pesados sobre o río puido ter consecuencias negativas sobre o medio receptor? Cre que procede, con semellantes antecedentes e co cuestionamento que a propia Augas de Galiza fai sobre a operatividade do sistema de depuración de metais pesados, autorizar o vertido industrial ?

. Considerando que no informe mencionado sinálase que non se garante que os resultados da proba piloto obtivesen o mesmo resultado que o tratamento da auga baleirada directamente da mina ou nunha fase de explotación, considera que é precavido autorizar vertidos directos do baleirado da mina e da posterior fase de explotación ao medio receptor?

. Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o vertido directo de zinc sobre o río que a propia proba piloto evidenciou?, considera que puido ter consecuencias negativas sobre o medio receptor?. De ser así, considera que é sensato autorizar un futuro vertido industrial sen comprobar de xeito material que os cambios propostos pola empresa funcionan?

. Diante de todo o exposto, vai a Xunta a proceder á autorización do desaugue de augas procedentes da mina de San Finx e a posterior explotación da mesma?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 29/12/2021 18:41:05

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 18:41:14





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o incumprimento do caudal ecolóxico do río Verdugo no CH da Ponte do Inferno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai tempo que a empresa enerxética Naturgy está a facer un aproveitamento ilexítimo da explotación hidroeléctrica que, pese a caducidade da concesión, mantén no río Verdugo dende hai anos.

Esta empresa provocou nos últimos tempos unha nova agresión ao río Verdugo. Unha agresión motivada por unha modificación do caudal ecolóxico que someteu o ecosistema do Verdugo a unha seca forzada pola falla de caudal.

A seca, que afectou un metro en cada beira na franxa de vexetación de ribeira, motivou unha perda de auga de 1,71 hm³ así como o estreitamento do leito do río; poñendo en risco especies de flora e fauna que precisan dos caudais superiores.

Mais pese a esta agresión cometida pola empresa, o expediente sancionador de Augas de Galiza contra Naturgy Wind, SL. polos incumprimentos do réxime de caudais ecolóxicos resolveuse cunha sanción de tan só 7000 €. Unha contía que organizacións como *Ecoloxistas en Acción* cualifican de irrisoria e amparada nunha estimación infravalorada dos danos causados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tal e como denuncia *Ecoloxistas en Acción*, esta sanción foi catalogada incomprensibelmente como leve, non está sustentada en ningún informe de Augas de e podería ser tipificada como infracción grave segundo o Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Vai o goberno galego revisar o expediente sancionador contra Naturgy Wind, SL. polos incumprimentos do réxime de caudais ecolóxicos fixados para o Salto de Ponte Inferno e valorar a aplicación de sancións polo incumprimentos das diferentes normativas?

. Vai a Xunta de Galiza modificar a Lei de pesca continental no seu capítulo de infraccións e Sancións, incrementando a gravidade deste tipo de infraccións e aumentando sensibelmente a contía das sancións cando se trate de empresas obteñan beneficios millonarios?

. Vai o goberno galego iniciar os trámites para executar a caducidade da concesión da CH da Ponte do Inferno para o seu aproveitamento público e estudar a posibilidade de recuperar o caudal natural do río Verdugo?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/09/2021 16:13:36

Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2021 16:13:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acceso á vivenda é un dereito fundamental que debe ser garantido pola administración pública. actualmente somos quen de ver como ese dereito é negado de xeito constante e consciente. O acceso á vivenda é un pilar fundamental á hora de poder emanciparse e acadar un mínimo de estabilidade e autonomía.

A día de hoxe, a mocidade galega vive ancorada na imposibilidade do acceso a unha vivenda por mor da situación de precariedade absoluta a nivel laboral na que vive. Hoxe, esta precariedade non foi a menos, senón que aumentou en eidos como o da temporalidade do traballo, o empobrecemento das condicións laborais ou a posibilidade mesma de atopar un traballo, situación que se agrava aínda máis coa chegada da COVID-19 e o seu enorme impacto no tecido económico do país.

Alén desta situación pódese advertir a consolidación dun proceso de xentrificación nas cidades e vilas do país, que ligado á proliferación masiva de alugueiros vacacionais, fan que a oferta de vivendas en réxime de aluguer ou venda caia de xeito considerábel e que os prezos dos alugueiros aumenten até cotas completamente inaccesíbeis para a mocidade galega. Este modelo baseado na lóxica consumista do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

turismo masivo só contribúe a intensificar aínda máis o impacto económico da pandemia nas zonas urbanas.

Mais este non é o único motivo que explica o incremento dos prezos dos alugueiros no noso país, xa que a especulación ligada á construción que existía antes da crise do 2008, tornouse nunha especulación coa vivenda mesma após este período de crise.

Na Galiza existen actualmente, ao redor de 330.000 vivendas baleiras, pertencentes a entidades financeiras e a particulares. Isto acontece mentres atopar unha vivenda en alugueiro é unha tarefa moi complicada para a mocidade e para o pobo galego no seu conxunto.

Coa situación da COVID-19 e a crise económica derivada da mesma, dirixímonos a un período caracterizado por unha dramática destrución de emprego, facendo aínda máis difícil do que xa é o acceso do pobo á vivenda, especialmente na mocidade.

As políticas públicas postas en marcha pola Xunta de Galiza, non van ao núcleo do problema, senón que se limita a ofrecer axudas insuficientes para o alugueiro e máis para a compra de inmóbeis para que as mozas deste país poidan acceder a unha vivenda, cando a realidade di que a mocidade galega non ten capacidade económica para mercar unha vivenda, polo que a insuficiencia nas axudas para o alugueiro fan que a mocidade teña que continuar a vivir na residencia familiar, nos mellores casos, ou a emprender o camiño da emigración forzosa.

Galiza precisa que o acceso á vivenda sexa unha realidade para a mocidade galega e para o conxunto da sociedade. Son necesarias iniciativas públicas que poñan fin á especulación e contribúan a unha regulación nos prezos dos alugueiros





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde as administracións públicas deben despregarse iniciativas que garantan o acceso a unha vivenda digna a un prezo non desorbitado.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Como valora a Xunta de Galiza a situación de imposibilidade práctica da mocidade galega para acceder a unha vivenda digna en réxime de alugueiro?

. Por que, a Xunta de Galiza, só considera estudar bonificacións para o acceso a unha vivenda, por parte da mocidade galega, nun réxime de compra mentres hai unha clara insuficiencia nas axudas para o alugueiro?

. Como valora a Xunta de Galiza os datos do IGE a respecto da porcentaxe de mozas entre 18 e 34 anos que ten que vivir na residencia familiar?

. Considera, a Xunta de Galiza, que o acceso a unha vivenda digna en réxime de alugueiro pode contribuír a fixar poboación e a reducir as taxas de emigración xuvenil?

. Que vai facer a Xunta de Galiza para facilitar o acceso a unha vivenda digna por parte da mocidade galega?

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2021

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 22/09/2021 10:59:31

Alexandra Fernández Gómez na data 22/09/2021 10:59:34

Xosé Luis Bará Torres na data 22/09/2021 10:59:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as medidas a tomar para reverter a situación de fuga de talento e emigración forzosa que sofre a mocidade galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mocidade galega vive unha situación límite, cun mercado de traballo marcado pola precariedade e a temporalidade laboral, cunhas altas taxas de desemprego e cun acceso á vivenda negado á mocidade, onde, actualmente, só 1 de cada 5 mozas galegas ten posibilidade de alugar ou mercar un inmovble.

Ante a falta de plans e ferramentas por parte da Xunta de Galiza para reverter esta situación, unha parte importante da mocidade galega vese forzada á emigración. Segundo datos da EPA, preto de 100.000 mozas emigraron do noso país da última década por non ter a posibilidade de desenvolver un proxecto de vida digno na nosa terra.

Isto é un grande problema para un país cada vez máis envellecido e que presenta un devalo demográfico importante, onde a mocidade representa cada vez menos peso na composición demográfica galega.

O Foro Económico de Galiza vén de publicar un informe que fai referencia aos custes económicos e tamén sociais da expulsión da mocidade do noso país.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este informe fai fincapé no fenómeno denominado “fuga de talento”, que non é máis que a emigración forzosa de mocidade cunha titulación superior que non xera ningún tipo de valor no noso país, ao non ter capacidade de desenvolver aquí a súa actividade.

O informe do Foro Económico de Galiza estima unha perda de entre **178 e 311,5 millóns de euros por ano** derivados dos custes de formación dunha mocidade á que se lle nega a posibilidade de aportar valor ao noso país.

Nun contexto de crise industrial, laboral e demográfica como nunca viu este país, esta fuga de talento supón deixar de crear unhas 315 empresas no noso país e produce 1500 nacementos menos, segundo o informe do Foro Económico de Galiza.

O propio informe advirte das dificultades no estudo desta cuestión, que se ben é fundamental para o futuro do noso país, “non se conta con estatísticas oficiais apropiadas”. Unha carencia, din, que pon en evidencia a “despreocupación” existente e a necesidade de procurar “datos específicos e obxectivos” para coñecer de primeira man as razóns e consecuencias da marcha forzosa da mocidade con titulación universitaria.

Para mudar esta situación son precisas medidas que atallen os problemas estruturais que padece a economía galega. Consideramos que é fundamental aproveitar as potencialidades de Galiza, apostar pola innovación duplicando o investimento en I+D+i, apostar porque o noso tecido produtivo teña crédito para levar a termo os seus proxectos de investimento.

A maiores das medidas xerais que impulsarán o dinamismo da economía galega, é preciso actuar de inmediato e de xeito concreto para que as mozas e mozos galegos teñan traballo digno na nosa terra, acorde co seu nivel formativo, e para aproveitar o





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

investimento que supón ter a xeración mellor formada da historia e que reverta na prosperidade da nosa nación, impulsando o retorno ao país da mocidade emigrada.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

Que valoración realiza o Goberno galego do actual proceso migratorio da mocidade galega?

Considera o Goberno galego que se trata dun grave problema que precisa actuacións inmediatas?

Ten previsto impulsar o Goberno algunha medida tendente a fomentar o regreso das persoas mozas emigradas?

Considera o Goberno galego suficiente a inversión en I+D+I e o apoio á industria galega?

Cal é a valoración do Goberno galego sobre a dificultade no acceso á vivenda da mocidade?

O Goberno galego ten decidido investir parte do que se recade mediante o Fondo de Recuperación Europeo nun plan específico para fixar a mocidade galega na terra e deter o fluxo migratorio que na actualidade se está a producir?

En caso de existir tal plan para empregar fondos europeos, existe previsión de utilizar aos concellos como ferramenta de capilarización de tais axudas ou será a Xunta de Galiza quen xestione directamente o proceso?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Goberno galego valora a creación de parques de vivenda pública accesible á mocidade, tal e como ocorre en países do noso entorno?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 29/12/2021 18:46:47

Iria Carreira Pazos na data 29/12/2021 18:46:54

Olalla Rodil Fernández na data 29/12/2021 18:47:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Mercedes Queixas Zas e Luis Bará Torres,
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para
resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A expansión indiscriminada de instalacións eólicas que se está a producir no noso país dende o ano 2019 está a poñer en evidencia a obsoleta normativa autonómica pola que se rexe esta actividade e a permisividade dunha administración que está a permitir a vulnerabilidade de todo tipo de dereitos. De feito, nos últimos meses sucédense as sentenzas que corroboran o modus operandi invasivo e agresivo, tanto por parte das empresas promotoras como da administración, que consinte e facilita unha ocupación do territorio que non garante os dereitos dos propietarios dos terreos e da sociedade en xeral.

Na actualidade hai numerosos exemplos que confirman unha ocupación abusiva e extrema de amplas zonas do territorio. É o caso das comarcas da Barbanza e Muros Noia, que xa son unhas das principais de Galiza.

Nelas, xa están en funcionamento a día de hoxe case 400 aeroxeneradores, que contan cunha potencia conxunta de máis de 300 MW e que xeran enerxía suficiente para cubrir as necesidades de máis de 450.000 fogares, practicamente a metade dos que existen en todo o país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais, de saír adiante os proxectos de novos parques eólicos previstos, estas cifras poderían medrar exponencialmente: As 20 instalacións existentes poderían duplicarse a curto prazo, a potencia actual multiplicaríase por 3 e sumaríanse 114 muíños aos xa existentes, pero cun tamaño e unha capacidade para xerar electricidade 6 veces maior que os que levan anos funcionando da comarca.

Nomeadamente, segundo os datos do Rexistro Eólico de Galiza, serán os concellos de Outes e Mazaricos os que soportarán 14 dos 19 parques previstos. É dicir, nada menos que 9 de cada 10 muíños e dous dos parques de maior capacidade de produción: Banzas e Maragouto.

Mais non son os únicos. No concello de Outes habería que engadir os de Vaqueira e Monte da Pena, neste caso con afectación tamén ao concello de Negreira, e todos nun radio de apenas 5 ou 6 Km. Isto convertería a zona, de facto, nun mega parque eólico cun falso fraccionamento nunha mesma área xeográfica e con liñas de evacuación e outras infraestruturas en común en moitos casos, o que lle facilitaría o procedemento de instalación

Precisamente, o DOG do pasado 25 de xuño recolle a Resolución da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais pola que se dá publicidade á declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, relativa ao proxecto do parque eólico Outes, nos concellos de Negreira e Outes, promovido pola empresa Norvento, S. L.

O proxecto ten por obxecto a execución dun parque eólico de 21 MW de potencia total e está composto por 7 aeroxeradores e toda a súa infraestrutura asociada. Distribuiranse ao longo do Monte da Pena, onde o informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural reconece que existen elementos do patrimonio arqueolóxico e,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aínda que informa favorablemente ao recollido no Estudo de Impacto Ambiental (EsIA) propón unha serie de “cautelas”.

Neste sentido, o propio Pleno da Corporación de Outes aprobou, en novembro de 2019, analizar o mellor marco legal no que candidatar o Monte da Pena para incluílo como un espazo natural protexido de interese local.

Este acordo baséase na valoración do Monte da Pena como unha paraxe natural do termo municipal de Outes, de suma importancia natural, histórica e paisaxística. Nel, consérvanse tres mámoas ao seu pé, unha no cume a menos de 50 metros do punto xeodésico e dúas na parte baixa dos Penedos. Outras dúas nos Chans da Millareira e no Alto do Pedrouzo, a menos de 500 metros, e outras dúas na súa área de dominio, a de A Medoña en Tardeado e a do Garllardo. Ademais, moi preto existen xa catalogados cando menos oito castros entre os concellos de Outes e Negreira.

Dende o punto de vista paisaxístico, a súa posición e elevación estratéxica permite ver as dúas marxes da ría de Muros e Noia, dende o Castro de Baroña a Monte Louro. E por entre os montes do Confurco (na parroquia de Tállara, en Lousame), a ría de Arousa e a imponente serra do Barbanza. Pode, á súa vez, ser avistado dende un radio de máis de 40 Km. ao seu arredor, dende todas as praias, cabos e pobos que mirar mar adentro dende ambas as marxes da ría de Muros e Noia, constituíndo un recurso turístico de altísimo valor.

En definitiva, estamos pois a falar dun lugar de indubidábel valor cultural, patrimonial, arqueolóxico, histórico e paisaxístico que debería estar protexido hai xa moito tempo, tal e como suxire a obra dos historiadores Xerardo Agrafoxo e Xan Mariño, entre outros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais esta falla de protección na actualidade non pode ser de ningún xeito a vía na que se sustenten actuacións que priven da riqueza do Monte da Pena á sociedade en xeral e o convertan nunha paraxe industrial para beneficio duns poucos. A paisaxe, o patrimonio natural e cultural tamén son fonte de riqueza e desenvolvemento polo que é obriga da administración protexelos, velar polo interese xeral e impedir que intereses particulares podan prevalecer por enriba dos dereitos da cidadanía e da conservación do territorio.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

1. Que valoración fai a Xunta de Galiza dos proxectos eólicos que están previstos nas comarcas da Barbanza e Muros e Noia?

2.- Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a instalación de 14 dos 19 parques eólicos previstos nesas comarcas se vaian ubicar nos concellos de Outes e Mazaricos?

3.- Como valora o feito de que os parques eólicos previstos nos concellos de Outes, Mazaricos e Negreira constitúen, de facto, un mega parque con liñas de evacuación e infraestruturas comúns en moitos casos? Considera que o fraccionamento é real ou só unha vía que facilita o seu procedemento de instalación?

4.- É coñecedora a Xunta de Galiza da riqueza natural, cultural, patrimonial, histórica, arqueolóxica e paisaxística do Monte da Pena? De ser así, que medidas ten pensado levar a cabo para a súa protección e salvagarda?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.- Ten coñecemento o goberno galego do acordo tomado polo Concello de Outes en novembro de 2019 dirixido á protección do Monte da Pena?

6.- Considera que é un espazo susceptible de protección?

7.- Vai paralizar cautelarmente o parque eólico Outes, proxectado no Monte da Pena para evitar a destrución irreversible da zona?

8.- Vai levar a cabo un estudo que permita investigar en profundidade, poñer en valor e protexer a riqueza do Monte da Pena?

9.- Vai levar a cabo unha avaliación conxunta dos impactos de construción e instalación de todos os parques previstos nesa área xeográfica?

10.- Ten previsto a Xunta de Galiza impulsar un cambio na normativa eólica actual? De ser así, vai contar coa participación dos axentes implicados e buscar o máximo consenso posíbel?

11.- Pensa o goberno galego incrementar o territorio protexido do noso país a través do desenvolvemento de figuras de ordenación e protección do territorio?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Mercedes Queixas Zas

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 29/12/2021 18:49:41

Mercedes Queixas Zas na data 29/12/2021 18:49:58

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 18:50:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Directiva 2000/60/CE Marco da Auga, establece como obxectivo prioritario “evitar todo deterioro adicional das masa de auga ...” e para isto as actuacións de limpeza, mantemento e conservación fluvial fanse imprescindíbeis para a mellora dos leitos, para favorecer as condicións naturais dos ríos e o coidado do dominio público hidráulico.

As condicións climatolóxicas vividas en Galiza no último inverno, con abundantes choivas e numerosos temporais, provocaron que a falla de limpeza dalgúns ríos trouxeran consecuencias para os propios canles fluviaís e nas zonas colindantes.

Este é o caso dos ríos da Mina e Pesqueira, no concello de Lousame, que transcorren por zonas non urbanas na súa totalidade. Neles pódense apreciar pólas e árbores caídas nalgúns tramos que están a alterar o seu leito e a provocar que as augas gañen terreo ás fincas lindeiras onde ten lugar a actividade agrícola.

Nalgúns puntos concretos a busca das augas dunha circulación fluída xa ocasionou afundimentos importantes nos terreos limítrofes converténdose tamén nun





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

risco e nun perigo para as persoas que traballan as leiras máis achegadas ou simplemente camiñan pola zona.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1.- É coñecedora a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da situación que se está a dar nos ríos da Mina e Pesqueira, no concello de Lousame?

2.- Forman parte os ríos mencionados da programación de actuacións de mantemento e conservación fluvial anual de Augas de Galiza? De ser así, cando se vai a proceder a levalas a cabo?

3.- En todo caso, vai levar a cabo Augas de Galiza as actuacións necesarias para a limpeza e mantemento dos ríos da Mina e Pesqueira e evitar así que continúe a súa propia degradación e a dos terreos máis próximos?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 18:55:02

Rosana Pérez Fernández na data 29/12/2021 18:55:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 1928 e 1939 as concesionarias mineiras das Minas “San Finx”, en Lousame, construíron sobre a canle do río San Fins dúas presas de decantación de lodos mineiros, seguindo o método de ‘presas de colas fluviais’ (riverine tailings), habituais nas minas coloniais británicas da primeira metade do século pasado. Adquirida a mina polo Banco Pastor en 1940, as presas de residuos mineiros continuaron sendo utilizadas pola explotación, como evidencian os plans anuais de labores presentados ata o ano 2000, no que a explotación se abandona por completo e se deixa de presentar estes documentos preceptivos. A falla dunha das comportas da presa maior, de 14 metros de altura e 50 de lonxitude, causou o que na altura se deu en chamar a “catástrofe de 1960”.

En 1940 o enxeñeiro de minas Manuel Peón Martínez publica unha “Memoria descriptiva de la explotación de las minas de estaño y wolfram de San Finx” que describe as presas de residuos mineiros do seguinte xeito no apartado denominado “sistema de clarificación”:

“La clarificación de las aguas turbias procedentes del lavado de mineral, se efectúa por el procedimiento de decantación. En los años 1.924 y 1925 se construyeron tres estanques de decantación para recoger la grava y arena estériles del lavado, que



lleva las aguas en suspensión al objeto de que estas aguas vertiesen en el río debidamente clarificadas. Más tarde, en 1.928, se construye un muro-presa de 4 metros de altura, cerrando transversalmente una cañada y constituyendo un envalse [sic] de 4,200 metros cúbicos de capacidad, como complemento del sistema de clarificación y es donde se decantan las arenas que no fueron retenidas en los depósitos anteriores.

Con el fin de completar éste sistema de clarificación, se proyectó y construyó últimamente, en 1939 otro depósito de decantación de aguas, aprovechando una garganta natural del terreno y formando con azud una presa en la que las aguas sufren una suficiente pérdida de velocidad y la decantación se lleva a cabo con los resultados convenientes, que son los de que las aguas sean utilizadas en los diversos usos públicos. El volumen del embalse es de 8.400 metros cúbicos. Este depósito recoge las arenas y lodos —sobre todo estos últimos— que escapan de los anteriores estanques de decantación, con lo cual y en virtud del respetable volumen de dicha balsa, las aguas, al quedar casi en reposo, permiten favorablemente la acción sedimentaria de los materiales en suspensión en un gran recorrido y durante el tiempo suficiente para conseguir la clarificación, ya que siendo el volumen de aguas a clarificar de 34 metros cúbicos hora, se tarda unos 10 días en llenar el embalse (...) Será preciso hacer la limpieza cada cuatro años y de esa forma conseguimos la total captación de las arenas e impurezas de las aguas dejando éstas en buenas condiciones para el uso público.”

O “muro-presa” construído en 1928 é o que, en documentación posterior incluída no expediente do Grupo Mineiro San Finx, se denomina como “presa n.º 1” ou “presa menor”; mentres que o construído en 1939 é o que se ven denominando “presa n.º 2” ou “presa maior”.

Nos anos 80, e para evitar o paso de augas e area contaminadas, taponáronse as comportas da presa. Así se detallaba no Plan Anual de Labores para o ano 1983, no que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

se inclúe un “Informe del Director Facultativo” no que este manifesta que: *“Se ha cerrado la compuerta que existía en una presa en el río y que origina un gran embalse para decantación de partículas en suspensión procedentes de nuestro lavadero y que ocasionaban algún daño a la agricultura ribereña aguas abajo”*.

Poucos anos máis tarde, o estado de deterioro destas instalacións de residuos mineiros fan que se abran Dilixencias de Investigación Penal 851/88 e Procedemento Abreviado 43/1992 sobre Delito Ecolóxico nos Xulgados de Noia. Xa nun informe de 1988 da 611ª da Comandancia da Garda Civil constátase como: *“Aun cuando es cierto que durante el tiempo que el agua permanece en el embalse puede producirse la decantación de las materias que transporta en suspensión, es opinión de los informantes que el agua cuando sale del mismo lo hace todavía contaminada (...)”*. Nas mesmas dilixencias figura un informe asinado en 12 de setembro de 1991 polo enxeñeiro da Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes D. Ramón Giménez de Azcárate que indica: *“En su día se construyó una presa en el cauce del río con el fin, entre otros, de favorecer la decantación de las partículas sólidas provenientes de los arrastres en su vaso y evitar el enturbiamiento de las aguas. Actualmente, dicha presa se encuentra colmatada con lo que se anula su capacidad de depuración.”*

Esta presa e outra máis pequena situada augas arriba aparecen no apartado “Balsas y presas de residuos” dos Plans de Labores para os anos 1996, 1997, 1998, 1999 e 2000. Precisamente no Plan de Labores de 1997 aparecen reflectidos os traballos realizados para retirar parte dos residuos acumulados na presa menor (ou presa n.º 1). As instalacións de residuos mineiros volven a aparecer no “Inventario, Reconocimiento y Evaluación de Riesgos de balsas mineras y escombreras de la Comunidad Autónoma Gallega” de 1999, que inclúe un “Inventario de Balsas y Escombreras de la Comunidad Autónoma de Galicia”. A pesar destes antecedentes, cando en 2009 a Dirección Xeral





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Enerxía e Minas aproba un novo proxecto de explotación e plan de restauración para a mina, estas instalacións son deixadas fóra do ámbito da explotación, pretendendo eximir ilegalmente á empresa concesionaria das súas responsabilidades sobre as mesmas.

En marzo de 2017, a nova empresa concesionaria, Tungsten San Finx S.L., filial do Grupo Sacyr, recoñeceu que as presas presentan un importante grado de deterioro, aínda que poucos meses antes dicía que estaban en bo estado. A falla crítica destas instalacións de residuos mineiros implicaría liberar ao medio unha cantidade moi importante de substancias perigosas, que poderían forzar o peche dos bancos marisqueiros da ría de Muros-Noia durante anos. Así o confirma un informe sobre as presas de residuos mineiros elaborado por Augas en Galicia en 2017, que indicaba que a máis grande das presas, que protagonizara o trágico incidente da “catástrofe de 1960”, ano no que rebentaron as súas comportas inundando toda a veiga augas abaixo, *“encóntrase practicamente colmatado, e ao estar situado augas abaixo e ter unha maior altura, o arrastre dos materiais podería producir un importante impacto ambiental coa eventual rotura da presa”*. Todo o anterior supón unha evidente vulneración da normativa en materia de xestión de residuos mineiros.

En 2019 o hidrólogo experto en presas de residuos mineiros Steven H. Emerman alertaba sobre os signos dun proceso de licuefacción interna que presenta a maior das presas, no que as partículas dos líquidos que retén a presa comezan a substituír as partículas sólidas da estrutura de formigón, visíbeis a modo de filtracións tinxidas pola presenza de metais pesados. Nunha visita efectuada este mesmo mes púidose comprobar como o tabique que contén a comporta inferior da presa presenta signos de falla, xerando un caudal continuo. O colapso das comportas ou da propia presa causaría unha importante contaminación considerando o volume de lodos almacenados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación pon de manifesto o enorme risco que representa a inacción na restauración desta zona, polo que cómpre levar a cabo canto antes as accións pertinentes para proceder á restauración do espazo natural afectado pola actividade mineira, de modo a non repetir a “catástrofe de 1960” co colapso dunha das comportas. A rotura da presa, a 5 km da ría de Noia, suporía o peor dos escenarios e podería producir un impacto ambiental moito maior, como constata Augas de Galicia. Non caben, polo tanto, máis escusas, para que a administración non tome cartas no asunto.

Tras diversas denuncias e a apertura dun “Expediente de averiguación da titularidade das presas” por parte de Augas de Galicia, que concluíu que se trata de presas de residuos mineiros, diversos funcionarios e autoridades da Dirección Xeral de Política Enerxética e Recursos Naturais emitiron informes e documentos públicos entre 2017 e 2019 afirmando que as presas serían “irrefutablemente”, nun primeiro lugar, de carácter hidroeléctrico, e máis tarde, de servizo para un pequeno muíño de millo. Así, contra toda lóxica ou criterio racional á vista dos numerosos antecedentes administrativos, históricos e xudiciais que evidencia a natureza de instalacións de residuos mineiros destas presas, en 18/02/2020 ordénaselle mediante orde verbal a unha enxeñeira técnica de minas do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña realizar un informe no que se afirma: *“puede concluirse que probablemente el conjunto se trata de algún tipo de aprovechamiento HIDRÁULICO, tanto por la disposición (distancias y diferencias de cota) como por la tipología de los diferentes elementos descritos”*, en referencia a un pequeno muíño fariñeiro.

Todo o anterior dáse ademais en ausencia dunha avaliación de impacto ambiental da actividade mineira, que resulta necesario á vista do informe de 04/03/2020 da funcionaria enxeñeira de minas con funcións facultativas responsable da supervisión do Grupo Mineiro San Finx no Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura territorial da Coruña, no que se indica:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“Polo tempo transcorrido e os labores realizados, entendo que o proxecto aprobado xa está superado e que para continuar coa explotación nos niveis inferiores, dadas as características, a envergadura, a natureza e as repercusións da actividade (susceptible de xerar augas ácidas e liberar ións metálicos que poden afectar ao medio natural), non é suficiente aprobar os sucesivos traballos de explotación a través dos plans de labores anuais, pois a dita aprobación carecería de validez segundo o artigo 9 da Lei 21/2013. É polo que, para continuar coa actividade, é necesario que se teña aprobado un proxecto de explotación completo, avaliado ambientalmente e con todas as autorizacións necesarias para a súa efectiva execución.”

Concluindo coa recomendación á Dirección Xeral de Política Enerxética e Recursos Naturais para que: *“Ordene suspender temporalmente a actividade polo prazo dun ano para os efectos de regularizar esta explotación, requirindo ao titular a presentación dun proxecto de explotación completo cunha boa calidade técnica, ao que se xunte a solicitude de inicio da tramitación da avaliación de impacto ambiental (ou, no seu caso, achegando o informe do órgano ambiental da súa non necesidade), así como os outros requisitos esixidos pola Lei 3/2008 na maneira nela establecida, incluíndo a revisión do plan de restauración conforme ao establecido no artigo 7 do Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras.”*

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Á vista dos antecedentes administrativos, xudiciais e históricos que obran no poder da Xunta de Galicia, como é posíbel que desde a Dirección Xeral de Política Enerxética e Recursos Naturais se continúen emitindo informes que, faltando á verdade, asuman a natureza mineira das presas de residuos do Grupo Mineiro San Finx, obstruíndo que se adopten as medidas necesarias e urxentes para a restauración do espazo por parte da empresa concesionaria?

. Adoptou xa a Dirección Xeral de Política Enerxética e Recursos Naturais medidas disciplinarias contra os funcionarios responsábeis por emitir informes faltando á verdade sobre a natureza destas instalacións de residuos? En caso contrario, vai adoptar medidas á vista da extrema gravidade destas actuacións e das súas potenciais consecuencias ambientais e penais?

. Vai finalmente a Xunta obrigar á concesionaria mineira a adoptar e executar as medidas de prevención, evitación e reparación dos danos medioambientais, en cumprimento da Lei 26/2007, de 23 de outubro, de Responsabilidade Medioambiental, e, no caso de omisión, retraso, resistencia ou obstrución, ten pensado iniciar subsidiariamente a execución destas medidas con cargo ao patrimonio de Tungsten San Finx S.L., os seus administradores, propietarios, xerentes, director facultativo e demais responsables subsidiarios?

. Máis concretamente, vai a Xunta dar cumprimento ao programa de intervencións propostas por Augas de Galicia no seu informe final sobre a titularidade das presas de residuos mineiros, en particular procedendo á retirada dos residuos mineiros acumulados nas dúas presas de residuos así como á restauración ambiental do leito degradado e a demolición das presas?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai a Xunta ordenar suspender a actividade do Grupo Mineiro San Finx mentres a concesionaria mineira non adopte e execute as medidas de prevención, evitación e reparación dos danos medioambientais relacionados coas presas de residuos mineiros n.º 1 e n.º 2 da referida explotación?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 29/12/2021 18:58:45

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 18:58:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nunha recente visita a Xermade (Lugo), a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade amosou a “inquietude” da Xunta de Galiza polo estado de “deterioro” que presentan as estradas que dependen do Ministerio de Transportes na provincia de Lugo.

E o caso é que estas circunstancias danse máis alá da provincia de Lugo e tamén máis alá das estradas de titularidade estatal. Moitas estradas de titularidade autonómica presentan graves deficiencias que acaban revertendo na súa falla de seguridade, tanto para os peóns como para os vehículos.

É máis, existen estradas de titularidade da Xunta de Galiza que levan anos sen atender como requiren, simplemente cun escaso mantemento e sen ningunha mellora de calado que incida claramente en beneficio da seguridade vial e da mobilidade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É o caso, por exemplo, da AC-550 ao seu paso pola comarca de Muros e Noia, unha estrada cunha intensa densidade de tráfico, cun gran número de desprazamentos locais e que atravesa núcleos de poboación importantes que levan anos demandando melloras. Nomeadamente, no seu percorrido polo concello de Outes, nos lugares de Espiñeiro e Ribas de Mar.

Na mesma comarca, e coa mesma titularidade autonómica, a AC-196 presenta tamén graves deficiencias que xa son un risco ao seu paso polo lugar de Seilán, pertencente tamén ao concello de Outes, e ata chegar ao paseo da Ponte Nafonso. Neste percorrido é imprescindible actuar sobre o firme para garantir unha boa rodadura e evitar accidentes.

Respecto do lugar de Ponte Nafonso, onde se unen os concellos de Outes e Noia, xa o Pleno da Corporación deste concello ten tomado distintos acordos unánimes que a día de hoxe aínda non se fixeron efectivos por parte da Xunta de Galiza, solicitando unha redución efectiva da velocidade, a instalación de beirarrúas amplas en ambas marxes ao longo da zona habitada e o establecemento de pasos de peóns en distintos puntos, como na contorna do parque infantil, onde non existe redución de velocidade, e da parada de autobuses.

Ademais, a AC-550, dende a saída da Serra, precisa maior dotación de beirarrúas, sobre todo dende a que remata na Avda. Rocío ata o final da rúa Margarida onde estas son xa unha demanda histórica da veciñanza da zona que vén denunciando a perigosidade dunha vía na que os vehículos circulan a grande





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

velocidade e, polo tanto, sería imprescindible tamén levar a cabo medidas de redución da celeridade.

A continuación, e para dotar de seguridade á veciñanza que transita polas curvas do lugar de Espiñeiro, pasando por Ribas de Mar e ata o paseo da Ponte Nafonso, sería moi necesaria a creación dun sendeiro peonil e perentoria a redución da velocidade na recta de Ribas de Mar e a instalación dun paso de peóns para os veciños e veciñas da zona.

En definitiva, e no relativo ao concello de Outes, trátase pois de tres quilómetros e medio que son cada vez máis transitados a pé e que presentan unha enorme perigosidade ao existir tamén unha gran circulación de vehículos e que, polo tanto, representan un problema de seguridade vial cuxa solución leva anos sendo demandada polos habitantes da zona.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Que valoración fai a Xunta de Galiza do estado das estradas de titularidade autonómica na comarca de Muros e Noia?

. Que valoración fai, nomeadamente, do estado das estradas autonómicas AC-550 ao seu paso polo concello de Outes, e AC-196 ao seu paso polos concellos de Outes e Noia?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera o Goberno galego que en ambos os dous casos son necesarias actuacións para mellorar a seguridade viaria, tanto de peóns como de vehículos? Figuran nas súas previsións? En que espazo temporal se levarían a cabo?

. Está disposto a atender as demandas históricas dos veciños e veciñas da zona e a levar a cabo actuacións nesas dúas estradas autonómicas?

. Vai atender a Xunta de Galiza os reiterados acordos unánimes neste sentido dos concellos de Outes e Noia? De ser así, cando se levarían a cabo as actuacións demandadas?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 19:01:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 29/12/2021 19:01:20

Rosana Pérez Fernández na data 29/12/2021 19:01:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As administracións públicas impulsaron a utilización de conducións de fibrocemento para as subministracións públicas desde as primeiras décadas do século XX, como o testemuña a súa inclusión xeneralizada nos pregos das condicións técnicas nas adxudicacións de obras, producíndose un boom na súa utilización a partir da década dos anos 60 e sendo a fabricación de tubaxes para condución de auga a presión e desaugadoiros un dos seus principais usos.

No estado español a utilización e comercialización do amianto está prohibida desde 2002, após a Orde Ministerial do 7 de decembro de 2001 pola que se modifica o anexo I do Real Decreto 1406/1989, do 10 de novembro, sobre limitacións á comercialización e ao uso de certas sustancias e preparados perigosos.

Non existen datos epidemiolóxicos sobre os efectos a exposicións ambientais pasivas en interior de edificios e en zonas urbanas, pero este feito non exclúe a existencia de risco. Convén sinalar que algunhas estimacións cifran en torno ao 20% dos casos de enfermidades derivadas do amianto a persoas non expostas profesionalmente ao amianto, senón que serían vítimas da contaminación ambiental. Por outra banda, tamén hai que destacar que mentres a asbestose atópase nestes momentos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en regresión na maior parte dos países europeos, non ocorre o mesmo no estado español.

A normativa vixente propón que os concellos elaboren un censo de instalacións e emprazamentos con amianto antes do 1 de xaneiro de 2023 incluíndo un calendario que planifique a súa retirada. Este censo, que terá carácter público, será remitido ás autoridades sanitarias e ambientais competentes das comunidades autónomas, as cales deberán inspeccionar para verificar, respectivamente, que se retiraron e enviado a xestor autorizado.

A friabilidade deste material -é dicir, a capacidade de liberación de fibras que contén como reacción á súa manipulación- aumenta, en particular, en canto se atopa nun estado deficiente de conservación, feito que claramente se dá no caso de que estea exposto á erosión das subidas e baixadas de marea.

Pola súa banda, o risco de inhalación depende non só do estado de conservación do material senón tamén das proteccións tanto a factores físicos, como choques e vibracións, e a existencia de correntes de aire.

Todos estes factores estanse a dar na zona litoral de Noia, onde a construción do saneamento integral iniciouse no ano 1995. Como consecuencia desta actuación, instaláronse na praia da Barquiña e arredores, de forma subterránea, tubaxes para cumprir esa función. Hoxe en día decenas delas teñen aflorado e atópanse en parte espaxadas pola superficie do litoral, a poucos metros de casas habitadas, sen cumprir ningunha función específica e supondo un potencial risco á saúde.

Á circunstancia sanitaria súmaselle o feito de que non teña sentido que se permaneza coa presenza dunhas tubaxes hoxe inútiles nunha contorna litoral dentro dunha zona de especial protección (ZEC) da 'Rede Natura 2000'. As administracións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

públicas deberían, en lugar de abandonar estes residuos durante anos neste lugar, acometer actuacións encamiñadas á mellora ambiental e paisaxística da zona.

Nun momento no que ademais estase a desenvolver unha estratexia estatal para a retirada progresiva do amianto de todos aqueles lugares onde está presente, e en especial daqueles onde está abandonado e/ou degradado, é conveniente e necesario que se realicen labores que sirvan de exemplo neste eido.

Neste sentido, os colectivos veciñais teñen demandado en numerosas ocasións a necesidade de levar a cabo a retirada destas tubaxes de fibrocemento na zona da praia da Barquiña e dos seus arredores, sen obter resposta algunha das administracións sobre dita problemática.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Que valoración fai a Xunta de Galiza do cumprimento da lexislación vixente relativa á retirada de amianto en Galiza?

. Recibiu a Xunta de Galiza por parte do concello de Noia o censo de instalacións e emprazamentos con amianto e o calendario da súa retirada?

. É coñecedor o goberno galego da existencia de tubaxes de fibrocemento na praia da Barquiña e na súa contorna? De ser así, que valoración fai do risco que están a supoñer para a saúde das persoas e do medio no que se atopan?

. Como valora o feito de que eses residuos permanezan aínda nunha contorna litoral dentro dunha zona de especial protección (ZEC) da “Rede Natura 2000”?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Vai a levar a cabo algunha actuación tendente á retirada inmediata desas tubaxes? De ser así, en que prazo?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 29/12/2021 19:03:21

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 19:03:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Logo que de que Augas de Galicia sometera a exposición pública en 2016 a solicitude de autorización de vertidos do Grupo Mineiro San Finx (DH.V15.54967), diversas entidades (incluíndo as confrarías de pescadores, asociacións de produtores, concellos da comarca e organizacións ecoloxistas) formularon alegacións alertando de que a actividade mineira para a que se solicitaba a autorización estaba en situación de ilegalidade por carecer da preceptiva autorización ambiental (DIA).

A vixente Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental (art. 9) non se aparta das súas precedentes ao sancionar coa falta de validez a aprobación ou autorización dos proxectos (ou a presentación de declaracións responsables) que non teñan sido sometidos a avaliación ambiental cando era necesaria para a actividade en causa, o que afecta non só aos proxectos de explotación, restauración e mellora de instalacións de tratamento aprobados en 2009 e aos que se subrogou en 2015 a empresa peticionaria, mais tamén os proxectos de tratamento e xestión de verteduras e de aproveitamento de caudal, entre outros, que, desde 2015, tramita Augas de Galicia a sabendas de que os proxectos non foron sometidos a avaliación ambiental.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Grupo Mineiro “San Finx” conta cun proxecto de explotación e un plan de restauración aprobados mediante Resolución de 28 de decembro de 2009 asinada polo entón director xeral de Enerxía e Minas, D. Ángel Bernardo Tahoces. Previamente, en decembro de 2008, dítase outra resolución administrativa de transmisión de dereitos mineiros polo entón director xeral de Industria, Enerxía e Minas, D. Anxo R. Calvo Silvosa, que condicionaba a transmisión á presentación no prazo de tres meses dun proxecto de explotación actualizado e dun plan de restauración actualizado e a “presentar, no prazo de tres meses, un estudo de Impacto Ambiental do proxecto que nos ocupa, conforme o Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, e demais normativa de aplicación”. Pero, na altura, nin o órgano ambiental foi informado da tramitación dos proxectos, nin foi sometido ao trámite de avaliación de impacto ambiental, e nin tan sequera o plan de restauración foi sometido ao trámite de información pública que establece a lexislación.

Como consecuencia de todo o anterior, os proxectos e plans aprobados omitiron a presenza de dúas presas de residuos mineiros (que pola contra aparecen en toda a documentación administrativa e histórica sobre a mina, incluíndo os Plans de Labores para os anos 1996, 1997, 1998, 1999 e 2000 e o un “Inventario de Balsas y Escombreras de la Comunidad Autónoma de Galicia” de 1999), colmatadas de residuos e con risco de falla crítico, omitiron a xeración de drenaxes ácidas da mina que implican unha inxección constante de metais pesados ao ambiente que fan que se superen os límites legais de cadmio, cobre e cinc no río contiguo e ameacen con acumularse perigosamente nas zonas de marisqueo da ría de Noia e no LIC Esteiro do Tambre, e omitiron a existencia de centos de pozos e chimeneas de ventilación sen restaurar nin balizar que xeran un risco para a integridade das persoas e da fauna, como se evidenciou nos últimos meses mentres se realizaban traballos forestais nas zonas contiguas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes feitos teñen sido postos repetidamente en coñecemento de Augas de Galicia, de xeito máis recente mediante escrito de solicitude de terminación do procedemento de autorización de vertidos presentado en marzo deste ano por diversas entidades ecoloxistas, ou nos recursos presentados o ano pasado, xusto antes da declaración do estado de alarma, contra o acto da directora de Augas de Galicia de 13/02/2020, autorizando “medidas provisionais” no procedemento DH.V15.54967 á marxe do que dispón o procedemento administrativo.

Así, no folio 1.478 do procedemento DH.V15.54967 atópase un oficio de 27 de decembro de 2016 polo que a xefa da Área de Vertidos de Augas de Galicia lle solicita á Dirección Xeral de Enerxía e Minas que no prazo de DEZ (10) DÍAS “na súa calidade de órgano substantivo informe sobre o estado de tramitación do procedemento de avaliación ambiental e, no seu caso, a remisión da resolución ditada polo órgano ambiental competente, ou, no seu defecto, certificación de que non cómpre a tramitación do devandito procedemento emitida polo órgano ambiental competente”.

A este requirimento responde o xefe de Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña en oficio de data de 05/12/2017 (segundo consta no mesmo expediente, folios 2497-2499), indicando que: “a explotación á que se pretendía dar continuidade é anterior a entrada en vigor do RDL 1302/1986, do 28 de xuño, de avaliación de impacto ambiental (e polo tanto ao citado RDL 1/2008), así como ao Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación de impacto ambiental para Galicia, e non estaba prevista unha modificación do método de explotación ou un aumento da superficie da explotación, non era de aplicación o trámite de avaliación ambiental.”

Ignorando a solicitude, sen achegar resolución ditada polo órgano ambiental competente nin certificación de que non cómpre a tramitación do procedemento de avaliación ambiental polo órgano ambiental competente, porque nin existen nin se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

solicitaron nunca por parte do órgano substantivo mineiro, na resposta parece tratarse de encubrir o feito de que conforme á lexislación ambiental, o proxecto mineiro debía terse sometido ao trámite ambiental.

En data 04/03/2020 a funcionaria da escala de enxeñeiros de minas con funcións facultativas sobre o Grupo Mineiro San Finx no Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña, emitiu informe sobre o proxecto de suspensión temporal de labores da mina de San Finx solicitada por Tungsten San Finx S.L., filial de Valoriza Minería (Grupo Sacyr). No referido informe indícase:

“Por outra banda, comprobei que na unidade Minas-T, na carpeta arquivo dixital, para esta mina consta unicamente o proxecto de explotación subscrito polo enxeñeiro técnico de minas Joaquín Eulalio Ruíz Mora, que foi aprobado polo Conselleiro de Economía e Industria o 28.12.2009. Ao dito proxecto de explotación subrogouse TUNGSTEN SAN FINX SL ao adquirir no ano 2015 a titularidade das concesións mineiras que constitúen esta explotación.

O devandito proxecto de explotación recolle un plan xeral de explotación da mina en 5 fases sucesivas, se ben unicamente desenvolve os traballos a realizar nos 5 primeiros anos. Estes traballos correspóndense coa primeira fase que se concreta na explotación da 4ª planta Buenaventura. Neste proxecto orzaméntase unicamente o primeiro ano de explotación.

Polo tempo transcorrido e os labores realizados, entendo que o proxecto aprobado xa está superado e que **para continuar coa explotación nos niveis inferiores, dadas as características, a envergadura, a natureza e as repercusións da actividade (susceptible de xerar augas ácidas e liberar ións metálicos que poden afectar ao medio natural) non é suficiente aprobar os sucesivos traballos de**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

explotación a través dos plans de labores anuais, pois a dita aprobación carecería de validez segundo o artigo 9 da Lei 21/2013. É polo que, para continuar coa actividade é necesario que se teña aprobado un proxecto de explotación completo, avaliado ambientalmente e con todas as autorizacións necesarias para a súa efectiva execución.”

O informe conclúe indicando que procede elevar o expediente á Dirección Xeral de Enerxía e Minas para que “Ordene suspender temporalmente a actividade polo prazo dun ano para os efectos de regularizar esta explotación, **requirindo ao titular a presentación dun proxecto de explotación completo cunha boa calidade técnica, ao que se xunte a solicitude de inicio da tramitación da avaliación de impacto ambiental (ou, no seu caso, achegando o informe do órgano ambiental da súa non necesidade)**, así como os outros requisitos esixidos pola Lei 3/2008 na maneira nela establecida, incluíndo a revisión do plan de restauración conforme ao establecido no artigo 7 do Real Decreto 975/2009, do 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras.

Á vista do anterior, constátase tamén o feito repetidamente denunciado ante Augas de Galicia, de que o desaugue por achique que ata 2020 vén realizando Tungsten San Finx SL da 5ª planta na sección Buenaventura (antes inexistente) e que, estando situada por debaixo do nivel de desaugue por gravidade de 4ª planta, implicou o bombeo forzado de drenaxes ácidas de mina, en ausencia de autorización de vertedura e tratamento de calquera tipo, é ilegal; sen que por parte de Augas de Galicia se impedisese mediante os expedientes sancionadores que correspondería ter incoado á luz do RDPH.

Os proxectos debían terse sometido a avaliación de impacto ambiental conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2008 (e posterior e actual normativa ambiental), de 11 de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xaneiro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos (TRLEIA), para valorar por que o proxecto de San Fins tiña que ter sido sometido a avaliación de impacto ambiental. Segundo o artigo 3 TRLEIA: “Los proyectos, públicos y privados, consistentes en la realización de obras, instalaciones o cualquier otra actividad comprendida en el Anexo I deberán someterse a una evaluación de impacto ambiental en la forma prevista en esta ley.”

Dentro do Anexo I, encóntranse os proxectos que se contemplan no artigo 3.1 e que, por tanto, deben ser obxecto de avaliación de impacto ambiental. En particular, os proxectos da industria extractiva contémpanse no grupo 2, e, entre os mesmos, encóntrase os de minaría subterránea, cando se cumpra algún dos seguintes requisitos: “1. Que su paragénesis pueda, por oxidación, hidratación o disolución, producir aguas ácidas o alcalinas que den lugar a cambios en el pH o liberen iones metálicos o no metálicos que supongan una alteración del medio natural. 2. Que exploten minerales radiactivos. 3. Aquéllas cuyos minados se encuentren a menos de 1 kilómetro (medido en plano) de distancia de núcleos urbanos, que puedan inducir riesgos por subsidencia”.

A actividade mineira en San Finx, de forma amplamente documentada, e tal e como resulta previsible nunha explotación metálica subterránea cuxa mineralización inclúe sulfuros, produce alteración do pH e liberación de metais pesados que alteran o medio natural, tal e como se recoñece no informe de 04/03/2020 da enxeñeira Dona María José Mijares Coto. No expediente de vertidos quedou constatada a falta de rigor da empresa mineira peticionaria, que en diversas ocasións tentou xustificar a existencia dun suposto “fondo natural de metais” para evitar as súas obrigas sobre a contaminación con metais pesados que deita ao río a explotación, por exemplo, no informe de SAMPER, Javier; MONTENEGRO, Luis; LADO, Marcos; PISANI, Bruno (2019) “Revisión del informe: Estimación de niveles genéricos de referencia de calidad de las





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aguas del entorno de la mina de San Finx”, encomendado por Augas de Galicia á Universidade da Coruña.

Por medio destes informes, Augas de Galicia é perfectamente coñecedora de que a mina de San Finx é unha explotación de minería subterránea “Que su paragénesis pueda, por oxidación, hidratación o disolución, producir aguas ácidas o alcalinas que den lugar a cambios en el pH o liberen iones metálicos o no metálicos que supongan una alteración del medio natural.”

Augas de Galicia ten constancia de como estas drenaxes ácidas de mina se producen de feito e supoñen, tamén de feito, unha alteración do medio natural. Augas de Galicia é, por tanto, sabedora de que a actividade da mina de San Finx está suxeita ao trámite de avaliación ambiental. É coñecedora ademais, en virtude da resposta ao oficio de 27/12/2016 da xefa da Área de Vertidos de Augas de Galicia que obra no fol 1478 do expediente, e da resposta ao mesmo, que non existiu tramitación do procedemento de avaliación ambiental, e que o órgano mineiro non dispón de “certificación de que non cómpre a tramitación do devandito procedemento emitida polo órgano ambiental competente” porque nunca a pediu, ocultando os proxectos ao órgano ambiental e aos órganos sectoriais, incluído o hidráulico.

Ten así constancia Augas de Galicia de que a consecuencia material concreta desta ausencia de procedemento de avaliación ambiental foi a aprobación e execución, a partir de 2009, dun proxecto que implicou desde o seu inicio verteduras ao DPH de millóns de metros cúbicos de drenaxes ácidas de mina, sen autorización do órgano hidráulico, sen tratamento, baleirando a totalidade de labores mineiras inundadas desde 1990, así como as exclusións das dúas presas de residuos mineiros, colmatadas de residuos mineiros, situadas sobre DPH, e incluídas nos Plans Anuais de Labores como



tales ata que se deixaron de presentar no ano 2000, do plan de restauración aprobado en 2009.

E finalmente, atendendo a todo o anterior e como xa quedou de manifesto nas alegacións presentadas durante o trámite de información pública, é sabedora de que tanto os proxectos mineiros aprobados en 2009, como a concesión de caudal aprobada por Augas de Galicia en 2016 e os proxectos de verteduras tramitados no presente procedemento, carecen de validez atendendo ao art. 9 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, que declara nula a aprobación ou autorización de proxectos (ou a presentación de declaracións responsables, entre as que se inclúen a declaración de verteduras e os proxectos de tratamento asociados) que non teñan sido sometidos a avaliación ambiental cando era necesaria para a actividade en causa.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

1.- Cales son os motivos para que, máis de cinco anos logo do inicio do procedemento de autorización de vertidos DH.V15.54967 relativo ao Grupo Mineiro San Finx, a Xunta de Galiza non teña adoptado aínda unha resolución no mesmo?

2.- Cales son as razóns para que a Xunta de Galiza non teña arquivado o procedemento nos máis de cinco anos dende a súa incoación e logo do requirimento explícito feito en 27 de decembro de 2016 pola xefa da Área de Vertidos de Augas de Galicia? Considera o goberno galego que debера terse levado a cabo á vista de que a actividade do Grupo Mineiro San Finx non foi sometida a avaliación de impacto ambiental, cando, como se expón nos antecedentes, tal trámite ambiental é preceptivo e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

implica que calquera autorización de vertido concedida na ausencia do mesmo sexa nula?

3.- Que valoración fai a Xunta de Galiza do feito de que, téndose acreditado no procedemento a existencia de verteduras producidas pola explotación que impiden a consecución dos obxectivos de calidade impostos polas Normas de Calidade Ambiental, nunca se incoara un procedemento sancionador, de determinación do dano causado por verteduras e de liquidación do canon de control de verteduras, conforme o art. 263 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RDPH)?

4.- Cales son as razóns que levaron ao goberno galego a non proceder á suspensión da actividade do Grupo Mineiro San Finx que orixina as verteduras contaminantes (art. 265 RDPH)? Por que non se iniciou o correspondente procedemento de esixencia de responsabilidade ambiental e de imposición de medidas provisionais preventivas e de evitación para impedir a continuidade das verteduras contaminantes (arts. 41 e ss. da Lei 26/2007, de 23 de outubro, de Responsabilidade Ambiental)?

5.- Téndose acreditado que entre 2016 e 2020, tal e como recollen os correspondentes Plans Anuais de Labores e como se deduce do informe de 04/03/2020 do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña, mantívose desaugada mediante bombeo forzado a 5ª planta do sector "Buenaventura", aínda carecendo a explotación de autorización de verteduras, por que razón tolerou Augas de Galicia esa situación e non impuxo ningunha sanción por esta intensificación das verteduras xa de por si ilegais?

6.- Por que razón Augas de Galicia non obrigou á concesionaria mineira a realizar as actuacións necesarias para impedir de forma inmediata as verteduras de





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

augas residuais de mina (drenaxes ácidas de mina) e creando condicións que minimicen os procesos de xeración de drenaxes ácidas de mina?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 19:05:05

Rosana Pérez Fernández na data 29/12/2021 19:05:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O recentemente aprobado Decreto 90/2021, polo que se modifica o Decreto de 1992, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais (PORN) do Parque Natural do complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión (PRUX) do mesmo Parque, chega despois de case 30 anos para tratar de remediar as moitas necesidades e diversos problemas que na actualidade presenta o conxunto do espazo natural, de preto de 1.000 hectáreas, e que deberían estar solucionados, ou cando menos en vías de solución, hai xa moito tempo.

O Parque Natural do complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán inclúe un dos espazos marítimo-terrestres de maior valor ambiental de todo o país e, dende 1992, foron varias as decisións que se tomaron en contra da súa mellora, como a introdución de especies exóticas ou a pasarela que se estableceu sobre a gran duna móbil, emblema do Parque, precisamente porque non existía un PRUX.

O que agora vén de aprobarse xa tivo o seu primeiro antecedente no ano 2018, documento que finalmente non chegou a ver a luz, e despois de décadas de inexistencia, estivo só en exposición pública 15 días. Aínda así, foron máis de 259 as alegacións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

presentadas por particulares, entidades, asociacións e formacións políticas das que, segundo a información da propia Xunta de Galiza foron aceptadas o 92%.

Nomeadamente, das 43 presentadas polo Grupo Municipal do BNG de Ribeira, recollidas practicamente na súa totalidade das múltiples xuntanzas cos veciños e veciñas e coas asociacións ambientalistas, aceptáronse dúas e outras dúas parcialmente, o cal nos leva a poñer moi en dúbida a información oficial trasladada publicamente.

Malia ao novo Decreto é, pois, evidente que hai cuestións que seguen pendentes e que cumpriría ten en conta para garantir a debida protección do complexo natural.

Por unha banda, o PRUX non dá resposta ás vellas demandas dos colectivos veciñais que veñen reclamando axudas para as persoas propietarias dentro da zona protexida destinadas a promover e fomentar o cultivo das terras, a gandaría, a apicultura, a silvicultura e calquera outro tipo de actividades respectuosas co medio natural. A propia Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda foi quen de recoñecer, na súa resposta aos alegantes a este respecto, que o PRUX “podería permitir o desenvolvemento de liñas de axudas específicas”. Non entanto, finalmente, non se contemplaron no documento.

Do mesmo xeito, tampouco se establecen ningunha fórmula de compensación ás persoas afectadas, propietarias de terreos e titulares de dereitos consolidados, ás que se lles limita o desenvolvemento das súas actividades e que estean en disposición de vender os seus terreos. Trátase de adquirir terreo para o patrimonio público e ao mesmo tempo de resarcir aos propietarios que ven limitados os seus dereitos en favor dun interese xeral.

Outra das cuestións, neste caso encamiñada a contribuír á revitalización e posta en valor da zona natural, e que debería ser obxecto dunha normativa específica, sería a





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

creación dun selo de calidade dos produtos agrícolas, gandeiros, etc. que se producen dentro dos límites do Parque, como xeito de promocionar eses produtos vinculándoos á calidade e sustentabilidade e como vía de impulsar as actividades agrogandeiras do lugar.

Combinar, pois, a protección do espazo natural coa dinamización social e económica da área implicaría que a Consellaría de Medio Ambiente tivese en conta a importancia de profesionalizar a Xunta Reitora e retomar a figura do director ou directora que, xunto coa dotación suficiente de persoal coa cualificación técnica necesaria, terían a responsabilidade, entre outras, de levar o día a día e axilizar os trámites burocráticos.

Tampouco é un tema menor a escasa dotación económica que contempla o PRUX. Un millón de euros para os vindeiros dez anos e tan só 100.000 euros ao ano, repartidos entre o programa de conservación da biodiversidade, a paisaxe e o patrimonio cultural (573.000 euros), o programa de investigación, seguimento e avaliación (219.000 euros), o programa de xestión do uso público (136.000 euros) e o programa da mellora das infraestruturas, instalacións e equipamentos (72.000 euros).

Estamos a falar dun dos Parques máis visitados do país, con máis de 300.000 visitas ao ano e, polo tanto, cunha presión humana importante, da única duna móbil existente no territorio atlántico do Estado e dun territorio que abrangue preto das 1.000 hectáreas. As actuacións de preservación dos valores naturais, así como a recuperación de espazos degradados, a eliminación de especies exóticas invasoras, a protección da flora e fauna ameazadas, a educación e sensibilización ambiental, a mellora de todos os paneis informativos e indicativos e o necesario aumento de gardas e guías que permitan abrir a Casa da Costa e o CIELGA e garantan a vixilancia do Parque as 24 horas ... requirirían uns medios económicos moito menos axustados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por último, a conservación e a mellora dun espazo tan significativo en termos ambientais, paisaxísticos e culturais, requiriría comezar a programar a súa ampliación e a protección de zonas colindantes. O río de Artes, o río Sirves, o Rego da Cidade, que desaugan na marisma do Carregal, ou o Rego Vilar, que achega auga á lagoa de Vixán, deberían estar protexidos coas figuras axeitadas. Así mesmo sería de gran importancia iniciar os trámites que permitan incrementar os Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) e a superficie actual do Parque Natural unindo ao mesmo as zonas LIC sitas no Concello de Porto do Son.

En definitiva, unha serie de actuacións necesarias -algunhas que se poderían encadrar no propio PRUX e outras que poderían contemplarse noutras normativas xa existentes-, dirixidas a superar a inacción e o abandono do Parque durante as últimas décadas e a incrementar a protección e a dinamización racional e sustentábel dunha zona singular.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Que valoración fai a Xunta de Galiza da protección e da xestión dos parques naturais de Galiza que a día de hoxe contan con PRUX?

. Considera que o Decreto 90/2021, recentemente publicado, ten marxe de mellora para garantir a debida protección do complexo natural de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

. Está disposto o goberno galego a levar a cabo as correccións do PRUX e das normativas que se precisen para preservar o seu valor ambiental, paisaxístico, cultural e social?

. Considera xusto e viábel desenvolver liñas de axudas económicas específicas para as persoas propietarias dentro da zona protexida do Parque Natural destinadas a promover e fomentar o cultivo das terras, a gandaría, a apicultura, a silvicultura e calquera outro tipo de actividades respectuosas co medio natural? Se é así, está disposto a elaboralas?

. Considera xusto e viábel compensar economicamente ás persoas afectadas, propietarias de terreos, ás que se lle limita o desenvolvemento das súas actividades dentro do Parque Natural e estean dispostas a vendelos? Se é así, comprométese a buscar a fórmula acaída para efectivizar esas compensacións?

. Valora a Xunta de Galiza positivamente a creación dun selo de calidade dos produtos agrícolas, gandeiros, etc., que se producen dentro do Parque como xeito de contribuír á revitalización económica e social da zona? Se é así, está disposta a impulsalo?

. Ten previsto o goberno galego profesionalizar a Xunta Reitora? E instaurar a figura do director/a?

. Vai dotar ao Parque Natural do persoal cualificado suficiente para atender os propios cometidos establecidos no PRUX e aqueloutros que se consideren? De ser así, en que horizonte temporal?

. Considera o goberno galego que a dotación económica que contempla o PRUX para os vindeiros dez anos é suficiente para levar a cabo as actuacións que recolle e/ou





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

todas as que sexan necesarias? Está disposto a ampliála para garantir a protección e a dinamización que necesita este espazo singular?

. Considera que sería importante comezar a programar a ampliación do Parque? Neste sentido, que valoración lle merece a posibilidade de unir aos terreos actuais as zonas LIC sitas no Concello de Porto do Son?

. Está disposto a protexer coas figuras que sexan precisas os ríos Artes e Sirves e os Regos da Cidade e Vilar?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 29/12/2021 19:08:58

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2021 19:09:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade dunha nova planificación escolar en Culleredo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como en cursos anteriores, a comunidade escolar de Culleredo vén manifestando a insuficiente atención educativa por parte do goberno do PP a un concello que presenta un crecemento demográfico continuado, así como unha importante dispersión dos seus núcleos de poboación.

Unhas demandas sociais que en diferentes ocasións foron canalizadas desde o grupo municipal do BNG.

Este mes de novembro a comunidade educativa de Culleredo recibía a boa nova de que o Consello escolar municipal conseguira o compromiso da Xunta para “revisar a planificación escolar e o catálogo do profesorado”, tal e como informa a web do concello.

Asemade, a inspectora de educación responsábel recoñeceu que a planificación de Culleredo “está obsoleta”, e que cabería revisala antes do 1 de marzo, que é cando entra en vigor a nova Planificación Xeral de Culleredo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha afirmación tan rotunda sobre un problema que vén sendo reivindicado desde hai tempo, proporciona unha oportunidade que non se debe deixar escapar, polo que cómpre activar a coordinación precisa entre os axentes sociais e educativos para dar resposta a unha demanda de solución ao problema por fin recoñecido pola autoridade da Xunta.

Neste sentido, desde o grupo municipal do BNG en Culleredo xa se ten atendido a comunidade escolar da zona rural do concello, que se ten organizado para reivindicar a creación dunha oferta de Ensino Secundario Obrigatorio (ESO) na zona rural.

A nova planificación escolar debería refacer o mapa de distribución e asignación das zonas de residencia do alumnado aos centros de referencia en función dos centros existentes a día de hoxe, mais tamén, recoller unha valoración en función dun futuro centro que imparta a ESO na zona rural, xa que isto permitiría unha reconfiguración dos centros de secundaria e, en particular, a desconxestión do IES Eduardo Blanco Amor, que permitiría unha compensación do reparto de alumnado entre este e o IES Rego de Trabe. A mellora no servizo ao alumnado redundaría ademais nun menor tempo no transporte daquel que se despraza desde a zona rural ata o centro de Vilaboa, co conseguinte incremento do tempo para o descanso, o lecer e o estudo.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª :

Que medidas vai activar a Xunta de inmediato para a elaboración dunha nova planificación escolar no concello de Culleredo, antes do 1 de marzo, que é cando entra en vigor a nova Planificación Xeral de Culleredo?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2021

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 30/11/2021 10:01:05

Daniel Castro García na data 30/11/2021 10:01:08

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/11/2021 10:01:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a demanda de actuacións en materia de seguridade viaria en Dorneda-Oleiros (A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza da parroquia de Dorneda no Concello de Oleiros (A Coruña) está a demandar unha solución á inseguridade viaria que senten para desenvolver as tarefas do día a día.

Na actualidade, despois de diferentes iniciativas, cada luns concéntranse neste lugar para facer publica unha gran preocupación: a inseguridade viaria coa que conviven no cruce da Avenida República Arxentina (AC-173), coa Rúa da Proba e a Rúa do Río Couto.

A veciñanza vén demandando unha solución que calme a velocidade do elevado tránsito de circulación que se produce diariamente e en horario continuado neste punto, á vista das súas características como zona de paso de transeúntes. Unha pequena observación in situ permite comprobar a continua circulación de utilitarios, autobuses e camións, en ocasións a velocidades elevadas.

Neste sentido, destacan que o transporte escolar que realiza o servizo do CEIP Isidro Parga Pondal, do CEIP Luis Seoane e do IES María Casares utiliza as paradas do





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

transporte público que hai neste cruce, en ambas as dúas marxes da vía. Nestas paradas, dúas veces ao día, cruzan esta estrada mesmo nenos pequenos (de 3 anos), sen un paso de peóns e con evidente risco de atropelo.

Asemade, os usuarios d'O Couto e d'A Proba que diariamente utilizan o transporte público, en moitos casos persoas de idade avanzada, tamén se ven con dificultades para cruzar a vía con garantías de seguridade, pois os pasos de peóns máis próximos están situados a 300m, en dirección a Santa Cruz, e a 1200m en dirección a Arillo.

Logo de se ter dirixido ao Concello de Oleiros solicitando a mellora da seguridade nesta vía ao seu paso polo cruce da Avenida República Arxentina (AC-173), coa Rúa da Proba e a Rúa do Río Couto, a resposta do goberno municipal é que xa reclamou en varias ocasións á Xunta de Galiza, titular da estrada, a realización dun paso de peóns nese lugar e tamén á altura do cemiterio.

A resposta da Xunta foi negativa por non se tratar dun treito urbano, mais sen achegar ningunha proposta de mellora á veciñanza nin garantía de seguridade viaria.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. É coñecedora a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade das demandas da veciñanza que vive en Dorneda (Oleiros) na contorna do cruce da Avenida República Arxentina (AC-173), coa Rúa da Proba e a Rúa do Río Couto?

. Que resposta lle ten trasladado a Xunta aos escritos con sinaturas remitidos pola veciñanza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Valora o goberno que este punto quilométrico é seguro para as viandantes?

. Que accións vai pór en andamento o goberno para mellorar a seguridade dos peóns neste cruce da Avenida República Arxentina (AC-173), coa Rúa da Proba e a Rúa do Río Couto?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 30/11/2021 09:43:42

Xosé Luis Bará Torres na data 30/11/2021 09:43:45



A Mesa do Parlamento

Begoña Freire Vázquez, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Diego Calvo Pouso, Marisol Díaz Mouteira e Rubén Lorenzo Gómez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Despois de moitos meses de anuncios nos medios de comunicación, o pasado 26 de outubro o Consello de Ministros do Goberno de España tomou en consideración o Anteproxecto de Lei polo Dereito á Vivenda, iniciándose polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a tramitación do texto.

Dende o Grupo Parlamentario Popular vemos con preocupación que o anteproxecto da futura Lei de Vivenda se iniciase sen consenso nin consulta previa coas distintas Comunidades Autónomas, e concretamente con Galicia.

Sen ter en conta que son as que teñen as competencias en materia de vivenda e as que deben xestionar as medidas propostas.

Ademais, dunha primeira análise do texto despréndese que se entra a regular cuestións tan importantes como a ocupación de vivendas, o concepto de vivenda baleira ou que se chega a incorrer na invasión de competencias autonómicas.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que primeira valoración fai o Goberno galego do anteproxecto da futura Lei de Vivenda?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Freire Vázquez, María Begoña na data 30/12/2021 10:23:49

Carmen María Pomar Tojo na data 30/12/2021 10:24:03

Ramón Carballo Páez na data 30/12/2021 10:24:25

José Manuel Balseiro Orol na data 30/12/2021 10:24:43

Diego Calvo Pouso na data 30/12/2021 10:24:59

María Sol Díaz Mouteira na data 30/12/2021 10:25:12

Rubén Lorenzo Gómez na data 30/12/2021 10:25:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Begoña Freire Vázquez, Marisol Díaz Mouteira, Corina Porro Martínez, Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Diego Calvo Pouso, Rubén Lorenzo Gómez e Carmen Pomar Tojo deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda vén de presentar neste mes de maio ante o Concello de Vigo os proxectos de urbanización necesarios para acometer a ampliación de San Paio de Navia e ampliar a oferta de vivenda protexida na cidade de Vigo.

Deste xeito, o Concello dispón xa da documentación correspondente ás tres fases nas que se divide a urbanización e, polo tanto, pode continuar coa súa tramitación e aprobación, un paso indispensable para poder licitar as obras.

Cómpre lembrar que a ampliación do solo residencial neste ámbito permitirá a construción dunhas 1.600 novas vivendas protexidas na cidade de Vigo, o que suporá un investimento de 250 millóns de euros por parte de promotores públicos e privados.

E que se actuará, en total, sobre unha superficie de 265.000 metros cadrados que, ademais de vivendas, acollerá zonas verdes, superficies de uso terciario, máis de 1.000 prazas de aparcamento e un carril bici de dous quilómetros.

Tendo en conta a importancia deste proxecto para a cidade de Vigo, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cales son as principais características do proxecto de urbanización para acometer a ampliación de San Paio de Navia e ampliar a oferta de vivenda protexida na cidade de Vigo?
- 2.- Cales son os seguintes pasos a dar na tramitación?
- 3.- Cales son as previsións para iniciar as obras de urbanización de San Paio de Navia?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Freire Vázquez, María Begoña na data 30/12/2021 10:32:13

María Sol Díaz Mouteira na data 30/12/2021 10:32:25

María Corina Porro Martínez na data 30/12/2021 10:32:41

Teresa Egerique Mosquera na data 30/12/2021 10:32:55

José Manuel Balseiro Orol na data 30/12/2021 10:33:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Ramón Carballo Páez na data 30/12/2021 10:33:22

Diego Calvo Pouso na data 30/12/2021 10:33:39

Rubén Lorenzo Gómez na data 30/12/2021 10:33:54

Carmen María Pomar Tojo na data 30/12/2021 10:34:05

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ao sistema de rastrexo de persoas positivas por Covid-19 e os seus contactos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Diante dunha situación de extrema gravidade como a que estamos vivindo a causa da Covid 19, o que se precisa é que o Goberno asuma responsabilidades e tome as medidas precisas, o mellor plan de continxencia para evitar o incremento de casos é a prevención e a contención.

Se en algo hai unanimidade é en que na loita contra a COVID-19 é vital actuar con rapidez, detectar persoas positivas, identificalas, illalas e facer rastrexo de contactos, sobre todo diante dunha situación de extrema gravidade como a actual cunha evidente transmisión comunitaria, onde unha porcentaxe moi elevada dos contaxios non teñen orixe coñecida, é preciso tomar as medidas axeitadas.

Facer ben esa labor é fundamental para parar a cadea de contaxios. Non se pode parar a pandemia se non se sabe onde está o virus, a clave é ser proactivxs, planificar, anticiparse... para ir por diante do virus e non por detrás.

Por iso dende o BNG queremos mostrar a nosa preocupación coa xestión que a Xunta está a realizar no rastrexo de positivos, máis destinada ao titular de prensa e non para solucionar o problema, caracterizada pola improvisación e o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comportamento errático, que poñen en risco a saúde e a vida das galegas e galegos.

Estamos nunha situación explosiva de contaxios e cunha transmisión comunitaria descontrolada, e lamentamos que de novo non se tivera preparado o dispositivo con anticipación, malia existir a certeza de que unha nova onda de contaxios se ía producir. A variante Ómicron está presente en Galiza desde principios de novembro, e sábese da súa altísima capacidade de contaxio e propagación.

Neste contexto vimos de coñecer que a empresa á que a Xunta lle ten adxudicado o servizo de rastrexo publicou neste mes de decembro dous anuncios para a contratación de persoal “debido á alta incidencia de contaxios e a necesidade de incrementar de forma urxente os servizos de teleoperadores/as para traballar no proxecto Rastrexadores Covid”. Ofertan un contrato de fin de semana, por un mes, cun salario bruto que apenas supera os sete euros a hora e unha formación de catro horas no primeiro caso e de seis horas no segundo. Os requisitos son persoal moi empático, capaz de identificar como doentes cada unha das chamadas, habilidade para descubrir información, gran xestión da emoción, que saiba manter a calma ante situacións de estrés...

Estas “ofertas de traballo” precario e mal pagado son un claro espello da improvisación e a falta de planificación que ten caracterizado ao Goberno de Núñez feixó durante toda a pandemia e que volve pórse de manifesto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consideramos necesario que por parte da Xunta se facilite toda a información a respecto sistema de rastrexo, e por esa razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, presenta as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Considera a Xunta que Galiza que conta cun sistema de rastrexo de persoas positivas por Covid 19 ben dotado e eficiente para actuar con rapidez e parar a cadea de contaxios?

Parécelle responsábel que as persoas que realizan unha labor tan importante como as de rastrexo de persoas positivas por covid 19 teñan un contrato de fin de semana, por un mes, cun salario bruto que apenas supera os sete euros a hora e unha formación dunhas horas?

Considera que diante da situación explosiva de contaxios e cunha transmisión comunitaria descontrolada pode ter un sistema de rastrexo caracterizado pola improvisación e a falta de planificación ?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 30/12/2021 11:08:24

María Montserrat Prado Cores na data 30/12/2021 11:08:30



A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Os traballadores do mar deben desfrutar dos dereitos á protección da súa saúde, da seguridade no seu lugar de traballo e dun entorno laboral adaptado ás súas necesidades profesionais. Unha realidade que precisa da mellora da asistencia médica a bordo dos buques, que lles permita tamén prolongar a súa participación no mercado laboral.

Os botiquíns son un instrumento imprescindible para brindar esta protección e unha atención sanitaria a bordo aos traballadores o máis equiparable posible á prestada en terra. Así o recollen o Convenio sobre o traballo marítimo (2006) e o Convenio sobre o traballo na pesca (2007) da Organización Internacional do Traballo.

A Directiva 92/29/CEE do Consello de 31 de marzo de 1992 relativa ás disposicións mínimas de seguridade e de saúde para promover unha mellor asistencia médica a bordo dos buques foi modificada a fin de simplificar e racionalizar os informes sobre a súa aplicación práctica.

O Real Decreto 258/1999, de 12 de febreiro, polo que se establecen condicións mínimas sobre a protección da saúde e a asistencia médica dos traballadores do mar foi o resultado da transposición ao ordenamento xurídico da Directiva 92/29/CEE, na que se recollía a clasificación dos buques de menor porte, ampliando posteriormente o rango de aplicación da categoría C, na que entrarían todos os buques de litoral existentes en Galicia, polo Real Decreto 568/2011, de 20 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 258/1999.

A Directiva (UE) 2019/1834 da Comisión de 24 de outubro de 2019 pola que se modifican os anexos II e IV da Directiva 92/29/CEE do Consello no que respecta ás adaptacións de carácter estritamente técnico actualizou a dotación preceptiva dos botiquíns de primeiros auxilios a bordo, suprimindo os específicos ou material sanitario innecesario, obsoleto ou inadecuado, e incorporando constituíntes de eficacia para a



atención sanitaria, establecendo a obriga dos Estados membros de revisar e adaptar a súa normativa ao novo contido de ambos anexos.

Establecía que os buques que permanezan moi próximos á costa ou que non dispoñan de aloxamento en cabinas (categoría C), deben ser obxecto de especial atención, xa que tenden a ser de pequeno tamaño e poden carecer de espazo para a dotación completa dos botiquíns. Polo tanto, o anexo II debe permitir o uso de alternativas en circunstancias excepcionais e por razóns obxectivamente xustificadas. Deste xeito, non sería necesario levar a bordo algúns elementos, debendo reducirse a lista de medicamentos e material médico, tal que como reclamaba especificamente o sector marítimo-pesqueiro galego.

Galicia e o seu sector marítimo-pesqueiro tiveron moito que ver na reformulación e adecuación desta directiva, e na consecución destes avances que fan que a nosa frota de baixura vexa como se formula a disposición dos botiquíns dunha forma máis acaída á súa realidade.

Mais esta modificación da directiva non chegaba se non se procedía á súa transposición á normativa nacional. É por iso que nos últimos anos Galicia solicitou ao Goberno central que procedese de forma urxente á devandita transposición desta Directiva, homologando e adecuando os novos requisitos para os buques de menor porte (categoría C). Unha transposición que foi publicada o 22 de decembro no Boletín Oficial do Estado, coa aprobación do Real Decreto 1120/2021, de 21 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 258/1999, do 12 de febreiro.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Como foi realizada a transposición da Directiva (UE) 2019/1834 da Comisión ao ordenamento xurídico?
- 2.- Cales foron as actuacións realizadas polo Goberno galego tendentes á súa consecución?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 30/12/2021 12:18:22

José Manuel Balseiro Orol na data 30/12/2021 12:18:35

Freire Vázquez, María Begoña na data 30/12/2021 12:18:47

Ana Belén García Vidal na data 30/12/2021 12:18:56

Manuel Santos Costa na data 30/12/2021 12:19:07

María Elena Suárez Sarmiento na data 30/12/2021 12:19:18

Daniel Vega Pérez na data 30/12/2021 12:19:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Begoña Freire Vázquez, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O sector da pesca constitúe un sector estratéxico para o desenvolvemento da nosa comunidade, que ten o reto de contribuír á consecución de determinados obxectivos temáticos do Marco estratéxico común. Ademais, este sector ten que aproveitar ao máximo os fondos deste marco para acadar os novos retos que se formulan e, neste senso, tanto o sector extractivo coma o sector transformador terán que aproveitar todas as posibilidades que brindan estes instrumentos para acadar o obxectivo de sector competitivo, sustentable e respectuoso co ambiente.

Dada a importancia social e o gran peso específico das industrias de transformación dos produtos procedentes da pesca dentro do tecido empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, ditouse a Orde do 18 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento tramitado como expediente anticipado de gasto, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e se convocan para o ano 2021.

Así, o DOG do 28 de decembro de 2021 publica a orde de axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convocan para o ano 2022.

Por todo o anterior, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal é a finalidade das axudas para investimentos en pemes de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura e o orzamento destinado para 2022?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 30/12/2021 12:20:09

José Manuel Balseiro Orol na data 30/12/2021 12:20:21

Freire Vázquez, María Begoña na data 30/12/2021 12:20:34

Ana Belén García Vidal na data 30/12/2021 12:20:43

Manuel Santos Costa na data 30/12/2021 12:20:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Elena Suárez Sarmiento na data 30/12/2021 12:21:06

Daniel Vega Pérez na data 30/12/2021 12:21:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª,** sobre as modificacións á Lei de Montes Veciñais en Man Común incluídas na Lei de Medidas Fiscais e Administrativas que acompaña aos orzamentos de 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na coñecida como “Lei de acompañamento aos orzamentos” para 2022 a Xunta de Galiza introduce, máis unha vez pola porta de atrás e suprimindo os trámites e garantías que corresponderían á correcta tramitación de novas leis, importantes modificacións a distintas normas.

Entre esas modificacións adican especial interese a tocar leis que rexen distintos aspectos da ordenación e xestión do territorio no medio rural. Así temos alteracións normativas na recentemente aprobada Lei 11/2021 de Recuperación de Terra Agraria, a Lei 4/2015 de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galiza; a xa clásica modificación da Lei 7/2012 de Montes de Galiza; a lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais e, a que agora nos ocupa, a Lei 13/1989 de montes veciñais en man común.

Na mencionada Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común o PP introduce cambios que van en dous sentidos: o primeiro é o de traspasar, alí onde non exista veciñanza, os montes veciñais a titularidades públicas eliminando así





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dun golpe o seu carácter veciñal. O segundo consiste en que por razóns puramente burocráticas un monte veciñal en man común poida ser declarado en estado de grave abandono ou degradado para que, unha vez feita a declaración, o monte veciñal en tal estado poida ser entregado a xestión dunha empresa forestal ou madeireira por un período de 50 anos.

Deste xeito, a través dunha lei, a de Medidas Fiscais e Administrativas, que en absoluto está pensada para tal fin, introdúcense até 6 modificacións de calado nunha norma, a de Montes Veciñais, que precisa ser posta ao día con garantías e o debate social e político necesarios para actualizar unha lei que regula algo tan importante e propio de Galiza como son os montes veciñais en man común e a súa forma específica de propiedade de orixe xermánica.

Resulta a todas luces evidente que hai que establecer alternativas para aqueles montes en man común nos que non haxa veciñanza así como naqueles que sufran un grande deterioro ecolóxico ou unha extracción abusiva dos seus recursos, pero nunca se pode alterar a súa propiedade por razóns burocráticas. Mais todas esas alternativas deben ser debatidas e tramitadas de xeito democrático. É dicir, non a través da lei de acompañamento, senón a través dun proceso de debate no Consello Forestal de Galiza seguido dunha tramitación completa no Parlamento de Galiza.

Neste sentido non sorprende a ninguén o amplo rexeitamento social a esta reforma que, introducida sen debate e pola porta traseira, pretende saquear os montes veciñais en man común dos seus lexítimos propietarios: os veciños e veciñas comuneiros.

Así, desde a Organización Galega de Montes Veciñais en Man Común (ORGAMMVV) pasando por sindicatos como a CIG, sindicatos agrarios como a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

FRUGA e o Sindicato Labrego Galego ou organizacións ambientalistas como Adega e Amigos da Terra e incluso a plataforma Aldeas con Horizonte téñense manifestado no mesmo sentido contra este novo intento de usurpación do monte veciñal no que se ten embarcado a Xunta de Galiza.

De feito, na Primeira Revisión do Plan Forestal de Galiza: Cara a neutralidade carbónica, aprobado en solitario polo Partido Popular, inclúese dentro do Eixo III “de xestión forestal e loita contra o abandono” unha liña 2 referida a iniciativas de activación da xestión forestal privada e dentro deste un programa (III.2.2) de dinamización da xestión en montes veciñais en man común cunha medida específica, a II.2.2. que refire a “Aprobación dunha nova Lei de Montes Veciñais en Man Común” no primeiro quinquenio; é dicir, antes de 2025.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

. Considera que a propiedade veciñal dos montes en Man Común é unha figura a protexer?

. As modificacións legislativas introducidas na Lei de Medidas Fiscais e Administrativas de acompañamento aos orzamentos para 2022 garanten a protección desa forma de propiedade?

. Como compatibilizan a defensa da propiedade veciñal co traspaso aos concellos en calidade de “titulares provisionais do aproveitamento do monte” no caso de “inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade de veciños” ou a empresas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

privadas por até 50 anos no caso de montes “en estado de grave abandono ou degradación”?

. Como van garantir en calquera deses dous modelos que non se realicen actos de disposición como alugueiros, cesións, ocupacións ou contratos a terceiros e expropiacións nos montes en man común?

. Existe algunha correlación entre o interese por apropiarse do monte veciñal en man común e a necesidade de poñer a disposición terras para a creación de polígonos agroforestais incluídos na LRTA?

. Cando teñen previsto afrontar a elaboración dunha nova Lei de Montes en Man Común tal e como se auto impuxo o goberno nos eixos da Primeira Revisión do Plan Forestal de Galiza.

Santiago de Compostela, , 24 de novembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 24/11/2021 10:48:01

María del Carmen Aira Díaz na data 24/11/2021 10:48:05

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/11/2021 10:48:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a protección da propiedade colectiva das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común no dominio marítimo-terrestre.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Organización Galega de Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (ORGACMM) ten trasladado ao BNG a súa fonda preocupación pola situación que se está a xerar ante as actuacións levadas a cabo desde as Xerencias Territoriais do Catastro que atentan directamente aos intereses das comunidades de montes.

Así, as oficinas territoriais ou xerencias están a remitir comunicacións aos órganos directivos das comunidades de montes informando de que os terreos propiedade da comunidade, terras de monte veciñal en man común, situadas dentro da demarcación marítimo-terrestre pasan a considerarse de titularidade do Estado.

Aínda que nos escritos remitidos o Catastro concede un prazo de alegacións, as resolucións estanse a demostrar inamovíbeis, o que equivale a unha incautación ou expropiación encuberta destas terras de propiedade colectiva que funcionan en beneficio da comunidade.

Para a toma destas resolucións Catastro ampárase no artigo 9 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas que establece que non poderán existir terreos de propiedade





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

distinta da demanial do Estado en ningunha das pertenzas do dominio público marítimo-terrestre, nin aínda no suposto de terreos gañados ao mar ou desecados na súa ribeira.

En primeiro lugar cabe destacar que o artigo citado trata por igual a todo tipo de propiedades. Sen embargo, desde o BNG entendemos que no momento actual deberíase afrontar unha revisión do mesmo para permitiren que na zona de dominio público marítimo-terrestre, que como indica o seu nome debe ser de titularidade pública, poidan coexistir outras titularidades que respecten ese carácter demanial e non privado.

Así, propónse a posibilidade de permitiren a titularidade municipal ou autonómica, non só a estatal como se reclama en moitos concellos costeiros, máis tamén, neste caso, a titularidade colectiva ou veciñal, en beneficio da comunidade que, aínda que tratada como privada habitualmente, ten características diferentes.

Non é en ningún caso axeitada a equiparación dos montes veciñais en man común a bens de titularidade privada pois a súa natureza é colectiva tal e como reconece o artigo 3 da vixente Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Polo tanto, e recollendo as reclamacións da ORGACCMM, entendemos que non deberían ter encaixe legal nas detencións privadas, senón seren considerados como propiedades colectivas como corresponde á súa natureza e réxime xurídico.

En ningún momento o mantemento da titularidade pública ou colectiva afectaría á obriga de respectar os límites que a Lei de Costas establece neste momento ao respecto das actividades a desenvolver na zona de dominio público marítimo e das preceptivas autorizacións da Demarcación de Costas.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É importante neste sentido lembrar que a normativa de costas actual xa permite manter os dereitos de uso e aproveitamento, polo que sería perfectamente posíbel manter este aspecto mais respectando a titularidade das comunidades de montes.

En segundo lugar temos de lembrar que a pesares de que a previsión do artigo 9 foi publicada en 1988, tras a aprobación a Lei de Montes Veciñais en Man Común procedeuse a inscribir e rexistrar propiedades a nome desas mancomunidades incluíndo os terreos afectados pola zona de dominio público marítimo-terrestre, probándose así a compatibilidade de manter a titularidade e o respecto da normativa que impón restrinxir os usos nesas zonas afectadas.

Tamén pode alegarse a favor da reforma lexislativa que permita conciliar ambas titularidades que a necesaria protección que se dá a outros bens público-demaniais como son as bacías fluviais ou humidais, por exemplo (que poderían ser equiparábeis) non impide a titularidade sobre eses terreos mais si que limita os seus usos.

Desde o BNG entendemos que é preciso revisar a lexislación vixente para que recolla de xeito clara a realidade: a existencia de montes veciñais en man común como unha forma colectiva de propiedade, non equiparábel á pública nin á privada, de marcado carácter xermánico.

A Xunta de Galiza non pode ficar alieo a este ataque por parte de Catastro a unha forma de propiedade propia de Galiza xa que ten unha responsabilidade na defensa deste modelo de propiedade comunitaria que ten unha importancia capital no noso país no que ocupan aproximadamente unha cuarta parte do territorio: máis de 700.000 hectáreas xestionadas por 2.800 comunidades de montes. Un volume que proba que estas comunidades son un sinal de identidade e da cultura galegas, ademais dun motor económico e produtivo decisivo. Este tipo característico e diferenciado de copropiedade





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

colectiva, cuxas características se teñen mantido e teñen evolucionado en Galiza desde tempos inmemoriais, ha de ser preservado, mantido e protexido.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

. Consideran que a campaña iniciada polas Xerencias de Catastro reclamando a titularidade estatal dos montes en man común situados en dominio marítimo-terrestre supón un ataque a este tipo de propiedade xermánica da terra de forte implantación en Galiza?

. Que accións ten iniciado a Xunta de Galiza para asesorar e guiar ás Comunidades de Montes en Man Común situadas en dominio marítimo-terrestre afectadas polas notificacións de Catastro?

. Teñen principado algunha acción directa cara o Goberno de España? De que tipo?

. Teñen previsto modificar a Lei 13/1989 de Montes en Man Común para garantir os dereitos das Comunidades de Montes en Man Común?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**
Carmen Aira Díaz





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 30/12/2021 12:44:43

María del Carmen Aira Díaz na data 30/12/2021 12:44:54

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/12/2021 12:45:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª,** sobre a inestabilidade laboral dentro do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No verán de 2021 asistimos, un ano máis, a novos episodios de conflitividade laboral dentro do SPDIF que tiveron un punto álxido na semana do 20 ao 25 de setembro con distintas mobilizacións convocadas polos comités de empresa da Consellaría do Medio Rural nas catro provincias.

O BNG ten denunciado en múltiples ocasións a precariedade laboral á que a Xunta de Galiza ten sometido a este servizo fundamental no noso país e que ten na actualidade unha das taxas de temporalidade e precarización do emprego máis altas de toda a administración galega.

En atención a esta situación xa convertida en estrutural polos sucesivos gobernos do Partido Popular, o martes 21 o comité de empresa de Ourense concentrouse fronte a delegación territorial da Consellaría mentres que o seu equivalente en Lugo fixo o propio o mércores 22 e os da Coruña e Pontevedra se concentrarán de forma conxunta fronte a sede central da Consellaría do Medio Rural en San Caetano na xornada do xoves 23 de setembro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As reivindicacións non son novas. O que se denuncia desde os representantes dos traballadores é a “gravísima precariedade laboral” e “inseguridade xurídica” que padecen os traballadores e traballadoras do SPDIF no seu conxunto e os fixos-descontinuos especialmente.

A reclamación é clara: reclámase a ampliación do tempo de traballo das prazas fixas descontinuas de 6 a 9 meses e de 9 a 12. Ao tempo púlase pola cobertura dos postos vacantes. Os comités de empresa advertiron con estas concentracións de que nestes intres, en pleno período de alto risco de incendios, son numerosas as prazas vacantes sen cubrir o que engadido á non cobertura de incapacidades temporais, licenzas e permisos segue a provocar unha diminución da capacidade de resposta do dispositivo.

Este extremo púidose comprobar in situ no gran lume de Ribas de Sil que calcinou preto de 1800 hectáreas e no que unha parte significativa das brigadas destinadas non contaban co total dos seus membros mermando significativamente a súa capacidade operativa.

Por outra banda, e no referido aos empregados fixos descontinuos, resáltase que o feito de que os arredor de 1.000 empregadas e empregados públicos da Xunta pertencentes ao SPDIF sexan contratadas e contratados unicamente durante seis meses ao ano atenta directamente contra a profesionalización do dispositivo, impide acadar os obxectivos de prevención de incendios forestais e reduce a operatividade dun servizo público de emerxencias esencial para a defensa dos intereses dos todos os galegos/as.

Ao mesmo tempo, critican que o Goberno galego esqueza a máis de 600 traballadores/as fixos/as descontinuos e descontinuas de nove meses, que tras máis de 12 anos e pese aos reiterados anuncios publicitarios por parte da Consellaría afirmando





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que solucionarán a cuestión, seguen agardando pola ampliación do tempo de traballo dos seus contratos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

. En que porcentaxe cifran desde a Consellaría a temporalidade laboral no servizo?

. Estiman desde a Xunta de Galiza que a alta temporalidade laboral no SPDIF colabora na conformación dun servizo de emerxencias profesionalizado e operativo?

. Teñen previsto afrontar neste 2021 a ampliación de contratos dos traballadores e traballadoras fixas descontinuos de 6 e 9 meses que hoxe fan parte do dispositivo do SPDIF?

. Cal é o motivo polo que desde a Consellaría de Medio Rural, de xeito reiterado, non se cobren as vacantes no SPDIF (tanto en brigadas como nos postos de emisorista, vixilantes e axentes forestais) nin sequera en momentos de risco alto de incendios?

. Estiman desde a Consellaría que un servizo no que non se cobren as vacantes pode ser igual de efectivo que un servizo con todos os seus postos cubertos?

. Até que grado de incumprimento do cadro de persoal previsto no PLADIGA 2021 estiman que poden asumir sen que se resinta esa efectividade do servizo?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: María González Albert

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 30/12/2021 12:52:39

María González Albert na data 30/12/2021 12:52:43

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/12/2021 12:52:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert e Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a recuperación das zonas queimadas nos lumes de Ribas de Sil e Quiroga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As xornadas do 6 e o 7 de setembro foron Galiza estaba en risco extremo ante a posibilidade de incendios forestais. Así, máis unha vez, no luns 6 de setembro o país comezou a arder de norte a sur e de leste a oeste: Éntoma (O Barco de Valdeorras), Enxilde (Mazaricos), Pantón, Chandrexa de Queixa, Cerceda, Portomarín, Santa Comba, Bastavales (Brión), Guitiriz, Friol, A Peroxa, (San Fiz)A Proba de Trives, Seres (Castroverde), Cualedro, Quiroga, A Pobra de Brollón e Ribas de Sil.

Este último, o de Ribas de Sil, estaba situado dentro do perímetro da Ribeira Sacra e en boa medida dentro do xeparque Montañas do Courel e derivou no primeiro “grande incendio forestal” do ano no país e, partindo de dous focos diferentes, afectou nese concello e no veciño da Pobra de Brollón a aproximadamente 1.450 hectáreas de masa arborada e monte baixo segundo os datos oficiais, sendo declarada situación 2 ante o grave perigo de afectación aos núcleos habitados de Rairos, Beirán (Salcedo) ou as Laceiras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, os dous lumes declarados en Chandrexa de Queixa afectaron a máis de 120 hectáreas do Macizo Central e da escasa Rede Natura declarada como tal en Galiza.

Unha vez controlados, estabilizados e sufocados os lumes chega a importante labor de recuperación destas zonas ambiental, cultura, social e economicamente relevantes das provincias do interior de Galiza, que teñen no Macizo e na Ribeira Sacra dous dos elementos máis singulares e enriquecedores dos seus territorios.

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Foran executadas todas as labores de limpeza de biomasa e franxas secundarias nas zonas afectadas por estes dous lumes?

- Que valoración se fai desde a Xunta de Galiza do dano inflixido por estes lumes no Parque Natural do Macizo Central, na Ribeira Sacra e no Xeoparque Montañas do Courel?

- Que medidas urxentes vai tomar o goberno galego para evitar a contaminación derivada dos lumes nos cursos fluviais?

- Que medidas urxentes vai tomar o goberno para rexenerar as zonas queimadas dentro deses espazos singulares?

- Ten pensado a Xunta de Galiza tomar medidas especiais de protección para zonas especialmente sensíbeis do país como os Parques Naturais ou a Ribeira Sacra?

- De que tipo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas a medio e longo prazo van tomar para tentar minorar as afectacións dos incendios forestais en espazos protexidos e singulares?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/12/2021 12:56:58

María del Carmen Aira Díaz na data 30/12/2021 12:57:02

María González Albert na data 30/12/2021 12:57:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a desestabilización dos lumes e a necesidade dun SPDIF único, profesionalizado e que atenda as emerxencias no rural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As mudanzas na climatoloxía galega debidas ao cambio climático e ao quecemento global están a facer que a maior incidencia en lumes forestais, que até fai poucos anos se focalizaba nos meses de xullo e agosto, se teña desprazado no tempo até finais de verán e os meses de outono.

A desestacionalización dos incendios veu así determinada por unha climatoloxía variábel, con varios ciclos de altas temperaturas, seca persistente e baixa humidade que se reproducen con considerábel frecuencia e que se nutren das enormes masas de combustíbel presentes nun territorio no que o envellecemento, o despoboamento e a falta de usos do monte son a terríbel realidade de boa parte do noso país.

Non vai moito tempo, en 2017, puidemos comprobar da forma máis virulenta posíbel as consecuencias que o despoboamento do rural trae consigo e como esa falta de capital humano que nutra o territorio obriga ao mantemento dun sistema de prevención de lumes que ten que estar activo durante case todo o ano, con limpeza de franxas e superficies moitas veces inabarcábeis e imposíbeis de cubrir.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O mesmo semella estar a acontecer neste 2021. Un xullo moi húmido e de choivas seguido dun agosto quente provocou que agora en setembro fai que sexa case imposíbel controlar un territorio despoboado onde a maleza campa ás súas anchas.

Vímolo na xornada do 6 de setembro cando Galiza comezou a arder de norte a sur e de leste a oeste: Éntoma (O Barco de Valdeorras), Enxilde (Mazaricos), Pantón, Chandrexa de Queixa, Cerceda, Portomarín, Santa Comba, Bastabales, Brión, Guitiriz, Friol, A Peroxa, A Proba de Trives, Seres (Castroverde), Cualedro e, sobre todo, Quiroga e Ribas de Sil, con varios focos sendo o máis importante o que atravesou a N-120 no lugar de Rairos para introducirse no concello de Quiroga e da Pobra de Brollón, a esta hora (con máis de 900 hectáreas calcinadas oficialmente) aínda sen controlar.

Este último lume acóllese sen ningunha dúbida á nova tipoloxía de incendios de expansión máis rápida, con afectación a núcleos de poboación, con maior carga de combustíbel en densidade e extensión, temperaturas máis altas, baixa humidade e moito vento.

Nas labores de extinción están a participar medios do SPDIF (nas súas distintas condicións), BRIF, GES e UME. Xúntase así persoal de distintas administracións e do exército, con distintas condicións laborais, distintos graos de formación e distintas capacidades á hora de enfrontar o lume.

Sen embargo este novo modelo de lumes, máis virulento, rápido, agresivo e perigoso precisa cada vez máis dun sistema de prevención e extinción o máis profesionalizado posíbel, con mando único e cunha formación homologada e efectiva que require de persoal fixo para enfrontar a cada vez máis evidente desestacionalización dos lumes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Por que a Xunta de Galiza continúa a manter un SPDIF disgregado, con brigadas fixas-descontinuas e brigadas municipais non profesionalizadas que non son quen de afrontar con garantías os lumes de última xeración?
- Consideran que sería máis eficiente un SPDIF centralizado e profesionalizado con persoal ben formado e non precarizado?
- Estiman que é unha realidade que os incendios forestais están cada vez máis desestacionalizados?
- Por que non se desenvolve un SPDIF con capacidade e competencia para funcionar como un auténtico servizo de emerxencias rural?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 30/12/2021 13:02:16

María del Carmen Aira Díaz na data 30/12/2021 13:02:20

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/12/2021 13:02:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz, Mercedes Queixas Zas, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre o macroproxecto para a explotación de eucalipto en terreos de protección natural en Aranga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 4 de xuño de 2021 o Diario Oficial de Galiza publicaba o anuncio da Consellaría do Medio Rural para a exposición pública do proxecto de EAI para a aprobación do Proxecto de Ordenación Forestal do Monte de Carballoa, no concello de Aranga.

O anuncio da Xefatura Territorial da Coruña estaba datado no día 20 de maio de 2021, só 1 día antes da publicación, no mesmo DOG, da Lei 11/2021 de Recuperación de Terra Agraria de Galiza que establece unha pseudomoratoria de todas as novas plantacións de eucalipto en Galiza cuxa tramitación non fose iniciada con anterioridade á entrada en vigor da Lei e estendida no tempo, en principio, até o 31 de decembro de 2025.

Máis aló da curiosa sucesión temporal e da clarividencia da empresa promotora para presentar o seu proxecto só 2 días antes da entrada en vigor da lei son moitas as cuestións que resultan preocupantes neste proxecto eucaliptizador que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pretende actuar sobre 120 hectáreas en terreos de protección natural na parroquia de Vilarraso, no concello de Aranga.

Así, tempo despois do intento de recualificación urbanística deses mesmo terreos polo mesmo promotor, o propio Estudo de Impacto Ambiental (EIA) especifica que no PXOM correspondente o monte está cualificado maioritariamente como “solo rústico de protección de espazos naturais”, o que deixa xa constancia dos valores ambientais da zona á que afecta esta proposta de ordenación.

Máis concretamente segundo detalla o proxecto o ámbito está formado por 113 hectáreas de solo rústico de protección de espazos naturais; 20 has de protección de augas; 0,7 has de solo rústico de protección agropecuaria e só 3 hectáreas, de solo rústico de protección forestal.

Estes datos, por si propios, terían que resultar directamente na denegación do permiso autonómico para este novo proxecto eucaliptizador. Pero hai máis.

Na proposta de ordenación o ámbito destinado a usos madeireiros ocuparía unha superficie de 98,3 hectáreas e o sector que denomina “protector”, 20,6 has. O uso madeireiro consistiría fundamentalmente a plantación de Eucalipto Nitens. Así, mentres a literatura da proposta semella defender unha ordenación multifuncional do monte compatíbel coa protección do medio natural, a ordenación proposta avanza xustamente no sentido contrario. Establécese un uso maioritario para a plantación de eucalipto mentres se reservan só as beiras dos ríos e regatos para especies de ribeira autóctonas.

Estamos a falar, e resulta importante non esquecerlo, dun proxecto situado en terreos que fan parte da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mandeo e así se sinala no propio EIA; mais esquecen mencionar no documento que tamén se atopan no lugar as Brañas do Deo, incluídas na proposta de ampliación da Rede Natura.

Na zona proposta atopamos tamén varios hábitats de interese comunitario, o que dá unha idea do alto valor ambiental da zona e da incompatibilidade da súa conservación coa plantación de Eucalipto Nítens para usos madeireiros. Ao tempo, resulta innegábel o impacto que un proxecto desta envergadura tería sobre os recursos hídricos dunha zona na que se poden atopar lagoas, humidaís e distintos cursos de auga.

De forma conxunta aos impactos sobre o medio natural, o monte da Carballoa entra dentro da zona de cautela de dous elementos patrimoniais: o muíño de Vilaurís e a mámoa de Torrelavandeira. Esta última sufrirá unha afectación severa. Esta mámoa xa vai ter un impacto, segundo o EIA por dous dos Parque Eólicos proxectados na zona, o PE Fontella e o PE Penas Boas, e non hai un estudo conxunto de como estes proxectos de PE e o de explotación do Monte da Carballoa para a plantación de eucalipto, que aquí nos presentan, afectarían á Necrópole megalítica do Monte do Gato, do que esta mámoa forma parte.

Este proxecto terá tamén un importante impacto visual nunha zona onde xa se están tramitando autorizacións para a instalación de 6 parques eólicos, dous deles en terreos do mesmo propietario que promove este proxecto. Non existe nesta altura un estudo conxunto das sinerxías e do impacto visual conxunto que estes proxectos van ter nunha zona onde xa existen minas a ceo aberto e liñas de alta tensión que teñen xa un importante impacto sobre a paisaxe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Fan algunha valoración da secuencia temporal en que se deu a presentación deste proxecto e a entrada en vigor da Lei 11/2011 de Recuperación de Terra Agraria de Galiza?

- Consideran que proxectos destas características son compatíbeis co espírito da disposición transitoria novena da citada Lei referida aos repoboamentos co xénero Eucalyptus?

- Vai permitir a Xunta de Galiza a execución deste proxecto que supón a plantación de 98,3 hectáreas de eucalipto nuns terreos que inclúen solos de protección de augas, de protección agropecuaria e de espazos naturais?

- Ten valorado a Xunta de Galiza o impacto conxunto que suporía nestes espazos protexidos a execución deste proxecto eucaliptizador?

- Que afección tería sobre os recursos hídricos da zona?

- Valoran os impactos conxuntos que terían no Monte da Carballoa este proxecto unido aos até 6 parques eólicos proxectados e en tramitación na contorna?

- Estiman que as Brañas do Deo teñen de estar máis protexidas medioambientalmente?

- Considera a Xunta de Galiza que os terreos de protección agropecuaria deben ficar, tal e como marcaba a lei, libres de plantacións de eucaliptos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Estiman que se debe levar a cabo un traballo de deseucaliptización en todos os terreos de protección agropecuaria forestados ilegalmente?

- Consideran que as beiras dos cursos de auga así como os terreos medioambientalmente sensíbeis teñen que quedar fóra do desenvolvemento eólico?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Mercedes Queixas Zas

Xosé Luis Rivas Cruz

Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 30/12/2021 13:17:30

Mercedes Queixas Zas na data 30/12/2021 13:17:41

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/12/2021 13:17:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 30/12/2021 13:18:02

Xosé Luis Bará Torres na data 30/12/2021 13:18:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Xosé Luis Rivas Cruz e Carmen Aira Díaz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª,** sobre creación dun sistema de alertas fitosanitarias nacional.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector vitivinícola galego é un dos sectores con maior peso actual e maior capacidade de crecemento no desenvolvemento económico xeral do noso país e moito máis aínda dentro do ámbito agrario. O seu peso no PIB de Galiza é dun 6,5% segundo as **Contas Económicas Anuais, Revisión Estatística 2019** publicadas polo Instituto Galego de Estatística.

Nese mesmo período (2018) xeraba un emprego de 103.045 postos de traballo e xeraba un Valor Engadido Bruto de 4.071 millóns de euros.

Se falamos especificamente do sector agroalimentar, a vitivinicultura é sen dúbida un dos sectores máis dinámicos. No exercicio 2019 a elaboración de viño, con 139 millóns de euros, representou case o 4% do total da produción agroalimentar galega.

De entre todas as ameazas que sacoden ao sector hai unha que, como é evidente, é estrutural e que afecta ano tras ano á cantidade e calidade das colleitas: a afección á produción dos distintos axentes patóxenos e fúnxicos no viñado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É por este motivo que a previsión e anticipación aos problemas fitosanitarios na vide é fundamental. Non tan só para garantir unha colleita que posibilite un rendemento económico ao esforzo do cultivo, senón tamén para optimizar o emprego de tratamentos fitosanitarios e evitar os posíbeis excesos de tratamento que poden afectar á calidade final dos viños.

Por iso é precisa a creación dun sistema de alertas fitosanitarias de ámbito galego que, en tempo real, teña a capacidade de facer un seguimento das condicións medioambientais e das distintas enfermidades e pragas, e lanzar os avisos e notificacións que lles permitan ás explotacións adoptar as medidas preventivas e paliativas precisas.

Este sistema debe estar aberto ao resto das producións agroforestais, buscando as sinerxias entre todas elas.

Neste contexto resultan exemplares proxectos e entidades como a Estación Fitopatolóxica do Areeiro EFA), da Deputación de Pontevedra. Unha entidade que, atendendo a unha área xeográfica moi reducida, está a promover a necesidade de redución do uso de produtos fitosanitarios no viñado, o que é ademais unha esixencia de Europa desde fai anos. Unha Estación que case podemos considerar un proxecto piloto a exportar a todo o país.

O obxectivo final dunha Estación Fitopatolóxica destas características sería non tratar as plantacións por calendario, senón cando se dean as condicións axeitadas para o desenvolvemento das enfermidades.

Neste mesmo sentido é digno de remarcar o proxecto Viticast, grupo operativo supraautonómico participado, entre outras entidades, pola FEUGA, a Deputación de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pontevedra a través da propia EFA, as Universidades de Vigo e de Santiago de Compostela ou a Asociación Galega de Viticultura

A finalidade: a predición precoz das posibilidades de infección para identificar os riscos en función da presenza de esporas todo elo mediante o uso de intelixencia artificial e observación sobre o terreo.

Búscase a innovación no manexo das enfermidades fúnxicas de maior incidencia: mildiu, oídio e botrite a través do desenvolvemento dunha ferramenta de aviso de posíbeis infeccións nas que se combinarán datos meteorolóxicos, predición dos estados fenolóxicos da vide e concentración de esporas e o inóculo preciso para que se produza infección.

En todo caso entendemos que ferramentas deste tipo son o futuro do sector e facilitarán en grande medida o traballo dos profesionais, contribuíndo á elaboración de viños de máis calidade e tamén a unha produción máis sustentábel ao minimizar a incidencia da aplicación de fitosanitarios no medio ambiente.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

- . Considera a Consellaría do Medio Rural de interese a creación dunha Estación Fitopatolóxica Galega?
- . Entra a súa creación nos proxectos a curto prazo da Consellaría?
- . De seren así, como se dotaría orzamentariamente esta estación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Valoran a posibilidade de crear unha Aplicación Móbil como servizo de alertas fitopatolóxicas para o uso dos profesionais da viticultura?

. Entenden que a utilidade dunha estación destas características sería de interese para outros sectores agrarios?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Xosé Luis Rivas Cruz

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/12/2021 13:23:27

María González Albert na data 30/12/2021 13:23:31

María del Carmen Aira Díaz na data 30/12/2021 13:23:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Luis Bará Torres, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a modificación do “Rexistro de pegada de carbono, compensación e proxectos de absorción de dióxido de carbono”, que favorece plantacións forestais en terras agrarias e/ou incendiadas e a súa substitución por un modelo que priorice os modelos de xestión eficiente do monte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2014 o Goberno central creou o “Rexistro de pegada de carbono, compensación e proxectos de absorción de dióxido de carbono”. Trátase dun mecanismo que permite que as empresas que xeran emisións de gases de efecto invernadoiro inscriban a súa actividade e o cálculo da súa responsabilidade na contaminación do aire acompañando este acto dun plan de redución de emisións.

Ademais, este rexistro permite que estas compañías compensen unha parte da súa pegada de carbono mediante o apoio económico a unha serie de proxectos forestais distribuídos por todo o Estado español cos que, a priori, contribúen á absorción de dióxido de carbono da atmosfera (secuestro de carbono). Así, as empresas que reduzan as súas emisións ou ben as compensen a través de proxectos forestais reciben un carimbo de calidade emitido polo Ministerio de Transición Ecolóxica.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este mecanismo permite, en primeiro lugar, un proceso de lavado de cara para empresas contaminantes, que poden seguir contaminado se mercan "bonos de captura de CO2" para compensar o seu exceso de emisións de gases de efecto invernadoiro.

Pero, en segundo lugar, o mecanismo unicamente reconece como masas forestais "secuestradoras" de CO2 (e que polo tanto se poden beneficiar do financiamento ligado a este Rexistro) as masas que proveñen dun cambio de uso do terreo ou as plantadas nun monte arrasado polo lume.

Tendo en conta este feito resulta evidente que, de xeito indirecto, estase a fomentar a regresión de terras agrarias e de alta calidade agrícola a terreo forestal, como veñen denunciando entidades como a Organización Galega de Comunidades de Montes (ORGACMM).

Isto resulta aínda máis grave se temos á conta a escaseza de terras de cultivo que sofre Galiza desde vai anos, cunha tendencia á baixa e unha substitución constante da SAU por plantacións forestais, nomeadamente de eucalipto (a superficie adicada a terras de cultivo en Galiza descendeu máis de 35.000 hectáreas na última década). Estamos, de facto, a bonificar o negocio do lume xa que se poden rexistrar os terreos queimados en reforestación para vender no mercado aberto polo decreto o seu volume de captura de CO2.

Pola contra, quedarían fóra deste rexistro de captura de CO2 e polo tanto dos bonos de compensación as masas forestais xestionadas e as derivadas das plantacións en terras forestais, polo que o resultado é que o Rexistro penaliza a boa xestión de masas forestais e favorece os montes queimados polo lume.

A ORGACMM leva anos reclamando ante o Goberno central e a Unión Europea a modificación de criterios deste mecanismo, esixindo a tipificación como





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

secuestradores de CO2 das plantacións e repoboacións en terreos forestais. Agora, a Dirección Xeral de Acción Climática da UE vén de responder favorablemente á súa demanda recomendando que para os períodos 2021/2025 e 2026/2030 as terras forestais xestionadas e as terras que sendo forestais permanezan como tales tamén sexan incluídas no catálogo de secuestradores de CO2.

Neste contexto entendemos que é o momento de que a Oficina Española do Cambio Climático e o Ministerio para a Transición Ecolóxica cumpran coa recomendación efectuada pola institución europea e incorporen un cambio de criterio do que se beneficiarán as comunidades de montes galegas que están xestionando axeitadamente a súa masa forestal incentivado, ao tempo, as necesarias repoboacións para neutralizar as emisións de gases de efecto invernadoiro e contribuír na loita contra o cambio climático.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

. Ten pensado a Xunta de Galiza dirixirse ao Ministerio de Transición Ecolóxica para que cumpra coa recomendación da Unión Europea e faga un cambio de criterio modificando o decreto que regula o “ Rexistro de pegada de carbono, compensación e proxectos de absorción de dióxido de carbono” para primar como superficies secuestradoras de carbono aquelas derivadas dunha boa xestión forestal?

. Considera a Xunta de Galiza que unha modificación nese sentido sería beneficiosa para un modelo de monte sustentábel?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera a Xunta de Galiza compatíbel ese “Rexistro de pegada de carbono, compensación e proxectos de absorción de dióxido de carbono” nos termos en que está redactado coa Primeira Revisión do Plan Forestal de Galiza?

. Considera a Xunta de Galiza a posibilidade de deixar de primar ou incluso sancionar as replantacións en superficies queimadas ou en superficies potencialmente agrícolas?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Asdo.: **María González Albert,**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 30/12/2021 13:28:06

María del Carmen Aira Díaz na data 30/12/2021 13:28:14

Xosé Luis Bará Torres na data 30/12/2021 13:28:23





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 30/12/2021 13:28:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos estamos asistindo no noso País a unha verdadeira invasión de parques eólicos. Baixo a premisa da xeración de enerxía sustentable, estanse a presentar proxectos para a construcións de novos parques eólicos de xeito masivo e indiscriminado. Esta situación ademais vese favorecida por unha normativa obsoleta e permisiva coas grandes empresas, o que provoca que a poboación se atope nunha situación de indefensión e en desigualdade de condicións á hora de contestar a estas grandes corporacións multinacionais.

A comarca de Compostela atópase rodeada por multitude destes proxectos que ameazan de xeito flagrante ao medio rural e á xente que vive alí e da explotación deste medio. É o caso do que está a suceder co parque eólico de Vilartoxo, de 27MWm_j, proxectado no concello de Val do Dubra e que supón unha ameaza para a poboación de varias parroquias deste concello. Este parque eólico, promovido pola empresa Green Capital Power, viría a provocar unha importante catástrofe natural e paisaxística, tanto polo seu impacto a nivel de superficie, mais sen dúbida polas consecuencias que tería tamén sobre as augas do subsolo. Por unha banda, esta zona conta cun importante afloramento de mananciais que se verían afectados no caso de efectivizarse o proxecto, ademais de existiren numerosas captacións de auga que abastecen ás aldeas que non





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dispoñen de traída de auga municipal. Por outra banda, este parque suporía a afectación severa e prexuízos irreversibles para humidais, brañas, diversos leitos innominados e fontes. Estas consecuencias tamén implicarían unha afectación do patrimonio cultural, ao atoparse na zona varios elementos de especial protección como mámoas, túmulos e un petróglifo, algúns deles aínda sen catalogar, pero de grande importancia arqueolóxica.

A maiores destas afectacións, non se pode obviar que os parques eólicos proxectados nesta zona suporían un freo ao desenvolvemento económico e social da localidade e do conxunto da comarca, ao limitar o aproveitamento agrogandeiro que se podería dar (non se pode obviar a importancia que o sector primario ten na economía local), mais tamén outros coma o cultural ou incluso o turístico atendendo ao valor arqueolóxico e paisaxístico da contorna.

Ademais dos inconvenientes sinalados, no caso do parque eólico de Vilartoxo, estamos ante a fragmentación e tramitación independente en varios proxectos do que conformaría un único Plan eólico industrial. A través desta figura, ademais de axilizar e simplificar a tramitación administrativa, tamén se diminúe a capacidade de actuación da cidadanía ao non dar a coñecer o impacto ambiental que tería o conxunto de todas as infraestruturas porque só someterse a exposición pública unha parte concreta de todo o megaproxecto e durante un tempo limitado, polo que non permite coñecer a totalidade das infraestruturas que se proxectan (demais parques e solucións de evacuación).

Asemade, tan só se somete a exposición pública a solución de evacuación conxunta dos parques eólicos Barrosino e Vilartoxo, promovido por Green Capital Power, pero non a totalidade da infraestrutura común de evacuación nin os propios parques, que foron obxecto dunha avaliación ambiental separada e independente, ao marxe deste proxecto. Deste xeito, sométese a exposición pública e como proxecto





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

independente, a evacuación da enerxía xerada en só tres parques eólicos do mesmo grupo empresarial (parque eólico Barrosino, de 13,5 MW, parque eólico Vilartoxo, de 27,0 MW, e parque eólico Troitomil, de 30,0 MW), e eliminándose deste trámite de exposición pública e de avaliación ambiental o resto dos proxectos de parques eólicos e solución de evacuación conxunta e común para os parques eólicos de Vilartoxo, Barrosino e Troitomil, mais tamén para outros 10 proxectos da zona.

Tal é a preocupación existente entre a poboación polo temor de que se cheguen a efectivizar estes proxectos, que a corporación municipal de Val do Dubra chegou a manifestar o rexeitamento a este parque eólico no pleno celebrado no mes de outubro.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

– Que valoración fai o goberno galego dos proxectos de parques eólicos existentes para a contorna da comarca de Compostela?

– É consciente o goberno galego do impacto que suporía a construción do parque eólico Vilartoxo sobre a economía local así como a habitabilidade da zona?

– É coñecedor o goberno galego da riqueza cultural e natural existente na zona de afectación do parque? Que opinión lle merece que fiquen dentro do parque eólico elementos arqueolóxicos, tanto catalogados coma sen catalogar, coa potencial falta de aproveitamento e estudo que suporá? Ten algunha medida prevista para localizar máis elementos patrimoniais?

– Cal é a razón pola que os parques eólicos de Vilartoxo, Barrosino e Troitomil se están a tramitar de xeito independente a pesar de compartir infraestruturas como





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poden ser as liñas de evacuación? Considera o goberno galego que existe algunha xustificación para este feito?

– Ten algunha medida prevista o goberno galego para avaliar de xeito conxunto todos os proxectos de parques eólicos existentes nas comarcas de Compostela, o Xallas e a Barcala?

– Considera a Xunta de Galiza impulsar un cambio na normativa eólica actual que permita a participación dos axente implicados e que garanta un desenvolvemento eólico con participación pública que sexa xusto socialmente e respectuoso co medio natural e rural?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 30/12/2021 13:55:23

Xosé Luis Bará Torres na data 30/12/2021 13:55:27



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, María Elena Suárez Sarmiento, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez e José Luis Ferro Iglesias, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Pregunta oral para o seu debate en Comisión 4ª Educación e Cultura.

A punto de cumprir 30 anos de funcionamento, o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) constitúe un espazo público de referencia para a investigación, o fomento e a difusión da creación artística contemporánea de Galicia.

Desde os seus inicios en 1993, con exposicións dedicadas a Maruja Mallo ou a Laxeiro, o CGAC foi despregando una liña de programación centrada na difusión da creación artística galega e na mostra e diálogo coa arte internacional.

Nas súas case tres décadas, esta institución foi configurando unha colección artística excepcional, a colección CGAC, o fondo artístico público máis importante de arte contemporánea da nosa comunidade, con presenza dos principais artistas galegos e internacionais, que dan conta das máis sobranceiras tendencias da arte contemporánea na segunda metade do século XX e do XXI.

A pesar do impacto da pandemia durante o ano 2020, o CGAC foi un dos primeiros museos de arte contemporáneo de España en retomar a actividade presencial. Desde ese momento, vén desenvolvendo unha ampla programación, desde Santiago de Compostela para toda Galicia, á que se suman un bo número de actividades didácticas e de divulgación.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Como valora a Xunta de Galicia o papel da programación do CGAC no panorama cultural galego actual e no horizonte do 30º aniversario da inauguración deste centro

Santiago de Compostela, 30 de decembro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 30/12/2021 14:01:08

Ovidio Rodeiro Tato na data 30/12/2021 14:01:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Elena Suárez Sarmiento na data 30/12/2021 14:01:33

Rodríguez Pérez, Moisés na data 30/12/2021 14:01:48

Gómez Salgado, Carlos na data 30/12/2021 14:01:55

José Luis Ferro Iglesias na data 30/12/2021 14:02:02

María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/12/2021 14:02:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, María Felisa Rodríguez Carrera, Carlos Gómez Salgado, Moisés Rodríguez Pérez e José Luis Ferro Iglesias, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Pregunta oral para o seu debate en Comisión 4ª Educación e Cultura.

A Xunta de Galicia leva máis dunha década comprometida coa estabilización do persoal educativo no ensino non universitario galego, a través da convocatoria de numerosas prazas en diferentes ofertas públicas de emprego (OPEs).

No ano 2021 realizáronse as probas da OPE de 2020, que fora aprazada pola aparición da pandemia sanitaria por covid. Esta convocatoria significou unha oferta de 3.894 prazas en distintas especialidades para reforzar a estabilización do persoal docente e reducir a interinidade.

Con motivo da presentación dos orzamentos autonómicos de 2022, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade explicou que nese ano está prevista a celebración das probas da OPE convocada no 2021, na que hai máis de 1.600 prazas ofertadas; xunto coas correspondentes á nova convocatoria da OPE de 2022.

No seu día, as estimacións feitas polo Goberno galego situaban unha oferta total de arredor de 3.000 prazas de oposicións no ensino galego, froito das ofertas públicas de emprego de 2021 e 2022.



Tendo en conta a necesaria aplicación da normativa vixente e dos procedementos a seguir, o Grupo Parlamentario Popular formula á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a seguinte pregunta en Comisión:

En que situación está actualmente o procedemento para as oposicións no ensino galego?

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 30/12/2021 14:15:08

Teresa Egerique Mosquera na data 30/12/2021 14:15:20

María Elena Suárez Sarmiento na data 30/12/2021 14:15:31

Rodríguez Pérez, Moisés na data 30/12/2021 14:15:54

Gómez Salgado, Carlos na data 30/12/2021 14:16:01

María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/12/2021 14:16:10

José Luis Ferro Iglesias na data 30/12/2021 14:16:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

Sendo a educación o instrumento máis potente para a mellora individual e social, o noso sistema educativo (que como tal ten menos dun século de vida) debe ser dinámico e evolucionar para dar resposta á complexidade do mundo e do propio coñecemento que se ten del, así como á rápida transformación social que se está a producir no século XXI.

Un dos campos nos que o noso coñecemento evolucionou con gran rapidez nas últimas décadas e ó do medio ambiente e a ecoloxía, en paralelo co progresivo colapso ecolóxico que foi pronosticado polo informe do Clube de Roma sobre Os límites do crecemento (1972), sucesivamente actualizado e que se concreta na actualidade en fenómenos como a crise climática que afronta a humanidade, a perda acelerada de biodiversidade, a contaminación da auga e do aire, etc, etc.

A concienciación medioambiental da nosa xuventude é cada vez maior. Como mostra, o 47 % das persoas mozas entre 14 e 29 anos considera que o cambio climático é “o problema máis importante”, segundo o informe *Juventud en España 2020* de Injuve, fronte ao 17 % dos adultos. En contraste, existe un amplo consenso na comunidade educativa sobre as carencias da educación ambiental no noso país (e en moitos outros), así como sobre a súa importancia.

Segundo o estudo *La educación ambiental en el entorno familiar* realizado dentro do proxecto educativo ambiental de Ecoembes Naturaliza, o 72,7 % dos pais e nais considera clave que se imparta educación ambiental cando escolle centro educativo para os seus fillos, e a maioría opina que aprender valores ambientais contribúe á mellora da formación xeral e ás capacidades, especialmente dos máis pequenos.

O informe da UNESCO '*Aprender polo planeta*', que analiza os plans educativos e marcos curriculares de arredor de 50 países, constata que máis da metade non fai referencia ao cambio climático e só o 19 % menciona a biodiversidade, polo que fixa como obxectivo facer da educación ambiental un compoñente esencial dos plans de estudio de todos os países no ano 2025. En España a nova Lei educativa (LOMLOE), aprobada en decembro de 2020 e que dota de máis



autonomía ás CC.AA e centros de estudo, afirma que o sistema educativo "non pode ser alleo aos desafíos que implica o cambio climático do planeta, os centros docentes han de converterse nun lugar de custodia e coidado do noso medio ambiente".

Despois de que a LOMCE, aprobada en solitario polo PP en 2013, impuxese un retroceso no eido da educación ambiental, o MITECO está poñendo en marcha un Plan de acción de educación ambiental para a sostibilidade (PAEAS), que recolle algúns pasos para impulsar a educación ambiental dentro dos colexios, con seis eixos operativos e 61 accións clave a desenvolver por parte da Administración xeral do Estado.

Finalmente, o informe da Unesco *Educación para os obxectivos do desenvolvemento sostible*, considera que son necesarias “experiencias directas” que afecten no emocional ao alumnado, sinalando que “as competencias non se poden ensinar, senón que os alumnos adquirenas con acción, experiencia e reflexión” e avoga por que o estudantado sexa capaz de crear en grupo “accións innovadoras” que fomenten a sostibilidade a escala local. Nese sentido, son múltiples as experiencias de apadriñamento ou adopción de ecosistemas que se teñen desenvolto con éxito en centros educativos de todo o mundo.

Mentres tanto, o Goberno de Galicia límitase a fachendear da súa adhesión ao proxecto europeo *Life Evergreen with Volunteers* (LEWO), que promove tarefas de voluntariado ambiental, obviando que a educación ambiental está practicamente ausente dos currículos dos centros docentes de Galicia.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia a implantar con carácter transversal a educación ambiental nos plans de estudo dos diferentes centros educativos de Galicia para afrontar as carencias actuais nesa materia dentro da autonomía que lle outorga a LOMLOE?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que a educación ambiental debe ser unha parte fundamental do sistema educativo no século XXI?

3ª) Vai a Xunta de Galicia a implantar nos centros educativos de Galicia actividades de educación ambiental que impliquen contacto e aprendizaxe directos na natureza?

Pazo do Parlamento, 30 de decembro de 2021





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2021 10:00:00
Nº Rexistro: 26933
Data envío: 30/12/2021 16:47:15.727

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 30/12/2021 11:13:40

Paloma Castro Rey na data 30/12/2021 11:13:55



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Luis Manuel Álvarez Martínez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

Sendo a educación o instrumento máis potente para a mellora individual e social, o noso sistema educativo (que como tal ten menos dun século de vida) debe ser dinámico e evolucionar para dar resposta á complexidade do mundo e do propio coñecemento que se ten del, así como á rápida transformación social que se está a producir no século XXI.

Un dos campos nos que o noso coñecemento evolucionou con gran rapidez nas últimas décadas e ó do medio ambiente e a ecoloxía, en paralelo co progresivo colapso ecolóxico que foi pronosticado polo informe do Clube de Roma sobre Os límites do crecemento (1972), sucesivamente actualizado e que se concreta na actualidade en fenómenos como a crise climática que afronta a humanidade, a perda acelerada de biodiversidade, a contaminación da auga e do aire, etc, etc.

A concienciación medioambiental da nosa xuventude é cada vez maior. Como mostra, o 47 % das persoas mozas entre 14 e 29 anos considera que o cambio climático é “o problema máis importante”, segundo o informe *Juventud en España 2020* de Injuve, fronte ao 17 % dos adultos. En contraste, existe un amplo consenso na comunidade educativa sobre as carencias da educación ambiental no noso país (e en moitos outros), así como sobre a súa importancia.

Segundo o estudo *La educación ambiental en el entorno familiar* realizado dentro do proxecto educativo ambiental de Ecoembes Naturaliza, o 72,7 % dos pais e nais considera clave que se imparta educación ambiental cando escolle centro educativo para os seus fillos, e a maioría opina que aprender valores ambientais contribúe á mellora da formación xeral e ás capacidades, especialmente dos máis pequenos.

O informe da UNESCO '*Aprender polo planeta*', que analiza os plans educativos e marcos curriculares de arredor de 50 países, constata que máis da metade non fai referencia ao cambio climático e só o 19 % menciona a biodiversidade, polo que fixa como obxectivo facer da educación ambiental un compoñente esencial dos plans de estudio de todos os países no ano 2025. En España a nova Lei educativa (LOMLOE), aprobada en decembro de 2020 e que dota de máis



autonomía ás CC.AA e centros de estudo, afirma que o sistema educativo "non pode ser alleo aos desafíos que implica o cambio climático do planeta, os centros docentes han de converterse nun lugar de custodia e coidado do noso medio ambiente".

Despois de que a LOMCE, aprobada en solitario polo PP en 2013, impuxese un retroceso no eido da educación ambiental, o MITECO está poñendo en marcha un Plan de acción de educación ambiental para a sostibilidade (PAEAS), que recolle algúns pasos para impulsar a educación ambiental dentro dos colexios, con seis eixos operativos e 61 accións clave a desenvolver por parte da Administración xeral do Estado.

Finalmente, o informe da Unesco *Educación para os obxectivos do desenvolvemento sostible*, considera que son necesarias “experiencias directas” que afecten no emocional ao alumnado, sinalando que “as competencias non se poden ensinar, senón que os alumnos adquirenas con acción, experiencia e reflexión” e avoga por que o estudantado sexa capaz de crear en grupo “accións innovadoras” que fomenten a sostibilidade a escala local. Nese sentido, son múltiples as experiencias de apadriñamento ou adopción de ecosistemas que se teñen desenvolto con éxito en centros educativos de todo o mundo.

Mentres tanto, o Goberno de Galicia límitase a fachendear da súa adhesión ao proxecto europeo *Life Evergreen with Volunteers* (LEWO), que promove tarefas de voluntariado ambiental, obviando que a educación ambiental está practicamente ausente dos currículos dos centros docentes de Galicia.

Por iso, os deputados que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia a implantar con carácter transversal a educación ambiental nos plans de estudo dos diferentes centros educativos de Galicia para afrontar as carencias actuais nesa materia dentro da autonomía que lle outorga a LOMLOE?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que a educación ambiental debe ser unha parte fundamental do sistema educativo no século XXI?

3ª) Vai a Xunta de Galicia a implantar nos centros educativos de Galicia actividades de educación ambiental que impliquen contacto e aprendizaxe directos na natureza?

Pazo do Parlamento, 30 de decembro de 2021





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/12/2021 10:00:00
Nº Rexistro: 26934
Data envío: 30/12/2021 16:47:41.462

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 30/12/2021 11:13:11

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 30/12/2021 11:13:24



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

